



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 67

**Sesión plenaria**  
26 de xaneiro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (continuación)

---

### **Punto 3. Proposicións non de lei**

#### **3.1 16686 (11/PNP-001627)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

#### **3.2 22234 (11/PNP-002015)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

#### **3.3 25826 (11/PNP-002334)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o incremento de casos de covid-19 nos centros educativos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 239, do 10.12.2021

#### **3.4 26163 (11/PNP-002371)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún

Publicación da iniciativa, BOPG nº 246, do 22.12.2021

#### **3.5 26596 (11/PNP-002394)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



**3.6 26944 (11/PNP-002408)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 255, do 12.01.2022

**Punto 4. Interpelacións****4.1 11407 (11/INT-000660)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 101, do 24.02.2021

**4.2 21993 (11/INT-001173)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 202, do 22.09.2021

**4.3 26939 (11/INT-001386)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 28058 (11/POPX-000053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o destino dos fondos europeos recibidos pola nosa Comunidade Autónoma en materia de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

**5.2 28063 (11/POPX-000054)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que ten previsto adoptar para reforzar a atención primaria tendo en conta a súa situación de colapso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022



## Punto 6. Preguntas ao Goberno

### 6.1 26306 (11/POP-003657)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a recuperación para o público do convento de Santa Clara, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

### 6.2 27093 (11/POP-003891)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as irregularidades detectadas pola Xunta de Galicia na documentación presentada pola empresa no parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

### 6.3 28032 (11/PUP-000227)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento da industria e da enerxía eólica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

### 6.4 26876 (11/POP-003837)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anteproxecto da futura lei de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

### 6.5 26923 (11/POP-003855)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

### 6.6 28033 (11/PUP-000228)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Balseiro Orol, José Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

### 6.7 27149 (11/POP-003922)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gallego Sanromán, María Leticia e catro deputados/as máis**

Sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto dos catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo aos que se lles acaba de restrinxir a actividade das unidades de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



**6.8 28008 (11/PUP-000225)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

**6.9 27085 (11/POP-003887)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

*Antes de entrar na orde do día, o señor presidente deséxalle sorte ao novo portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez, e agradece o traballo do señor Caballero Miguez, portavoz deste grupo ata o de agora. De igual maneira, expresa os mesmos desexos e agradecementos no cambio de vicesecretarios e vicesecretarias. (Páx. 11.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o destino dos fondos europeos recibidos pola nosa Comunidade Autónoma en materia de emprego. (Punto quinto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 11.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 12.)*

*Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 14.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que ten previsto adoptar para reforzar a atención primaria tendo en conta a súa situación de colapso. (Punto quinto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 17.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 19.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 20.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 22.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Candia López (P). (Páx. 24.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 27.) e Sr. Castro García (BNG). (Páx. 30.)*

*A señora Candia López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 34.)*



### ***Votación das proposicións non de lei***

*A señora Carreira Pazos (BNG) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por separado do punto 2 e dos puntos 1 e 3 da proposición non de lei presentada polo señor Torrado Quintela (S) e pola señora Ortega Otero (S). (Páx. 36.)*

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria: *rexeitado por 14 votos a favor, 60 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 36.)*

Votación dos puntos 1 e 3 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria: *rexeitados por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 37.)*

*O señor presidente le o texto transaccionado da seguinte proposición que se vai someter a votación. (Páx. 37.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 37.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o incremento de casos de covid-19 nos centros educativos: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 38.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 38.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereza Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 38.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao: *aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións. (Páx. 39.)*



### ***Declaración institucional***

*O señor presidente dá lectura e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional en relación co Día de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto. A declaración apróbase por asentimento. (Páx. 39.)*

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Modelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 40.)*

*Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 43.)*

*Réplica do autor: Sr. Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 46.)*

*Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López). (Páx. 48.)*

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 49.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 53.)*

*Réplica do autor: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 56.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 58.)*

### ***Alteración da orde do día***

*A señora presidenta (Prado Cores) comunica a anticipación na orde do día dunha pregunta ao Goberno. (Páx. 60.)*

### **Pregunta de D<sup>a</sup> María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte do Goberno galego do anteproxecto da futura lei de venda. (Punto sexto da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 60.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 62.)*

*Réplica da autora: Sra. Freire Vázquez (P). (Páx. 63.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 63.)*





**Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 65.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 68.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 73.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente (Calvo Pouso) lémbrale á Cámara o aprazamento da primeira das preguntas ao Goberno da orde do día.* (Páx. 74.)

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as irregularidades detectadas pola Xunta de Galicia na documentación presentada pola empresa no parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 77.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento da industria e da enerxía eólica.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 82.)

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 84.)



Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 86.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto dos catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo aos que se lles acaba de restrinxir a actividade das unidades de atención primaria.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 87.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 89.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 90.)

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 91.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 92.)

Réplica do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 94.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 99.)

*Remata a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, que é de preguntas para a resposta oral do presidente.

E antes de darlle a palabra ao portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, ao señor Álvarez Martínez, quixera, primeiro, desexarlle sorte, ¿como non?, ao tempo que tamén me gustaría agradecer o traballo de don Gonzalo Caballero como portavoz que foi ata este momento do Grupo Parlamentario Socialista, así como aos vicesecretarios e vicesecretarias novas e aos que exerceron tamén durante este tempo como vicesecretarios e vicesecretarias.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o destino dos fondos europeos recibidos pola nosa Comunidade Autónoma en materia de emprego**

**O señor PRESIDENTE:** E agora si, sen máis xa, ten a palabra polo Grupo Parlamentario Socialista don Luis Manuel Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Agradézolle sinceramente as súas palabras. Evidentemente, en primeiro lugar, as dirixidas ao deputado e profesor Gonzalo Caballero na súa tarefa como exvoceiro parlamentario, e tamén no que á miña persoa se refire.

Señor presidente da Xunta de Galicia, moi bo día.

Estou absolutamente convencido de que, se eu digo «execución, control e transparencia», vos-  
tede vai estar absolutamente de acordo en que esas son as liñas básicas que deben guiar calquera  
execución orzamentaria en calquera administración pública. Pero no ano 2020 a execución de  
fondos por parte da Xunta de Galicia en materia de emprego foi inferior ao 50 % —en partidas  
como fondos para formación profesional de desempregados e melloras para a cualificación para  
o emprego, un escandaloso 2 %—. A aposta do Partido Popular pola formación profesional queda  
en evidencia coa votación no Congreso dos Deputados da nova Lei de formación profesional, na  
que o Partido Popular foi o único grupo do arco parlamentario no Congreso dos Deputados que  
votou en contra. Esa é a aposta deste partido pola formación profesional. *(Aplausos.)* Esta, señor  
presidente, é a lamentable gráfica da execución dos fondos aos que estou a facer referencia. *(O  
señor orador, Álvarez Martínez, amosa unha gráfica desde o escano.)*

Entendo que vostede non discutirá estes datos, porque ultimamente asistimos a un intere-  
santísimo debate seguramente desde o punto de vista intelectual, pero preocupante desde o  
punto de vista da xestión, no que parece que os orzamentos e a súa execución son postos en  
cuestión por parte do Partido Popular. Non é menos certo que nese mesmo programa vos-  
tedes reduciron un 40 % da dotación orzamentaria con respecto aos orzamentos do ano 2021.  
Esta, señor presidente, é a súa aposta.



O problema é que a falla de execución dos fondos de emprego tradúcese en máis precariedade e máis temporalidade. E aquí, señor presidente, encóntrase vostede ante un muro. E é que é o responsable único desa falla de execución e non atopa un responsable externo —algo que o tranquiliza particularmente—. Trasladan vostedes permanentemente que son pioneiros en todo, pero a realidade é que máis ben non o son. Exixen ao Goberno do Estado algo que vostedes non cumpren, e a xestión por parte do Goberno do Estado ten o aval da Unión Europea. E iso é así porque se trata dunha xestión planificada, solvente e rigorosa. *(Aplausos.)*

Miren, titulares de prensa: «Bruselas desoye las quejas del PP sobre el reparto de fondos europeos», «Segundo varapalo de Bruselas al Partido Popular por los fondos europeos», «Bruselas recuerda al PP de Casado que España recibe fondos de recuperación porque los objetivos se cumplen», «El exministro Montoro afea al PP que no celebre los fondos europeos y los convierta en un enfrentamiento político».

A xestión dos fondos europeos por parte do Goberno do Estado —como dicía— é rigorosa, solvente e planificada. E falan vostedes, señor presidente, de repartición discrecional. E é a Xunta de Galicia a que realiza unha repartición discrecional de fondos públicos sen concorrencia competitiva; por exemplo, na indecente repartición de convenios por parte de Augas de Galicia, entre outros, que benefician sistematicamente a concellos do Partido Popular. E están sementando dúbidas sobre a xestión do Goberno central respecto dos fondos europeos. Pero sabe vostede, señor presidente, que están sos nesa estratexia de desgaste.

Señor Feijóo, vostedes non teñen necesidade de facer esa política de seguidismo dun Partido Popular cada vez máis radicalizado. Se teñen dúbidas, señor presidente, sobre a xestión dos fondos europeos, convídoos a que recorra á web habilitada para tal fin polo Goberno de España...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...para dar conta da territorialización deses fondos.

Por certo, ¿onde renden vostedes contas con esa transparencia de como xestionan os fondos? Dos 681 millóns que recibiu Galicia, hai 46 millóns de euros destinados a políticas públicas de emprego, dos que 38 son para servizos e programas de políticas activas de emprego. Así que, señor presidente, ¿como van vostedes con este histórico que lle acabo de mostrar ser capaces de xestionar de forma eficiente estes fondos europeos —co histórico, como lle dicía, de falla de execución? ¿Como vai convencernos? ¿Como vai facer para garantir que os fondos que está a recibir a Comunidade Autónoma de Galicia van ser destinados aos fins para os que foron concibidos para executar pola nosa comunidade?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.



Señoría, únome á felicitación do presidente do Parlamento en relación coa súa designación, señor Álvarez, como portavoz do Grupo Parlamentario Socialista. E, por suposto, saúdo o traballo feito polo deputado señor Caballero tanto na súa faceta de candidato á presidencia da Xunta de Galicia como de portavoz do seu grupo durante os últimos tempos.

Certamente, señoría, creo que é bo falar en serio dos temas serios. E creo que é bo tamén de vez en cando cambiar a estratexia — polo menos, eu propóño dende o principio—. Non é bo estar insistindo na defensa a ultranza do que faga o Goberno central, sexa dun partido ou doutro. Cando o Goberno central toma decisións que prexudican a Galicia, este Parlamento ten que reflectilas e ten que poñelas á disposición da sociedade galega para intentar corri-xilas. E insistir e persistir en que todo o que faga o Goberno socialista en Madrid está ben feito e o que fai a Xunta está mal feito é simplemente un exercicio melancólico que leva simplemente a estar na oposición.

Pero, señor Álvarez, vostede preguntame sobre a execución. A min gústame moito a execución, o control e a transparencia, efectivamente. Os fondos de emprego no ano 2020 na Comunidade Autónoma están comprometidos no 84 % do orzamento, e no ano 2021 levamos o 78,4 % comprometido antes de pechar o exercicio. Debería de revisar os datos, señoría.

En relación coa pregunta que vostede me formula, sorpréndeme moito que lle pareza mal ao Partido Socialista, ao Grupo Parlamentario Socialista, que este goberno lle pida explicacións da repartición dos fondos europeos en materia de emprego ao Goberno de España. ¿É que acaso non merecemos unha explicación cando hai dúbidas? ¿É que acaso pedir unha explicación é ir contra os intereses de Galicia? Señor Álvarez, ¿de verdade que vostede cre que por pedir unha explicación sobre a repartición dos fondos, sexan de emprego ou de calquera outra consideración, se están furtando e minusvalorando os intereses de Galicia? ¿Ou será ao contrario?

Señor Álvarez, mire, hai 1.141 millóns de euros de fondos europeos en materia de políticas activas. Deses 1.141 millóns de euros dos que por sentenzas constitucionais lles corresponde a súa execución ás comunidades autónomas o goberno de Sánchez queda para si con 454 millóns de euros. É dicir, o 40 % dos fondos que lles corresponden ás comunidades autónomas o Goberno de España paralizaos e bloquéaos para si. Esa é a primeira pregunta sobre a que me gustaría que vostede —se é que ten algunha información— me diga por que esta vez o Goberno de España queda co 40 % dos fondos de políticas de emprego.

A segunda cuestión é: ¿que vai facer con estes 450 millóns de euros que lles corresponden ás comunidades autónomas? Vimos que acaba de entregar 9 millóns de euros destes 450 fóra da Conferencia Sectorial a catro comunidades autónomas con conselleiro ou conselleira socialista no ámbito do emprego. Nin coñecemos cales son as razóns nin cales son os criterios nin por que isto se furtou da Conferencia Sectorial.

Polo tanto, señoría, do que estamos a falar aquí é de aclaracións a Galicia —que creo que son imprescindibles— de por que o Goberno central retén para si o 45 % dos fondos europeos e de por que, deses 450 millóns que retén, empeza a repartilos de forma absolutamente discrecional.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Non lle parece, señoría, que isto merece unha explicación?

Nós notificamos ao Goberno de España en decembro, sen facer ningún tipo de ruído, a solicitude dunha aclaración formal. Non facemos seguidismo de ninguén, señor Álvarez, salvo dos intereses dos galegos. Gustaríame, señor Álvarez, que vostede non fixese seguidismo do Goberno central, senón dos intereses dos galegos. Aí poderíamos encontrarnos. No que non van calar a este goberno nin ao grupo maioritario é en defender os intereses de Galicia, coinciden ou non cos intereses do seu partido.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Réplica do señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente do Parlamento.

Señor presidente da Xunta de Galicia, ¿de que se me acusa? Non estou facendo ningún tipo de seguidismo do Goberno central, que evidentemente non só a opinión pública senón a Unión Europea avala en canto á súa xestión, mal que lles pese. Estou a facer unha proposta de explicación de que se nos garanta como van vostedes executar dunha forma solvente, coherente, transparente e eficaz os fondos que van recibir, porque, señor presidente, se eu tivese que confiar a xestión a un colectivo que acredita de forma histórica que non é quen de xestionar os fondos que recibe, estaría fondamente preocupado. Pero esa preocupación parece ser que vostede non a comparte.

Insisto, na defensa dos intereses das galegas e dos galegos, na defensa dos intereses, en definitiva, desta comunidade autónoma, van ternos vostede e o seu goberno sempre ao seu lado, non lle caiba dúbida. Se temos que facer unha demanda ao Goberno central porque consideramos que é xusta para os intereses de Galicia, imos facela. E, se é preciso, imos poñernos ao seu lado. Pero, señor presidente, demostre que merece esa confianza que lle estamos a ofrecer. (*Aplausos.*) E demóstrea simplemente sendo un xestor, xa non lle digo tan solvente como aparenta ser permanentemente nas súas declaracións, nas súas e nas dos seus gobernos, nas que é o goberno pioneiro en todo o Estado en calquera ámbito. De feito eu ata chego a pensar en ocasións que, en vez de Partido Popular, o «p» de popular é «p» de pioneiro. Sería o «Partido Pioneiro». Pero creo que a realidade acredita que iso non é certo.

Señor presidente, de verdade, os fondos europeos son unha oportunidade histórica. Non son cuestión, por moito que vostede así o intente converter, nin de siglas nin de partidos. É unha cuestión de país. E sabe vostede perfectamente que Galicia recibiu 681 millóns dos fondos europeos, o que a converte na sexta comunidade autónoma, en termos absolutos, que máis fondos recibiu. Catro das seis comunidades autónomas que máis fondos recibiron están gobernadas polo Partido Popular. E fala vostede de sectarismo na repartición. ¿Como é posible?





Non hai a máis mínima concordancia entre as súas declaracións e a realidade das cifras, que son así de contundentes.

Señor Feijóo, o que lle pedimos, en definitiva, son garantías por parte do Goberno da Xunta para que eses fondos que chegaron a Galicia se empreguen de xeito obxectivo, transparente e baixo estrito control parlamentario. Porque o obxectivo deses fondos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...—remato, señor presidente— é solucionar os problemas das galegas e dos galegos.

Deixemos de falar de cacicadas, deixemos de pedir obxectividade de forma solemne. E remato xa. ¿Esta, señor presidente, é a repartición de fondos en función da cor do goberno municipal que fai a Xunta de Galicia? *(O señor Álvarez Martínez amosa unha gráfica.)* ¿Vostede considera que isto é unha cacicada?

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez.

Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** A verdade, señor Álvarez, é que non me importa que vostede considere que o «p» do Partido Popular é de «pioneiro», en ningún caso. Efectivamente, fomos os pioneiros en solicitar o que lle correspondía a Galicia na débeda do IVE. Dende esas bancadas dicíase que faciamos un teatrillo, que realmente o Goberno de España non lle debía nada á Comunidade Autónoma de Galicia. Intentamos negociar de forma constante e continua. A resposta foi de soberbia permanente. Tivemos que denunciar o noso goberno, o Goberno de España. E tivo que vir o Tribunal Supremo a dicir que efectivamente nos debían máis de 210 millóns de euros, mentres vostedes nos dicían que non eramos leais. Nós si fomos leais a Galicia. *(Aplausos.)* Por iso somos pioneiros, señoría, por defender os intereses da comunidade autónoma. Agora ben, se a vostede lle parece que un 84 % de execución presupostaria é unha execución baixa, debería vostede revisar a execución presupostaria, por exemplo, da Deputación da Coruña ou da Deputación de Lugo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Debería revisalas.

Pero o que si é sorprendente, señoría, é que volva outra vez insistir nos fondos do emprego, cando recibimos 73 millóns e o 58 % destes 73 millóns, que recibimos a finais do ano 2021, están en execución por expedientes anticipados de gasto. É dicir, sacamos no ano 2021 expedientes anticipados de gasto que estaban contra o presuposto do ano 2022, antes de aprobar o Parlamento este presuposto. Por tanto, exactamente, señoría, debería vostede de ver toda a execución de fondos das comunidades autónomas e comprobar como Galicia volve estar dentro das comunidades pioneiras na execución dos fondos europeos.



Mire, teño aquí o capítulo, por exemplo, da Deputación da Coruña. No ano 2016 a Deputación da Coruña executou o 38 % do presuposto total, o 38 %; no ano 2017, o 43 %; no ano 2018, o 37 %; no ano 2019, o 40 %; e no ano 2020, o 40,8 %. ¿De verdade que vostede vén aquí a pedir explicacións de execución de fondos cando nin son capaces de executar un presuposto dunha deputación, señoría? (*Aplausos.*) ¡Un pouco de respecto á realidade, señoría! En fin... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se preocupe que temos a execución de fondos do resto das deputacións. Cando queira falamos diso. (*Murmurios.*) Si, incluída a de Lugo.

Pero vén aquí a dicir que non se fai seguidismo do Goberno de España, que estamos pedindo o que non nos corresponde e que ademais non executamos. Eu pídlle simplemente que consulte máis medios de comunicación, señoría. Sobre que Europa está moi contenta con España cos fondos europeos..., ¡home!, ler un medio de comunicación é unha falta de respecto á pluralidade de medios de comunicación en España. (*Murmurios.*) Pero, en fin, vostede siga lendo un medio de comunicación para que non se entere do que ocorre no país. Pero dicir que non vén facer seguidismo, ¡home!, é unha cousa sorprendente. ¿De verdade que considera oportuno que o 40 % dos fondos que nos corresponden ás comunidades autónomas en emprego os xestione directamente o Goberno de España e vaia distinguindo os amigos para darlles os fondos sen concorrencia e fóra da Conferencia Sectorial? ¿Iso vano vostedes denunciar?

Si, o outro día vin que vostedes invitaron a Ferrol a ministra de Fomento. ¡Sorprendente! ¿E sabe de que falaron en Ferrol? ¿Verdade que non falaron do tren de alta velocidade, señoría? ¡E iso que vostedes non fan seguidismo do Goberno de España! É lamentable, é lamentable que unha ministra dun goberno de España acuda a Ferrol e o Partido Socialista non fale nin un segundo do tren de alta velocidade a Ferrol.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Iso non é seguidismo, señoría, iso é simplemente facer o ridículo na defensa dos intereses do país.

Señor Álvarez, mire, se vostede vai defender os intereses de Galicia imos encontrarnos moitas veces no acordo, no diálogo e no consenso. Se vostede vén aquí dicir unha cousa e a contraria, vai haber máis dificultades. Agora ben, se o PSOE renuncia a acompañarnos na defensa de Galicia e o BNG segue de socio permanente co Partido Socialista de Galicia, comprenderá que o Partido Popular de Galicia e a Xunta de Galicia son máis necesarios ca nunca na defensa dos intereses de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que ten previsto adoptar para reforzar a atención primaria tendo en conta a súa situación de colapso**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.





**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, se mo permiten, quería sumarme aos parabéns polo nomeamento do señor Álvarez e tamén ao recoñecemento ao labor que leva feito neste caso o señor Caballero como portavoz do Partido Socialista nesta Cámara.

E indo xa á pregunta, señor Feijóo, hoxe, antes de subir a este pleno, busquei en Google «deterioración da sanidade na Galiza». Non sei se sabe cal foi o resultado. En 0,66 segundos saíron 1.070.000 noticias que falan da deterioración da sanidade pública que vive este país de norte a sur e en todos os ámbitos sanitarios. (*Aplausos.*)

En todo caso, convén dicir que esa deterioración da sanidade pública non é froito dunha casualidade. Isto responde á súa folla de ruta ideolóxica, que consiste en recortar e privatizar na sanidade pública para beneficiar a sanidade privada. E isto non só o denuncia o BNG, que tamén. Voulle ler unhas declaracións: «*La gestión de la sanidad adolece de unas rigideces propias de una oficina administrativa. En todo lo que no sea el núcleo duro del sistema sanitario se puede experimentar con instrumentos de gestión privada*». Non sei se sabe de quen son estas declaracións, señor Feijóo. ¿Non lle soan? ¿Non? Voullou recordar e refrescarlle a memoria. O 21 de maio de 2012 —almorzo informativo en Madrid— vostede deixa este titular: «Feijóo abre a porta a privatizar no que non sexa o núcleo duro da sanidade e propón experimentar coa presenza do sector privado no resto do sistema». ¡Vaia se experimentou, señor Feijóo! (*Aplausos.*) E eses experimentos estanos pagando a cidadanía deste país coa súa saúde.

E espero que non lle pareza unha falta de respecto que recorra á hemeroteca para dar conta do que leva pasado. Fíxese: «Doentes de urxencias esperan setenta e dúas horas sentados». Este podería ser un titular de onte mesmo. Pero non, é un titular do ano 2012. E así poderíamos seguir en 2013, en 2014 ou en 2015. Fíxense: «Xestionan mal a sanidade e agora pretenden privatizala», «Esperas de varios días para lograr cita en primaria», «Manifestacións contra o peche de servizos e a deterioración da atención primaria». E así chegamos a 2018: «Dimisión en bloque dos xefes de servizo dos centros de saúde de Vigo. Denuncian unha situación insostible, con listas de espera inaceptables e condicións de traballo deplorables». Voulle repetir os adxectivos que utilizan os profesionais: «insostible», «inaceptable», «deplorable»... En 2019: «Miles de galegos claman contra a privatización do sistema sanitario e a falta de medios».

Despois disto, señor Feijóo, veu unha pandemia que nos está deixando unha situación crítica. E permítame dicirlle como sintetizan os profesionais esta situación: «Atención primaria desbordada, estannos escapando outras doenzas» —son declaracións de xaneiro de 2022—.

E, por todo isto, pregúntolle, señor Feijóo, que pensa facer ante o colapso da atención primaria. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.



**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Eu propóñolle, señora Pontón, que cando consulte en Google poña a palabra «Galicia», que lle van saír moitísimas máis acepcións que se pon a palabra «Galiza», porque Galiza non é o nome de Galicia. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) En todo caso, señoría, se o BNG tamén está contra a Real Academia, non pasa nada, non pasa absolutamente nada. (*Risos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que é importante polo menos poñerse de acordo en como se chama o país. Vostedes non se poñen de acordo con ninguén, pero ese é un problema seu, non é un problema noso. Nós defendemos Galicia.

Señoría, fálame vostede do ano 2012, do ano 2019. No ano 2012 houbo eleccións, despois do 2019 tamén houbo eleccións. Parece que as súas verbas non teñen moito interese nas urnas, porque os galegos somos bastante máis intelixentes do que vostede cre. Mire, neste momento hai 6.400 persoas máis traballando no Servizo Galego de Saúde que cando gobernaban vostedes. E hai, pois, un 26 % máis de presuposto que cando gobernaban vostedes. Neste momento as patoloxías graves esperan quince días, e cando gobernaban vostedes esperaban meses. E neste momento, a pesar da pandemia, vostede debería sentirse orgullosa de Galicia. Primeiro, porque somos a comunidade autónoma con menor mortalidade peninsular durante dous anos de pandemia. Segundo, porque somos a primeira comunidade autónoma en poboación vacinada dende que saíron as vacinas. E, terceiro, señoría, porque fomos a comunidade autónoma con menos ocupación hospitalaria en planta e en UCI durante todos os meses de forma continuada. (*Aplausos.*) Polo tanto, o Servizo Galego de Saúde está respondendo, está traballando e ten un servizo de saúde potente.

Pero, señoría, efectivamente, levamos dous anos de pandemia e moitas cousas cambiaron. Condicionou toda a economía do mundo e cambiaron moitísimas cousas, salvo o BNG. O BNG non cambia de discurso con pandemia, con pre-pandemia, en plena pandemia ou en pospandemia. Xa sabemos o discurso do BNG: a privatización e que faltan 200 millóns de euros en primaria. Vale, pois sigan vostedes. Eu xa viña por aquí como alto cargo da Consellería de Sanidade no ano 1990 e dicían o mesmo. No século XX a proposta do BNG era igual que a do século XXI, e seguirá así mentres o BNG non se extinga. (*Murmurios.*) Pero deberíamos adaptar as propostas do BNG á realidade, e a realidade, señoría, é que estamos en plena pandemia e levamos denunciando dende hai anos que faltan médicos, que faltan médicos de atención primaria, que faltan pediatras de atención primaria. Empezamos a detectalo no ano 2018 e fixemos unha comisión de atención primaria no ano 2019. Pero nunca escoitei ao BNG dicir que faltaban médicos, salvo que faltaban millóns, coma se os millóns se convertesen en médicos.

Señora Pontón, mire, deixe de pedir os 200 millóns de euros que xa temos en atención primaria e pida 200 médicos máis, que é o que pedimos nós. Agora si, para pedir 200 médicos máis teñen vostedes que discutir cos seus socios. E vostedes non lles van pedir aos seus socios nin van discutir con eles, nin van detectar a responsabilidade do Partido Socialista — os seus socios —, porque igual o BNG queda sen 200 cargos políticos. (*Aplausos.*) E vostedes prefiren os 200 cargos políticos que os 200 médicos. (*Aplausos.*)

Polo tanto, señoría, nós seguimos reiterando que o que se está facendo co Sistema Nacional de Saúde é un acto de enorme irresponsabilidade: nin MIR extraordinario, nin especialidade de médicos de familia e médicos de urxencias, nin ofertas públicas de emprego adicionais, nin incrementar os sistemas de formación MIR. ¿Que quere que fagamos, señoría?



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Somos a comunidade autónoma cos mellores datos de vacinación de Europa. Síntome orgulloso do Servizo Galego de Saúde. ¿Temos problemas de saturación de atención primaria? Si, con 6.000, 7.000, 8.000, 9.000 ou 10.000 baixas diarias dígame vostede que sistema non ten un problema de saturación. Dígame cal é o modelo do BNG, señoría.

O que si dicimos é que en Galicia a pandemia se xestionou, polos profesionais sanitarios e pola responsabilidade dos galegos, moito mellor que no resto da inmensa maioría das rexións europeas. E por iso imos seguir.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Dicíao onte o conselleiro: médicos xubilados e médicos sen especialidade que queiran traballar para diminuír a carga burocrática e unha oferta pública de emprego, a primeira de España de médico especialista de atención primaria, con 106 prazas. Esta é a resposta de Galicia, a primeira de España, na aposta pola atención primaria.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica da señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, a verdade é que hoxe está vostede moi raro. Hai un problema e, en vez de botarlle a culpa a ninguén, puxo as solucións sobre a mesa. É, desde logo, unha novidade. *(Murmurios.)* ¡Que raro!, o señor Feijóo buscando culpables en vez de buscar solucións cando temos a sanidade pública deste país colapsada. *(Aplausos.)* *(Fortes murmurios.)* Si, e hai unha cousa que efectivamente non cambia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PONTÓN MONDELO:** Dá igual que sexa o século XIX, o século XX ou o século XXI, as propostas do PP son privatizar, privatizar e privatizar a sanidade pública para beneficiar a sanidade privada. *(Murmurios.)* Iso non cambia nunca, son as súas vellas receitas coas que continúan poñendo en risco a saúde deste país. *(Murmurios.)*

Porque, mire, o que non vai conseguir con toda a manipulación —nin retorcendo os datos— é facernos calar. Non vai impedir que denunciemos neste Parlamento a deterioración brutal que están producindo as súas políticas, porque vostede é «Feijóo o privatizador da sanidade», *(Murmurios.)* e un risco para a saúde dos galegos e das galegas.

Fáltalles ao respecto aos profesionais, señor Feijóo. Fáltalles ao respecto aos profesionais cando temos, por exemplo, unha enfermeira no hospital de Ourense á que en sesenta días



lle fan asinar 34 contratos. Estamos falando de 28 contratos dun día. Iso si que é faltarlles ao respecto aos profesionais. *(Aplausos.)* Vostede fáltalles ao respecto aos profesionais cando ten centros de saúde, de norte a sur deste país, con menos médicos e médicas dos que se necesitan. Falamos de situacións como a da Guarda, na que de oito médicas só teñen tres; ou a de Viveiro, onde de dez médicos só están cinco. E pregúntese e explíquenos, señor Feijóo, porque, se nos últimos cinco anos se formaron catrocentos médicos e médicas de atención primaria, só a metade entraron no sistema sanitario público. Será polas condicións de precariedade ás que vostede está conducindo o persoal, que fai que marche fóra deste país. *(Aplausos.)* E pídolle, señor Feijóo, que vaia no seu novo coche oficial presumir de datos ante as persoas que neste país, cando piden cita, teñen que esperar unha semana ou dúas semanas. Vaia xunta os doentes que teñen que esperar catorce días e dígalles que os datos son mellores ca nunca e que a sanidade non ten absolutamente ningún problema. Desde logo, fáltalles ao respecto aos profesionais e á cidadanía galega cando vostede ten a atención primaria cun investimento que nos sitúa á cola do Estado, o 12 %, que é xusto a metade do que recomentan todos os especialistas respecto do que necesita a atención primaria.

Mire, señor Feijóo, a vostede sóbralle soberbia e fáltanlle propostas. *(Murmurios.)* E agardo que hoxe, antes de saír pola porta deste Parlamento, anuncie un plan de mellora da atención primaria. *(Murmurios.)* Agardo que, antes de saír pola porta deste Parlamento..., *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...anuncie que se recuperan as xerencias de atención primaria..., *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que antes de saír pola porta deste Parlamento..., *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...anuncie que se vai poñer fin a esa precariedade que está expulsando tantos profesionais do sistema sanitario, porque vostede ten a responsabilidade.

Señor Feijóo, menos soberbia e máis propostas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta. Señor Presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, din os meus compañeiros —non levo a conta— que no mes de febreiro cumpre vostede dezaioito anos de deputada na Cámara, dezaioito anos sobre o mesmo, sobre a mesma pancarta, o mesmo discurso, e dá igual en pandemia que sen pandemia. *(Pronún-*



*cianse palabras que non se perciben.*) Señoría, ¿deixa algunha vez de mentirilles aos galegos en sanidade, polo menos durante un anaco de tempo? ¿Nin sequera durante a pandemia? ¿Vai vostede cambiar o seu discurso? ¿Nin sequera vai felicitar o Servizo Galego de Saúde pola xestión da pandemia? Critique o Goberno e felicite o Servizo Galego de Saúde, estamos acosados, señoría. Pero polo menos felicite o Servizo Galego de Saúde.

Mire, señoría, dicir que o problema que temos é un problema de privatización da sanidade é algo soez. O problema é que estamos nunha pandemia durante dous anos e o problema é que non temos médicos cada vez que un médico se pon enfermo, ou cada vez que un médico se xubila, ou cada vez que un médico pide as vacacións regulamentarias. E acompañar o Partido Popular —se non quere ao Partido Popular, a Galicia— nesta reivindicación xusta, razoable, é o que debería facer calquera partido chamado a si mesmo «nacionalista». É o mínimo que podería facer: traballar cos galegos para mellorar o número de médicos dispoñibles no país.

Vostede vén aquí outra vez deteriorar a imaxe do Servizo Galego de Saúde. Menos mal que o resto dos españois e o resto dos europeos saben perfectamente como se xestionou a pandemia. Se somos a primeira comunidade autónoma en vacinar, será porque se xestiona ben a vacinación, incluída a atención primaria. Se somos a primeira comunidade autónoma con menos ocupación hospitalaria en planta e en UCI, será porque facemos moitos tests para evitar que a pandemia se propague e evitar enfermidades graves nas UCI e nas plantas. Se somos a primeira comunidade autónoma, señoría, en mortalidade —que é o balance definitivo dunha pandemia—, será porque as cousas se fixeron mellor que no resto dos sitios.

Mire, señoría, ¿cal é o modelo do Bloque Nacionalista Galego na xestión da pandemia? ¿A que comunidade autónoma debemos mirar? ¿Vostedes revisan o que está ocorrendo nas comunidades autónomas? Mire, sacamos da atención primaria, para alixeirar os problemas da primaria durante a pandemia, 12 millóns de actos médicos, que fixemos a través de enfermería específica no tema da vacinación, en cribados específicos, en compromiso coas farmacias —só as farmacias distribuíron 1 millón de certificados covid—. Señoría, todos estiveron traballando: 5 millóns de probas diagnósticas fóra dos centros de saúde, ¡5 millóns de probas diagnósticas!, e 5.800.000 vacinas postas fóra dos centros de saúde. Señoría, ¿que é o que estamos facendo? Traballan na atención primaria 831 persoas máis agora que cando gobernaban vostedes, ¡831! —104 médicos, 378 enfermeiras, 369 en persoal sanitario e non sanitario nos centros de saúde—. Hai 90 centros de saúde reformados e construídos. Agora temos en carteira 51 centros de saúde novos durante esta lexislatura. No barómetro sanitario do Ministerio de Sanidade a valoración da sanidade pública galega é a máis alta da historia, con 6,78; en atención primaria, o servizo mellor valorado, con 7,46 —a media de España é 7,2—.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, señoría, acabo de anunciar, ademais, o dos oitenta e pico médicos xubilados. Mire como temos que estar que o Goberno de España autoriza contratar médicos xubilados —e a señora Pontón falando de privatización—. Mire como temos que estar que estamos pedindo dunha forma constante e continua un MIR extraordinario. E as responsables do BNG nunca nos acompañaron na proposta. ¿Por que? Porque prefiren ser socios do PSOE que criticar o PSOE.





**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** É algo curioso.

Pero volvo reiterarlló: 86 médicos xubilados, e acábanse de apuntar 150 médicos sen titulación para diminuír a burocratización da atención primaria. Miraremos todos os currículos para ver cantos é razoable contratar.

Acabo de propoñer —a primeira vez en España— ao Sistema Nacional de Saúde unha oferta de especialista de área de atención primaria, con 106 prazas de médico directamente desde a formación de médico de familia ao Sistema Galego de Saúde —unha oferta de emprego de 106 prazas—.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, dígame que é o que máis se pode facer. E, sobre todo, dígame unha cousa, señoría: ¿cal é o seu modelo? Lamento profundamente, señoría, que, entre apoiar a Galicia e o Servizo Galego de Saúde...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e enfadarse cos seus socios, sempre diga o mesmo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moito galega, moito galega, non, señoría.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moito socialismo, moito socialismo e moi pouca Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Máis nada e moitas grazas, señoría. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Continuamos coa orde do día. Neste caso continuamos coa última proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar un compromiso claro por parte da Xunta de Galicia, Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación da Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Ministerio de Transición Ecolóxica e do Reto Demográfico en todas as reunións da comisión de seguimento constituída tras o acordo acadado entre a empresa e os traballadores, como departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.
2. Que xunto co Goberno do Estado sigan traballando co mesmo espírito construtivo ao lado das traballadoras e traballadores e achegando os apoios necesarios.
3. Adoptar as medidas oportunas para considerar como iniciativas empresariais prioritarias os proxectos regulados na Lei 8/2009, de 22 de Decembro, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente, cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo, garantindo polo menos o 50% do consumo de enerxía, cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma galega e alto contido enerxético, vinculando estes proxectos ao centro de traballo do que se trate».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Daniel Castro García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

*Emenda de substitución.*

*Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1) Demandar un compromiso claro por parte do Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico en todas as reunións da comisión de seguimento constituída tras o acordo acadado entre a empresa e os traballadores, como departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.
- 2) Diseñar, coa maior das urxencias, un Plan de Industrialización e Emprego para a Mariña, consignando o orzamento necesario e calendarizando a totalidade do proceso no primeiro trimestre de 2022.



3) Demandar do Goberno Central que as Comunidades exportadoras de enerxía eléctrica teñan unha abaratamento nas peaxes de cara a favorecer a compensación do impacto social e medioambiental e ter un vector de competitividade económica.

4. Adoptar as medidas oportunas para corrixir as deficiencias na planificación enerxética de Galiza, singularmente no sector eólico, impulsando os cambios normativos necesarios para ordenar o sector, dar certeza xurídica, garantías de participación democrática e custodia medioambiental e favorecer as seguintes medidas:

a) a participación pública do sector como forma de regular o seu desenvolvemento e obter recursos económicos para reinvestir no desenvolvemento socioeconómico de Galiza.

b) o impulso de Plans de Desenvolvemento Industrial asociados ás novas instalacións nas que se terá en conta de forma singular a construción de compoñentes e subministrados no noso país, a vinculación a proxectos de xeración de valor engadido e o impulso de compromisos de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo a empresas galegas».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Moi bo día, presidente, e moitas grazas.

Señorías, o pasado 20 de xaneiro os medios de comunicación facíanse eco do que para a comarca da Mariña (*A señora Candia López amosa un documento.*), para a provincia de Lugo, para Galicia, pero tamén moi especialmente para España, entendo que era unha moi mala noticia: «España deja de fabricar aluminio. La multinacional completará hoy el apagado de las cubas de San Cibrao».

Probablemente o berro que máis se escoitou nas rúas de Xove, de San Cibrao, dos principais concellos da Mariña, da provincia, pero tamén doutras partes de Galicia e incluso de Madrid, era que as cubas non se paran. Era a liña vermella que todos entendiamos que marcaba un punto de non retorno, e hoxe esperemos que non sexa así, pero o certo é que as cubas si que pararon.

Hoxe traemos novamente unha iniciativa que seguramente —ou polo menos imos intentalo— teña o apoio de todos os grupos políticos desta Cámara, coa mesma coherencia coa que nos diriximos a todos os galegos e galegas cando analizamos esta situación, e xa polo ano 2019, cando Alcoa dixo alto e claro que non podía continuar fabricando aluminio primario en España porque o custo elevado da enerxía convertía esa fabricación absolutamente en non competitiva e que afectaba a súa viabilidade.

A cronoloxía dos feitos é un escenario certamente rocambolesco, que, como dicía onte cando analizabamos a situación do sector primario, se non faláramos de postos de traballo, se non faláramos da incerteza e da inseguridade que nestes momentos teñen moitas familias que coñecemos, ás que lles sabemos o nome, das que coñecemos os seus fillos, que apostaron polo noso territorio para seguir traballando, pois daría lugar, dende logo, a un debate político moi interesante. Pero nisto non se trata de debates políticos, trátase de decisións responsables que traballen pola continuidade dos postos de traballo en Galicia e en España.





A paralización da produción de aluminio primario na planta de Alcoa durante dous anos non é boa noticia para A Mariña de Lugo, como dicía, pero tampouco para España, e volve evidenciar a constatación máis negativa de que a política enerxética do Goberno de España é totalmente equivocada. Está xerando un desmantelamento —que non nolo podemos permitir— de postos de traballo e está afectando moi singularmente a nosa comunidade autónoma.

Nunha produción onde o custo de enerxía pode chegar ao 60 % do custo de produción, fabricar en España custa o dobre que en Francia; en Alemaña, o 42 % menos. Agora é o momento de que Alcoa e o Goberno de España se impliquen, de que esa reactivación das cubas se produza, e non hai por que esperar ao 2024. Hai que adoptar as medidas necesarias para que esa reactivación sexa da maneira máis inmediata.

O acordo que foi sometido a votación e que os propios representantes dos traballadores recoñeceron ser a opción menos mala —indubidablemente, todas as que había enriba da mesa non os satisfacían— ten un apartado moi claro no ámbito enerxético, tanto o documento que enviou Alcoa como o documento que o Comité informou, que paso, pola importancia do tema, a ler exactamente como está redactado: *(A señora Candia López amosa un documento, do que vai ler algún fragmento.)* «Alcoa trabaxará para alcanzar lo antes posible preacuerdos de subministro eléctrico para un período medio-largo prazo a partir del 2024 de al menos diez años, de forma que se pueda alcanzar un precio de la energía mínimamente competitivo para la planta. Se compartirá con la Comisión de Seguimiento la evolución de los avances al respecto y se compartirá con el Comité Europeo las condiciones de los preacuerdos en función de los requisitos de confidencialidad que se tengan con el/los suministradores.»

Igual que dicíamos no 2019, igual que dicíamos no 2020, igual que dicíamos no 2021 e igual que volvemos insistir no ano 2022: necesitamos un prezo da enerxía competitivo para que se siga fabricando aluminio primario en España; actividade, por certo, esencial declarada polo Goberno de España na época, como sabedes, do confinamento.

O Parlamento de Galicia —que hoxe somete isto a votación— insta a Xunta a demandar un compromiso claro por parte do Goberno de España e de Alcoa que garanta a reactivación da planta de San Cibrao canto antes, así como a participación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico —o Ministerio, ao que non sei que mal lle fixo Galicia, que, sen dúbida, tantas decisións prexudiciais está adoptando para a nosa comunidade autónoma—, para que asista a todas as reunións da Comisión de Seguimento —e puntualizo iso porque, como ben sabedes, estivo bastante ausente en todo este proceso, ou aplicando esa política da avestruz—; esa comisión de seguimento constituída tras o acordo acadado entre a empresa e os traballadores como o departamento responsable de establecer un marco enerxético competitivo que garanta o futuro da produción de aluminio primario.

No punto 2 —é o que sometemos a votación—: seguir traballando con ese espírito construtivo ao lado dos traballadores e achegando os apoios necesarios.

E o punto 3, señorías —tamén, sen dúbida, moi importante para poder cumprir o acordo asinado entre Alcoa e os traballadores—: adoptar as medidas oportunas para considerar como iniciativas empresariais prioritarias os proxectos regulados na Lei 8/2009, do 22 de



decembro, que contén con permiso de acceso e conexión firme e vixente, cuxos promotores subscriban un acordo directo da compra-venda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo, garantindo polo menos o 50 % do consumo da enerxía, cunha empresa con centro de traballo e con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma galega, vinculando estes proxectos ao centro de traballo determinado do que se trate.

Esta situación, á que non foi quen o Goberno de España de darlle unha solución dende o ano 2009, probablemente estea na crónica de máis mentiras e máis enganos. Hai aquí unha importante cronoloxía das veces que se prometeu a aprobar os estatutos. Cada vez que había unha cita electoral, convocaban os traballadores para dicirlles e garantirlles que lle darían unha solución a Alcoa coa aprobación do estatuto, e tiveron o estatuto escondido ata que non houbo máis remedio que ensinalo e sacalo á luz. E cando ensinaron o estatuto, déronse conta de que, sendo Galicia das principais comunidades autónomas con empresas electrointensivas, estaba no oitavo ou noveno lugar, e que todos eses recursos ían destinados a outras partes do territorio, cos que pactaron máis con interese político que non con protexer os postos de traballo da nosa comunidade autónoma. Este Parlamento posicionouse en repetidas ocasións reforzando e subscribindo a imprescindible aprobación das alegacións a eses estatutos, porque todos sabiamos que era un engano e que non daba unha solución a Alcoa. Aprobáronos os estatutos sen ter en conta ningunha das alegacións e aí, permítanme que llelo diga, que estamos para construír, indubidablemente; pero, para saber onde estamos, temos que saber de onde vimos e temos tamén que ter moi claro quen provocou esta situación.

Eu recordo no ano 2019 unha manifestación. A voceira do BNG, á que lle gusta tantísimo tirar de hemeroteca cando se trata de confrontar co presidente de todos os galegos, avisaba a Sánchez de que se quería o seu apoio e o seu voto tiña que dar unha solución para as electrointensivas. Aínda hoxe lle preguntei dúas ou tres veces cal era realmente o acordo ao que chegaron, e non tivo unha solución para as electrointensivas, pero si tivo o apoio do Bloque Nacionalista Galego, que, por certo, aínda practicamente llo volveu dar nos últimos orzamentos. Incumpriron claramente o acordo cos traballadores de Alcoa, e non foron capaces de votarlle en contra, simplemente lle fixeron algunhas críticas, adornando unha abstención.

Señorías, é o momento de mirar ao futuro, é o momento de garantirlles ás miles de familias que esperan a reactivación das cubas, que, efectivamente, vai haber un compromiso serio e un compromiso efectivo de que en España se poida producir aluminio primario para que teñamos un prezo da enerxía competitivo. Xa non valen os enganos. As cubas xa pararon. Xa non vale culpabilizar a Alcoa, xa non vale criminalizar a calquera, en vez de asumir a súa responsabilidade. A Mariña, Galicia e España xóganse moito con esta decisión. Éncheselles a boca pedindo plans de reindustrialización. E eu digo —e xa o repetín varias veces—: ¿non será máis doado conservar os postos de traballo que temos —sen inventar documentos, que o papel o aguanta todo— e non será moito máis fácil aprobar ese estatuto electrointensivo e darllo ao mecanismo de enerxía competitiva para a fabricación de aluminio privado e non enganar máis a xente? Non leva máis obxectivo que novamente conseguir un acordo unánime, pero, indubidablemente, o voto é o menos importante —porque o dicía, e así foi, poden ir vostedes á hemeroteca e saben que non minto—. Nas alegacións ao Estatuto todo o mundo nos apoiou. Todos os grupos con representación nesta Cámara votaron favorable-



mente, pero despois a realidade é que non fixeron absolutamente nada. Probablemente nos enganaron a todos; tamén os enganaron a vostedes.

Pero remato como empecei moitas das miñas intervencións. Neste tema todos temos a mesma preocupación, pero non todos temos a mesma responsabilidade, e neste caso creo que o Goberno de España é o único responsable para poder garantir ese mantemento dos postos de traballo na Mariña.

Agardo o apoio desta iniciativa. O Partido Socialista presentou unha emenda incluíndo a Xunta. Dáse por sentado, por suposto, que está. Apuntamos este ministerio porque non estaba ao principio, está no acordo dos traballadores, que mantemos, explicitamos e confirmamos —permítame, señor Álvarez, que lle diga que hoxe é normal que estea con moita enerxía, porque está empezando—, e demostrámolo.

Sempre remato as miñas intervencións agradecendo ese traballo responsable —dicíndolle a verdade á xente— e rigoroso do conselleiro de Industria. Díxenllo e mantéñollo: créame que moitos representantes do Partido Socialista, moitos dos traballadores, non poden ter moito valor a mirarlle á cara. Sei do que falo, porque, como lle dixen, son de alí e coñezo moitos deles.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

A verdade é que eu, cando empezou a señora Candia a falar, estaba de acordo con ela. Decía que o pasado día 20 de xaneiro na nosa comarca, na comarca da Mariña, se vivía un feito triste, como era esa parada das cubas, porque, de feito, os traballadores estiveron a loitar durante moitísimo tempo por que esas cubas non se pararan. Pero esas cubas, como dixo a señora Candia, pararon o pasado día 20 de xaneiro.

Eu pensei que esta iniciativa que hoxe o Partido Popular traía a esta Cámara viña cunha vontade totalmente construtiva, e bótoo en falta, porque así parecía na forma na que estaba formulada e na súa parte resolutiva; iso si, pedíndolle só ese compromiso ao Goberno central, e nomeadamente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, pero nada falaba da Xunta de Galicia, de que ten tamén responsabilidades de cara a esa posible rebrascaxe das cubas, e adianto tamén de que volva funcionar a produción de aluminio, porque así tamén o recoñecen vostedes co seu punto 3 da propia iniciativa. Pero algo ten que ver a Xunta de Galicia, algo pode facer con eses proxectos prioritarios, cos que nós concordamos e que imos apoiar.



É a iniciativa que hoxe trae o Partido Popular, pero botabamos un pouco en falta que tamén metera nese compromiso a Xunta de Galicia. E, nese senso —por se non a coñecen—, vai a nosa emenda.

Pedimos, dende logo, compromiso ao Goberno central para que, dende logo, vele polo cumprimento deses compromisos que se acadaron entre Alcoa e os traballadores, pero tamén lle pedimos á Xunta de Galicia que faga os seus deberes, que non eluda as súas responsabilidades, que tamén ten moito que dicir e moito que facer para que se poidan poñer a funcionar as cubas antes de xaneiro de 2024, que é o acordo que teñen adoptado.

Vostede falaba da cronoloxía dos feitos e dicía que o prezo da enerxía empezou a ser un problema para Alcoa en 2019. Non, señora Candia. Vostede, que é da Mariña coma min, sabe que o problema do prezo da enerxía para Alcoa vén dende hai moitísimo tempo. E o Partido Popular, cando estivo en Madrid, estivo a poñer parches, porque nunca puxo tampouco unha solución definitiva enriba da mesa que rematara con este problema. Éncheselles a boca de falar do Estatuto de electrointensivas, pero vostedes non foron quen de traballar e de aprobar ese Estatuto de electrointensivas. *(Aplausos.)*

Porque eu quero recoñecer, señora Candia, que, claro, que é que no ano 2012, vostedes xa dicían que ese problema ía estar resolto. E por aquel entón o ministro de Industria, o señor Soria, precisamente nas portas da factoría de Alcoa San Cibrao, dixo que o 1 de xaneiro de 2013 habería un sistema para garantir a competitividade de Alcoa polo menos no que afectaba os custos de enerxía eléctrica. Polo tanto, no ano 2012 xa había un problema cos custos da enerxía eléctrica para Alcoa.

Polo tanto, coincido con vostede en que non é o momento de mirar para atrás; en que é o momento de mirar cara ao futuro, en que é o momento de traballar todos e todas xuntas para darlle ese futuro á nosa comarca e, dende logo, para darlles esa esperanza de futuro aos traballadores, que por agora teñen dous anos garantidos os seus postos de traballo máis cinco anos de compromiso que adoptou Alcoa de que non se ía facer ningún expediente de regulación de emprego nese prazo dos cinco anos. E, froito dese acordo, quero recordar que tamén agora Alcoa vai poder optar a esas axudas —ás que non podía optar anteriormente— do Estatuto de electrointensivas e tamén a outras axudas que poden vir dos fondos Next Generation.

Eu boto un pouco en falta, señora Candia, que non dixera nada e que non respecten o acordo acadado lexitimamente polos traballadores; *(Aplausos.)* un acordo que quero dicir, que quero comentarlle, señora Candia, que foi reafirmado polo 70 % dos traballadores e das traballadoras. E por parte dalgún dirixente do Partido Popular criticouse ese acordo ao que chegaran os traballadores e Alcoa; un acordo que lles doeu, dende logo, aos traballadores e ás traballadoras porque tiveron que firmar ese cese da produción de aluminio, esa parada das cubas, polo que eles tanto levaban loitando.

Pero, dende logo, dende o Grupo Parlamentario Socialista, respecto absoluto pola decisión dos traballadores, que sabemos todo o que lles doeu firmar ese acordo. O punto no que estamos hoxe é un punto que é mellor que o punto de partida que tiñamos no ano 2019, que



era que eses traballadores quedaran na rúa e que se pechara a fábrica de Alcoa. Polo tanto, ¿o resultado final gústanos? Non, ninguén quería a parada das cubas, pero é o mellor; estamos nunha mellor posición que a situación de partida. O máis complicado —porque agora parece que dicía a señora Candia que non había que botar ningunha culpa a Alcoa— foi a actitude de Alcoa de non ser en ningún momento parte da solución. Pero, tras as decisións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén do propio Tribunal Supremo —que ratificaron a ilegalidade dese expediente de regulación de emprego—, e grazas ao esforzo dos traballadores, dos sindicatos, pero tamén das administracións, Xunta de Galicia e Goberno de España, foron quen de, con eses informes xurídicos, tamén tombar ese expediente de regulación de emprego.

Polo tanto, fíxose mudar o posicionamento de Alcoa, que non quería ser parte da solución, pero, cando se lle tombou o ERE, replantexou esta posibilidade e plantexou unha proposta que quero recordar que foi ratificada polos traballadores e polas traballadoras, cun 70 % dos votos a favor. Ese cese temporal de actividade de dous anos ten o compromiso de Alcoa de investir eses 103 millóns de dólares para garantir unha viabilidade futura, para garantir un crecemento da planta, para garantir tamén o que tanto pedían os traballadores: que se investise nesa planta que se estaba deixando morrer e un aval, que sabemos que hoxe en día está depositado. Pero eu creo que é obrigación de todas as partes e, nomeadamente, do Goberno central velar por que ese investimento se leve adiante. Dende logo, garantiuse o emprego na factoría de Alcoa, pero hai que velar tamén polo seu cumprimento, e tamén por un novo convenio con seis anos de vixencia.

Polo tanto, non estamos na situación que nos gustaba, pero é unha situación mellor —repite— que a do punto de partida, a do ano 2019, que presentaba un expediente de regulación de emprego e deixaba miles de traballadores na rúa. Polo tanto, agora teñen que traballar todas as administracións para garantir tamén iso que lía a señora Candia, que estaba recollido no acordo, que son eses acordos aos que ten que chegar Alcoa de subministración eléctrica que garantan un prezo competitivo, como aparentemente xa teñen medio negociado con dúas empresas.

Polo tanto, as administracións deben de traballar. Non sei por que a señora Candia quere escudar a responsabilidade da Xunta de Galicia, cando, nomeadamente —como lle dicía—, no terceiro punto da súa proposta, falan de axilizar e de darlles para adiante a eses proxectos prioritarios que despois poidan garantir que Alcoa —aquí non se fala só de Alcoa nese terceiro punto— e outras empresas poidan firmar esas subministracións de compravenda de enerxía a longo prazo a un prezo competitivo, que estamos a coñecer como o que son as PPA. Polo tanto, aí hai trámites que ten que autorizar e que ten que vixiar o Goberno central, pero tamén hai trámites que ten que autorizar e que ten que vixiar a propia Xunta de Galicia, e así o recordaban o outro día os traballadores antes de entrar na segunda Mesa de seguimento dese acordo. Eles querían coñecer a cronoloxía e como ían eses procedementos para poder autorizar estes procesos prioritarios dos que fala o Partido Popular na súa iniciativa, pero aí ten que ver tanto a Xunta de Galicia como o Goberno central.

Pola nosa parte, entendemos que, agora que hai ese acordo, o que hai que facer é vixiar que non quede nun papel mollado, que se cumpra, que se garantan eses postos de traballo, e,





dende logo, que Alcoa faga todo o posible para conseguir eses contratos de subministración de enerxía a longo prazo a un prezo competitivo, dende logo, con axudas por parte das distintas administracións. É certo que o Goberno central xa lles dixo que agora podían volver optar a eses fondos do Estatuto de electrointensivas, que coincido, señora Candia, que non é suficiente, que hai que poñer outros mecanismos enriba da mesa. Pero é certo que tamén poden optar aos novos fondos europeos e aos fondos do Plan de recuperación, tamén ao Fondo do investimento privado, así como ao fondo que garante avais públicos para eses contratos bilaterais para pechar esas PPA das que falaba anteriormente.

Polo tanto, mostro respecto absoluto á decisión que adoptaron os traballadores. Agora, as administracións teñen que velar para que ese compromiso non quede nun papel mollado e para que Alcoa realmente faga todo ao que se comprometeu.

Pola nosa parte, dende logo, imos apoiar a iniciativa que hoxe presenta o Grupo Parlamentario Popular, pero cremos que sería moito máis axeitado incluír a Xunta de Galicia como a administración que tamén ten competencias e que pode facer cousas para que as cubas se poñan en funcionamento antes dese 1 de xaneiro de 2024, que é o que teñen reflectido no acordo entre Alcoa e os traballadores. Polo tanto, criamos que sería máis acaecido non estar unha soa administración, senón estar as dúas administracións que teñen competencia e que poden facer cousas para que A Mariña siga tendo futuro. Desa maneira, amosariamos que hoxe estamos aquí cun espírito construtivo, e non para tirarnos os trastos uns grupos políticos a outros, senón, dende logo, para loitar polo que os traballadores e traballadoras nos están a pedir.

Señora Candia, remataba vostede dicindo que moitos cargos do Partido Socialista non poderíamos mirar os traballadores á cara, porque vostede é de alí e ben o sabe. E nós nunca escudamos as nosas responsabilidades, nin sequera nos momentos máis complicados dalgunha manifestación, que vostede sabe...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...que tanto os alcaldes do Partido Socialista como os cargos do propio Partido Socialista sempre fomos quen de dar a cara e de ir falar cos traballadores e coas traballadoras.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.



Se non o digo, rebento e non sei se é por ser filólogo ou por ter dous dedos de fronte, pero, para a Real Academia Galega, Galicia ou Galiza son termos igualmente válidos histórica e lingüisticamente. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Entón, era para ver se lle fan máis caso á Real Academia Galega cando di que o ensino que vostedes crearon é un factor desgaleguizador para a nosa mocidade. Fáganlle máis caso á Real Academia Galega e ao Consello da Cultura Galega, xa que o presidente a nomeou.

E, ben, hoxe o Partido Popular vén aquí facer principalmente dúas cousas con esta iniciativa. A primeira, é lavar un pouco a cariña con Alcoa, porque o pasado e a hemeroteca é a que é, e o papel que desempeñaron en todos estes meses de loita foi o que foi; e, como saben que o fixeron mal, pois traen esta iniciativa. O primeiro é que pasaron meses e meses do lado da empresa —hoxe volveuse ver porque xa non hai que culpar a Alcoa de nada, é bendita—, defendendo o seu discurso. O mesmo que dicía a empresa, igualiño, repetíao o Partido Popular, e do mesmo xeito así estivo meses e meses tamén sen aparecer en ningunha manifestación, concentración ou xuntanza co comité de empresa.

Ademais disto, é normal que se sintan mal porque teñen certa hemeroteca tamén no sentido do voto. Vostedes votaron en contra da intervención no Congreso, votaron en contra do Plan industrial —incluso no mesmo día no que pola mañá acudían á folga xeral e pola tarde votaban en contra— e votaron en contra tamén de que a Xunta participase daquela hipotética intervención de formar parte do consello de administración. Porque, claro, é moito mellor e é moito máis fácil empregar o sufrimento de miles de familias e de miles de postos de traballo para confrontar co Goberno do Estado. Pero, logo, cando a Xunta ten que tomar cartas no asunto e ten que poñer diñeiro para que teña peso o Goberno galego, pois aí xa é máis difícil. (*Aplausos.*) E, claro, isto fai ver titulares bochornosos como que cando se lle preguntaba por Alcoa ao presidente deste país, unha empresa que ten un terzo do PIB da provincia de Lugo, que é vital para unha comarca enteira para A Mariña, o presidente diga —e aínda encima o diga así tal cal—: «Hoxe, como presidente, non podo confirmar a continuidade de Alcoa no 2024». Pois, entón, que se presenten ás eleccións directamente desde Pittsburgh, porque se o presidente non pode saber nada do que vai pasar no 2024 respecto dunha empresa que é un terzo do PIB da provincia de Lugo, pois ¿para que estamos aquí? ¡Que se presenten eles ás eleccións; é moito mellor!

E unha vez cumprido o primeiro obxectivo, que foi o de lavar a cariña, pois veñen ao principal. Porque o principal é ese terceiro punto, que ten unha redacción así tan enrevesada, tan enrevesada, que é o de facer trampa cos eólicos. E se hai un mes a miña compañeira Olalla Rodil lles dicía que para o que é o nacionalismo galego vostedes son *dummies* —que o son—, eu véñolles hoxe facer un recoñecemento, que é que para facer piruetas lexislativas —sobre todo cos eólicos— vostedes son os *master class*, os *top level*, *the best...*, os mellores, como queiran. Porque a verdade é que con este punto 3 vostedes sacaron o sombreiro. E voulles contar un contiño para representar ben que é o que quere dicir este punto 3, que hai detrás de como foi a historia. É certo que o conto, ao mellor, o contaba mellor o meu compañeiro Mini, xa que se lle dá mellor, pero vouno intentar e seguro que queda bastante claro.

A historia comeza o 1 de xaneiro deste mesmiño ano de 2022 cando entraba en vigor a Lei de acompañamento dos orzamentos e os propios orzamentos de 2022, e introducíase a mo-



ratoria de tramitación de novos parques eólicos ata o 2023. Aí a todopoderosa Xunta dicía que tiña incapacidade para analizar todas as solicitudes que recibía e decidiu parar un tempo, tomar un descanso.

Pois ben, preguntaranse vostedes, deputados e deputadas do Parlamento galego, que pasou con esta moratoria ao cabo duns días. E situándonos xa na historia no castelo de San Caetano, entraron uns días os cabaleiros da patronal do eólico a petar no castelo de San Caetano, e saíu o cabaleiro Feijóo, que lles dixo aos cabaleiros da patronal do eólico: Pasen, pasen, pasen á mesa redonda á que os vou levar. Nesa mesa redonda os cabaleiros da patronal do eólico dixerónlle: Presidente Feijóo, necesitamos medidas de «estímulo» (*O señor Castro García fai acenos cos dedos para indicar que esa palabra vai entrecomiñada.*) do sector eólico. Entón, o cabaleiro Feijóo, con todas as persoas que había na Xunta de Galiza, no edificio da Xunta, dixo: ¿Medidas de estímulo do eólico? A ver..., ¿como podemos facer para estimular o sector? E acordóuselles que no neboento e chuvioso norte, alí arriba de todo, había unha grande empresa, moi grande, que necesitaba moita enerxía. Entón, conta a lenda que enriba das cabezas de todas esas xentes que estaban en San Caetano apareceron á vez bombillas iluminadas e dixeron ao unísono: ¡E se vinculamos as necesidades enerxéticas de Alcoa á necesidade deste «estímulo» (*O señor Castro García volve facer cos dedos os mesmos acenos.*) eólico...! As brillantes mentes de San Caetano acudiron raudos e veloces á nova lei de áreas empresariais, e despois de comprobar que non había nin unha soa palabra, nin unha soa alusión, ao sector eólico nese borrador que eles mesmos fixeran público, non dubidaron en ningún momento en introducir un novo artigo que si fale dos eólicos e que axilice a súa tramitación; dúas semanas despois de que entrase a moratoria dos eólicos ata o ano 2023. (*Aplausos.*)

Fin, acabou o conto. E si ten un final abrupto, pero a min xa no instituto e logo na carreira me ensinaron a facer análises literarias, e para facer análises literarias hai que saber o contexto sociopolítico, as influencias artísticas do autor — neste caso Feijóo, que podemos falar de influencias greenálicas e iberdrólicas— e, bueno, saber un pouco de como vai a cousa. E resulta que para garantir a actividade os 365 días de Alcoa con enerxía eólica farían falta 1.335 megavatios. E preguntaranse vostedes: estas dúas empresas que se dispuxeron a dotar de enerxía a Alcoa por pura filantropía cara ao pobo da Mariña nada máis, ¿canta potencia teñen instalada na Mariña? Pois 22,5 megavatios soamente en Oourol. ¡Moito hai que remontar e moito vai axilizar esta lei!

Pero indo tamén ao que dicían os cabaleiros da patronal do eólico, din tamén que hai que fixarse nesta cifra; que hai un prazo mínimo para cumprir de seis anos para poñer en funcionamento un parque eólico. ¡Seis anos! E o Partido Popular dinos que antes do 2024 xa van estar postos a funcionar uns parques eólicos que aínda non están nin en período de execución. ¡Vaia se vai axilizar que, en vez de estar como mínimo no 2028, antes do 2024 xa van estar funcionando! Dígoo porque agora xa quizais imos vendo que é o que hai detrás deste punto 3 tan enrevesado. Aquí o de Alcoa, pero non se enganen, estiveron falando 9 minutos dos 10 de Alcoa, e o de Alcoa é o de menos, ¡eh!, o de Alcoa é soamente coartada.

Entón, chegamos á conclusión —que non é que chegase eu porque sexa moi intelixente, nin moito menos; chegou case toda A Mariña, e o mínimo que se parara a ler un pouco isto—. Entón, a conclusión é: ¿non estarán empregando vostedes a Alcoa como coartada para sacar





adiante uns parques eólicos que non cumpren coa normativa? ¿Non estarán utilizando, entón, o sufrimento de miles de familias e dunha comarca enteira que estivo días si, día tamén manifestándose e que colleron ese temiña que lles vén ben agora para condicionar tamén os concellos de toda A Mariña e sacar adiante eses parques eólicos para os seus amigos e amigas? ¿É ruín? Pois, probablemente, si. *(Aplausos.)* ¿É real? Moitísimo. *¡Tan real como la vida misma!*

Pois é o que hai detrás destes tres puntos e dentro desa redacción. Isto é un pouco como cando facías un exame e non sabías moi ben que escribir: pois pórle unha redacción así algo enrevesada para ver se pasaba. Pois este é o punto 3 do Partido Popular, e a historia...; é o que pasa, é o que quere dicir.

Pero nós como BNG traemos alternativas, e aí van nestes catro puntos que lle poñemos na emenda.

En primeiro lugar, pois si, que o Goberno central ten que facer o que ten que facer. E, por iso, ao primeiro punto non lle tocamos absolutamente nada, porque nese punto teñen razón.

En segundo lugar —e sei que non lles gusta—, pois volvemos falar do Plan industrial. Levamos falando disto desde hai dez anos, desde o 2012, e despois destes dez anos que pasaron temos mil empregos menos en materia de industria, temos máis dunha decena de empresas que pecharon e o Partido Popular segue dicindo que o mellor plan industrial é manter Alcoa. Pois agora o propio presidente deste país di que non se pode garantir a súa continuidade, Vestas xa non existe, e segue sen haber necesidade ningunha de ter plan industrial. Entón, xa prefiro que digan: non o imos facer nunca; que Aínda que peche todo e peche toda A Mariña, non imos facer nunca o Plan industrial. Polo menos, así poderíamos dicirllo xa á xente con máis certeza.

En terceiro lugar, isto tan radical como demandar do Goberno central que as comunidades que exporten enerxía eléctrica teñan un abaratamento nas peaxes. É dicir, que se temos todos os custos de producir aquí, que teñamos algunha vantaxe; actuar un pouco como país dunha vez por todas. Só que, claro, a isto, ao mellor, lle din á xente que en España *no lo entenderían, que los españoles no lo entenderían.* *(Aplausos.)* Entón, eu vólvoles dicir o mesmo: o problema está en que, ao mellor, en Xove e en Cervo si que o entenden. Pero vostedes teñen medo de que a xente entenda que gobernarse a si mesmos trae beneficios e mellora a súa calidade de vida, por iso votan sempre que non, e creo que hoxe vai ser un novo episodio. Agardo que xurda o milagre.

Finalmente, no cuarto punto, pedimos que a participación sexa democrática, que teña certeza xurídica e que o que se constrúa se produza no país e xere valor engadido. Aquí, vantaxes para as empresas galegas. Pero todo isto poderíase resumir no que dicimos sempre, que é esta frase: o aproveitamento dos recursos naturais, ao servizo do pobo sempre, sempre, sempre. Como BNG sempre imos defender que todo o que temos no noso país xere beneficio para a nosa xente. No Partido Popular pensan que todo o que temos neste país que xere beneficio para os seus amigos de Geenalía e os seus amigos de Iberdrola. E aquí está a diferenza, porque, ao final, non pedimos utopías nin nada, non pedimos nada que non se poida



cumprir. Pedimos tres cousiñas moi sinxelas: traballar en Galiza, mellorar a calidade de vida da nosa xente e, en fin, algo tan sinxelo e tan difícil, vivir aquí; esa utopía.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Ben, cinco minutos non sei se chegarán.

Señor Castro, desde Galicia, como reza a nosa norma, o Estatuto de autonomía, co que vos-  
tede seguro que coincide.

Mire, a política élle algo moi serio, jélle algo moi serio! A política non se amaña con contiños, jeh! Os contiños sonlle para outra cousa, *(Murmurios.)* ¡sonlle para outra cousa! E créame que en temas de comer nin con contiños lle vale para despistar a atención.

É probable... Vostede sempre presume de que é unha persoa moi xove, do cal o felicito. Iso cúrase coa idade. Pero, en todo caso, o feito de ser xove non significa que non deba vir documentado cada vez que intervén. E non veña —créame, e dígollo de corazón, porque me doeu a súa intervención— rirse dos traballadores, que non saben o que vai pasar no día 24; *(Murmurios.) (Aplausos.)* con contiños, con contiños dos malos malísimos, dos ricos e pobres, da Idade Media, que estamos no 2022. E vostede, contando contiños, coma quen compra..., é unha persoa que pediu o voto para esta señora *(A señora Candia López amosa unha fotografía.)*, que lles dixo aos veciños da Mariña que o tiña amañado. Esta. ¿Ve a foto? Titular: «Acuerdo BNG-PSOE, bonificación de la AP-9, competencias y Alcoa». Así que... *(Murmurios.)*, os contiños e as análises filolóxicas, que son superimportantes, para outros debates, que na Mariña diso non van comer. *(Murmurios.)*

En segundo lugar,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu sei que lles doe, pero é que o teatro vale para algunhas cousas, pero para o futuro de Alcoa non lle vale, e non lle valeu. *(Murmurios.)* As verdades doen. Eu síntoo, pero oxalá fora doutra maneira. Se, efectivamente, a señora Pontón o arranxara, eu estaría aplaudíndoa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Señora Otero, que teña que recorrer a Mariano Rajoy para xustificar a acción de Pedro Sánchez en Alcoa xa di bastante. Pero hai unha realidade, e dígolla con absoluto respecto e humildade: Mariano Rajoy foi desaloxado do Goberno en xuño do ano 2018, coas cubas en pleno funcionamento e con todos os postos de traballo en vigor. *(Aplausos.)* Esa é unha realidade. E dígolle máis: cando houbo un problema —sen ir no Falcon; non sei como viaxou, que tampouco o comprobei en primeira persoa—, foi a Estados Unidos



e trouxo unha solución. Non sei se era unha solución ou era un parche, pero, en todo caso, cando o desaloxaron vostedes do Goberno, este problema non existía.

E mire, dígolle máis, que o Estatuto electrointensivo e a súa aprobación, coas alegacións que vostede mesmo defendeu, eran unha solución para a continuidade de Alcoa, non o dixo este grupo, dixérono vostedes. Díxoo o Bloque Nacionalista Galego e díxoo o representante dos traballadores. Literalidade, no ano 2019 (*A señora Candia López le un documento.*): «Teño a esperanza, non a confianza, de que se poida chegar a algún tipo de acordo, porque, se temos o Estatuto das electrointensivas, a planta de San Cibrao ten viabilidade. Isto, contrastado co que dixo o presidente do comité dos traballadores.

Mire, dixémolo, e ao final creo que teremos que velo —espero que máis pronto que tarde—. Con todo isto, a política é tomar decisións. Se nosoutros votamos a favor e respectamos ese punto 3, que tanto lle molestou ao Bloque Nacionalista Galego, é probable que antes de 2024 poidan poñerse en funcionamento as cubas. Neste momento, Alcoa, non, pero os postos de traballo dedicados á fabricación de aluminio primario na Mariña son unha das principais preocupacións. E se non son de todos nós, non estaremos facendo ben o noso traballo. Para o Partido Socialista, para o Bloque Nacionalista Galego e, dende logo, subscribo e ratifico que si que o é para o Partido Popular, a continuidade dos postos de traballo da Mariña de aluminio primario ten que ser unha prioridade, e, se non o son, estaremos novamente usando a necesidade da xente, a incerteza da xente, en beneficio propio. E dígolle máis, con este pronunciamiento do Bloque Nacionalista Galego tamén queda novamente en evidencia unha cousa. Vostedes din que agora non son os do non: é que Alcoa, non, que é mala, malísima; a enerxía eólica, non, porque é mala malísima... En definitiva, non lles vale absolutamente nada. Eu asistín a varias reunións con traballadores —que non lle consinto que digan que os abandonamos, porque asistimos absolutamente a todas as concentracións e a todas as reunións, absolutamente a todas!—. É certo que o Partido Socialista ás últimas deixou de asistir, pero cada un coas súas responsabilidades. Neste momento hai que tomar decisións, e aos traballadores nós temos a responsabilidade de explicarllelo. Vaise saber quen está tomando decisións para cumprir ese acordo, que, efectivamente, tivo o apoio dos traballadores, ou quen, unha vez máis, está no «non polo non», porque *ni contigo ni sin ti tienen remedio mis males*, que é normalmente a política que suele adoptar o Bloque Nacionalista Galego.

Eu ensinei unha foto que me parece que é unha foto, dende logo, da vergoña, no que a Alcoa se refire, e é a foto de Ana Pontón con Adriana Lastra prometéndolles aos traballadores que o apoio de Pedro Sánchez garantía a continuidade de Alcoa. Pero tampouco me resisto a ensinar esta (*A señora Candia López amosa unha fotografía.*). Nunca entenderei como todos os alcaldes do Partido Socialista da Mariña van celebrar á Praza do Obradoiro que se pechen as cubas. (*Aplausos.*) ¡Non o entenderei!

Mire, estiven nunha reunión en Vilalba —que, por certo, é ben que se documente onde conecta a enerxía Alcoa e onde conectaba—... Pero, en relación coas Pontes, que agora tamén está de moda, dígolle que tiven unha reunión cuns traballadores, cando, dunha maneira abrupta, ese Ministerio de «*Intransición*» Ecolóxica pechaba a central.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora CANDIA LÓPEZ:** Un dos que asistía á reunión ensinome o seu carné de socialista, que tiña dende os 20 anos, e díxome: «Rompino diante da cara de Formoso, porque non entendín esta decisión que puxo en perigo» —explicábanos— «a situación económica, a situación persoal». Creo que estes alcaldes *(A señora Candia López amosa novamente a fotografía.)* tampouco terán moi doado explicar por que a ministra non foi a Alcoa dende o ano 2019 a dar unha solución e a contestar o que lle pedían...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** ...e, en cambio, si van celebrar o peche das cubas ao Obradoiro.

Sinceramente, dígollo con todo o cariño, un alcalde débese aos veciños, non se debe a un partido político.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Desde logo, teñen moitas explicacións que dar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Marina Ortega.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que non acepta.

*(A señora Carreira Pazos pide a palabra.)*

Señora Iria Carreira, ¿para que quere a palabra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Acéptalle vostede a votación por puntos? ¿Cantos puntos son? ¿Cal quere separar?

**A señora CARREIRA PAZOS:** Quería separar o punto 2 e, por outro lado, o 1 e o 3.

**O señor PRESIDENTE:** Ou sexa, separamos o 2. Vale.

Votamos, en primeiro lugar, o punto número 2.

*Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14 ; votos en contra, 60.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este punto número 2.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora os puntos 1 e 3 desta proposición non de lei.

*Votación dos puntos 1 e 3 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para recuperar progresivamente a presencialidade na atención primaria.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

*Non sei se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. (Pro-núncianse palabras que non se perciben.)*

*Parece que hai unha transacción. ¿A transacción lógrase con todos os grupos? (Negación.) Ben, co Bloque Nacionalista Galego.*

*Entón, a transacción o que vén dicir é que o Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se articule de xeito inmediato un plan de choque contra a sinistralidade laboral, contando para este fin co IESGA e co Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral. Este é o texto.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan de choque contra a sinistralidade laboral.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, defendida pola señora Queixas Zas.

*Non se presentaron emendas.*



Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego ante o incremento de casos de covid-19 nos centros educativos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas.*

*Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular e acéptase o punto 3. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*

*Acéptanse os puntos 2 e 3. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*A emenda é do PSOE e o Bloque acéptalle os puntos números 2 e 3.*

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa actual situación da cadea de produción, obtención e comercialización da carne de vacún.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de don Borja Vereá.*

*Non se presentaron emendas.*

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para que atenda a vontade manifestada tanto polo Parlamento de Galicia como polo Congreso dos Deputados e amplíe o programa de apoio ao Xacobeo mediante a extensión das desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023.*





*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, defendida pola deputada dona Elena Candia.

¿Sobre as emendas, señora Candia? ¿Acéptaa? (*Negación.*) Entón, votamos. (*Murmurios.*)

¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Acepta a señora Candia a votación por puntos? (*Negación.*) ¿Non? Entón, comezamos outra vez a votación.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e catorce deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España dun compromiso que garanta a reactivación da planta de Alcoa en San Cibrao.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 19.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

### ***Declaración institucional***

**O señor PRESIDENTE:** E agora voules ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos sobre o Día de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto, e que di:

«O 1º de novembro de 2005 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas, na súa 42ª sesión plenaria, reafirmou que o Holocausto, que tivo como resultado que un terzo do pobo xudeu e innumerables membros doutras minorías morreran asasinados, será sempre unha advertencia para todo o mundo dos perigos do odio, o fanatismo, o racismo e os prexuízos.

E tamén decidiu designar o 27 de xaneiro de 1945, en recordo da liberación polas tropas soviéticas aliadas do campo de exterminio de Auschwitz-Birkenau, como Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto, todas elas vítimas do nazismo, entre as que se contan tamén galegas e galegos.

O Holocausto é o resultado dun programa de persecución, encarceramento e exterminio levado a cabo polo nazismo, que asasinou máis de seis millóns de persoas. Tivo a súa orixe no



intento de eliminación da disidencia política e ideolóxica e o racismo, e derivou nun xenocidio que contou coa colaboración da Ditadura franquista e que perseguiu miles de homes e mulleres que fuxiron do Estado español despois da derrota da República de 1939 e tras a instauración dun réxime fascista, que provocou, de acordo coas fontes historiográficas, a deportación aos campos de traballo e exterminio nazis de 10.000 republicanos españois, dos que preto de douscentos eran orixinarios de Galicia. A maioría deles morreron alí ou, de sobrevivir, nunca puideron retornar ao seu país de orixe.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia fai súa a declaración da Asemblea Xeral das Nacións Unidas na que rexeitou toda negación, xa sexa parcial ou total, do Holocausto como feito histórico. E condenou sen reservas —condena que tamén este Parlamento fai súa— todas as manifestacións de intolerancia relixiosa, incitación, acoso ou violencia contra as persoas ou comunidades baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas, teñan lugar onde teñan lugar.

Chama a Xunta de Galicia a traballar arreo contra os posibles brotes de racismo, xenofobia, antisemitismo e outras discriminacións baseadas na orixe étnica ou nas crenzas relixiosas ou en calquera outra circunstancia, e os cidadáns e as súas organizacións a permaneceren vixiantes para que nunca máis un réxime como o que produciu o Holocausto poida asentarse entre nós nin en ningún lugar do mundo.

Moitas grazas.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022.» (Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)

E agora continuamos coa orde do día, interpelacións.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Modelo e dezaioito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Nos case trece anos que leva o señor Feixóo gobernando Galiza levamos perdidos máis de doce mil postos de traballo no sector industrial. E aínda que me consta que coñece vostede o dato, señor vicepresidente, voullo repetir: perdemos 12.000 postos de traballo no sector industrial —só no sector industrial!— durante os anos de goberno de Feixóo. E moitos máis están en risco, como saben vostedes perfectamente, moitos máis. Desde A Mariña a Vigo, atravesando toda a xeografía galega, moitos máis postos de traballo do sector industrial están en risco: diferentes actividades, diferentes empresas e tamén diferentes causas e diferentes problemáticas. Pero, en todos os casos existe un común denominador, en todos os casos hai unha constante: a inutilidade do goberno de Feixóo para resolver ningunha de





todas estas crises, ¡ningunha! En todos estes anos nunca foi quen o goberno de Feixóo de resolver ou de evitar un peche empresarial; unha inutilidade que xa nos custou, como dicía, 12.000 postos de traballo no sector industrial e que pode custarnos moitos máis.

Pero hai outra constante, polo menos no tempo que levamos de lexislatura. Sempre que desde o Grupo Parlamentario do BNG traemos a debate algunha crise ou problemática industrial, o señor vicepresidente responde que a Xunta está e estará do lado dos traballadores e traballadoras. Nós preguntámonos, señor vicepresidente, se considera vostede con franqueza que isto pode tranquilizar a alguén, dados os precedentes.

Sabemos que outra constante, polo menos durante os últimos tres anos, vén sendo botarlle a culpa de todo ao Goberno do PSOE, pero Feixóo leva gobernando case trece anos, e a maioría deles coincidiron cos gobernos de M. Rajoy. E durante estes case trece anos —repítolle a cifra— perdemos en Galiza máis de doce mil postos de traballo só no sector industrial. Así que a culpa ou a responsabilidade que teña o Goberno de España da perda de postos de traballo no sector industrial galego será, cando menos, compartida entre o Partido Popular e o Partido Socialista. En todo caso, os gobernos do Estado dan conta das súas políticas no Congreso dos Deputados e Deputadas. Aquí no Parlamento galego quen ten a obriga de dar contas é o Goberno galego, das súas actuacións e tamén da súa inacción, da súa incapacidade ou da súa inutilidade. E este é o motivo da presente interpelación, que dea vostede explicacións da continua perda de postos de traballo e que dea explicacións tamén de cales son, de cales foron ou de cales van ser as medidas que emprenda o Goberno galego para corrixir esta tendencia, esta curva de perda de actividades industriais e de postos de traballo que xa dura case trece anos, e que parece que se vai prolongar durante algúns máis se os gobernos non toman medidas urxentes. Medidas reais e efectivas, cada goberno no ámbito das súas competencias loxicamente, pero o que non vale, o que non serve para nada é sinalar co dedo e non facer nada. Así que, por favor, dea conta vostede das súas actuacións, dea explicacións nesta cámara, como corresponde, sobre a súa acción de goberno e non bote balóns fóra, como adoita facer, porque iso non axuda a ninguén.

Hai moita xente, moitos galegos e galegas, na Mariña, nas Pontes, en Ferrol, na Coruña, en Cerceda, na Costa da Morte, en Pontevedra, en Vigo, en Ourense, que ven perigar os seus postos de traballo e teñen dereito a saber que ten pensado facer o Goberno galego para evitar que perdan o seu posto de traballo, que teñen dereito a saber cal é o plan do Goberno galego.

E somos moitos máis, moitos e moitas máis, directa ou indirectamente, afectados e afectadas, as persoas que non estamos dispostas a asumir a desertización industrial de Galiza. Somos moitas as persoas que sabemos que somos absolutamente conscientes de que sen industria non hai futuro, e que queremos, que exiximos do Goberno galego, do noso Goberno, plans e actuacións decididos para defender, para promover e para consolidar emprego e actividades industriais no noso país, porque temos dereito a ter un futuro no noso país.

Explíquenos por que parece que a mocidade deste país está condenada a elixir entre a precariedade ou a emigración. Explíquenos por que o Goberno galego rexeita rescatar as grandes empresas industriais en crise do noso país. Explíquenos por que os orzamentos do Goberno galego non contemplan actuacións nas zonas máis afectadas pola transición enerxética. Ex-



plíquenos por que o Goberno de Feixóo leva trece anos incumprindo a súa propia promesa electoral de impulsar unha grande área de reparacións navais en Ferrol. Explíquenos por que o Goberno galego rexeita vincular a autorización para instalar parques eólicos a que os promotores impulsen ou participen en proxectos industriais asociados. Explíquenos por que o Goberno galego rexeita impulsar a creación dunha empresa pública de enerxía que concentre todos os activos enerxéticos de Galiza, para axudar ao impulso industrial e á transición enerxética. Explíquenos por que o Goberno galego lle consente á empresa Xeal o incumprimento dos termos das súas concesións hidroeléctricas. Explíquenos por que deixou caer o naval de Vigo, como se iso non fose competencia do Goberno galego. Explíquenos por que o Goberno de Feixóo asume as posicións do presidente de Stellantis, aínda que iso implique renunciar a que se instalen na Galiza fábricas de baterías ou de microchips. Explíquenos por que Galiza segue tan lonxe dos investimentos en I+D+i doutros países e territorios da nosa contorna.

Ten vostede moitas explicacións que dar, señor vicepresidente; máis de doce mil postos de traballo perdidos nos contemplan e moitos máis están en risco. Así que, por favor, non perda o tempo con relatos interesados, con escusas de mal pagador e con demagogia barata, como fai habitualmente. Déanos contas da súa acción de goberno. Atenda á súa obriga para con este parlamento, para con este país que goberna e para coa sociedade que lle entregou a súa confianza.

Son moitas as fronteas que ten vostede abertas dun lado ao outro do país, e moitas as explicacións que ten que dar. Explique os seus plans, explique a canto ascenden os seus investimentos previstos e cando se executarán. Explíquenos que proxectos concretos está impulsando o Goberno de Feixóo na Mariña, nas Pontes, en Ferrol, na Coruña ou en Vigo. ¿Que medidas concretas está a impulsar o Goberno de Feixóo para salvar as empresas e os postos de traballo que están en risco? Porque está consolidándose a opinión de que ese estar ao lado dos traballadores e traballadoras que vostede repite continuamente significa unicamente acompañalos á porta de saída. Aí están, por nomear algúns, os casos de Poligal ou Isobar, os máis recentes de Siemens Gamesa e Vestas e, na actualidade, casos como Alu Ibérica ou Barreras, nos que as alternativas empresariais que se manexan implican traspaso de activos mais sen garantías para o persoal.

A súa política redúcese a acompañar os traballadores e traballadoras á porta de saída ou á precarización, como acontece no sector da automoción e, concretamente, na principal empresa por emprego no sector industrial, Stellantis, onde levan varios anos en ERTE permanente, mais tamén, e sobre todo, preocupados pola continua precarización dos seus postos de traballo. Algo que, por outro lado, é *vox populi* en toda a comarca de Vigo, mais que tamén é común noutras empresas do país onde as condicións de traballo xa non son como antes.

Este é o contexto industrial, o resultado de trece anos de goberno de Feixóo: doce mil postos de traballo menos e precarización galopante, rampante, das condicións de traballo.

E neste contexto ¿cal resulta ser a gran medida do Goberno de Feixóo? Eliminar burocracia, un eufemismo do Partido Popular que agocha a falta de iniciativa, a falta de proxecto de país e que agocha tamén unicamente unha redución de prazos, entre outros aqueles de exposición



pública das avaliacións ambientais, mesmo en contra das directivas da Unión Europea, tal como vén de afearlle o Tribunal Superior de Xustiza.

Parece que a súa solución para todo é reducir garantías, sexan no ámbito laboral ou medioambiental, alimentando esa falsa e perigosa dicotomía entre crecemento económico e condicións laborais, entre crecemento económico e medio ambiente. Esa é a súa política, a política que dá como resultado doce mil postos de traballo menos, precarizacións das condicións de traballo e desprotección medioambiental; unha política suicida.

Dea vostede explicacións —se pode— sobre a grave crise industrial que padece Galiza e, sobre todo, das solucións que pensa impulsar a partir de agora polo menos, xa que non o fixo antes. Non perseveren vostedes nun modelo que se está demostrando errado e perigoso. Dea explicacións, por favor, e rectifiquen.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández —dou tamén a benvida ao portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez—, agradézolle enormemente a oportunidade para falar, efectivamente, do modelo económico que estamos a construír neste país e que está permitindo que nestes momentos Galicia sexa unha comunidade autónoma que está crecendo por riba da media de España, que está respondendo mellor que a media das comunidades autónomas nun contexto de enorme dificultade.

É certo que nos diferencia o punto de partida. Nós defendemos un modelo de colaboración público-privada onde os autónomos, as pemes, as grandes empresas sexan o motor da recuperación económica, e vostede, como ten trasladado na súa intervención, defende a nacionalización de empresas e, polo tanto, unha intervención dende o público, e, polo tanto, deixando o sector privado que non teña esa iniciativa. Seguramente aí está o punto da diferenza, pero loxicamente nós estamos traballando por un desenvolvemento sostible do territorio, que vertebre o conxunto do país e no que a industria sexa ese elemento de diferenciación.

É certo que é curioso escoitar o seu relato. Curioso porque vostede e os seus compañeiros de bancada descualifican e incluso rexeitan, dentro e fóra deste parlamento, proxectos, empresas e mesmo sectores enteiros, como pode ser o sector eólico ou o sector mineiro, sen ningún tipo de fundamento dende o punto de vista da seguridade xurídica e dende o punto de vista tamén do cumprimento da normativa.



Curioso tamén se temos en conta que o Bloque Nacionalista Galego di «non» en Galicia pero «si» en Madrid, apoiando unha repartición opaca e arbitraria dos fondos europeos, como se está a demostrar, dos que seguen sendo os seus socios de goberno, a pesar de que saben tamén que están invadindo competencias desta comunidade autónoma.

Polo tanto, a pesar do relato, pode imaxinar que nós estamos traballando para dar respostas e, sobre todo, responder ás oportunidades que neste contexto de transformación económica nos poden permitir que as pequenas e medianas empresas consoliden esas oportunidades e, polo tanto, se poida proceder a esa recuperación da actividade económica.

Pero, señor Fernández, non é razoable que vostede me fale do risco de postos de traballo. Eu pediríalle hoxe un apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego aos traballadores de Ence. O Goberno galego trasladou unha proposta concreta, legal, dende o punto de vista xurídico, dende o punto de vista administrativo, para que se poidan salvagardar os empregos de Ence en Lourizán. Pídolle o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego. Pídolle o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego tamén aos traballadores de Alcoa e que, polo tanto, o Goberno modifique o marco enerxético, o marco regulatorio que habilite que en Galicia, en España poidamos ter un prezo eléctrico en igualdade de condicións que os competidores europeos, cousa que nestes momentos non ocorre, porque todos sabemos que o estatuto dos consumidores electroativos foi unha fraude, unha fraude de lei cara aos traballadores de Alcoa. Pídolle tamén o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego a esta reforma normativa.

Pídolle o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego aos traballadores do sector da automoción, que están vendo como se está poñendo en perigo o desenvolvemento dos últimos trinta anos precisamente por unha actuación cando menos opaca e aínda non sabemos con que consecuencias por parte do Goberno que vostedes apoian.

Pídolle o apoio explícito ao complexo agro-mar-industria, coa ameaza que supón nestes momentos o desenvolvemento do Regulamento de costas.

E pídolle tamén o apoio aos traballadores de Ferrolterra, aos traballadores de Navantia, aos traballadores da industria auxiliar, que están vendo como o Goberno está incumprindo permanentemente os seus compromisos.

Polo tanto, cando vostede fala deses quince mil empregos que están en risco, señor Fernández, eu pídolle, de forma solemne, o apoio do Bloque Nacionalista Galego a eses traballadores que vostedes non están apoiando.

Con todo, nós estamos intentando sacar adiante a situación do país, e o primeiro que debería de recoñecer é precisamente o esforzo que está desenvolvendo o tecido produtivo. Se quere ver se Galicia é un país competitivo, ten que mirar os datos macroeconómicos. Vaia aos datos, señor Fernández, non vaia á ideoloxía. E os datos diranlle que Galicia é a comunidade autónoma que no ano 2021 está tendo o maior balance comercial de toda España, máis de 4.500 millóns de euros de superávit. E diríanlle tamén que Galicia, no mes de novembro, sen computar aínda o mes de decembro, xa bateu o récord absoluto de exportacións de toda



a súa historia, máis de 23.000 millóns de euros. Iso significa, señor Fernández, que temos un tecido produtivo competitivo e que está respondendo a esa recuperación económica.

Sabemos que non é suficiente e que, polo tanto, temos que seguir traballando neste contexto de impulso da dixitalización cara a un modelo máis competitivo, innovador e sustentable. E loxicamente para iso temos uns orzamentos, os máis altos da nosa historia, que este ano van dedicar 2.600 millóns de euros a impulsar a recuperación da economía galega. Igual que estamos no proceso de aprobación do Plan estratéxico 2030, que vai ter como un dos obxectivos principais, precisamente, aumentar o peso do sector industrial e tamén duplicar o investimento de I+D+i.

E tamén contamos, a pesar de que o Bloque Nacionalista Galego non o apoia, cun marco normativo e cunha Lei de simplificación administrativa, que, efectivamente, señor Fernández, está intentando responder ás necesidades que ten o tecido produtivo para, cumprindo con todas as garantías, desenvolver os proxectos en tempo e en prazo.

E, por suposto, Galicia tamén ten un plan específico cara aos proxectos e aos fondos europeos, precisamente para que eses fondos europeos poidan ser unha oportunidade. E por iso, hoxe, igual que lle pido o apoio para os sectores que están atravesando por dificultades, píddolle tamén o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego á candidatura que estamos promovendo dende a Xunta de Galicia, xunto co sector privado, precisamente para poder ter esas oportunidades.

Píddolle o apoio do Bloque Nacionalista Galego á fábrica de fibras téxtiles que se está promovendo por parte de Altri, precisamente para que o noso sector forestal e téxtil se poida posicionar como un referente en economía circular.

Píddolle o apoio do Bloque Nacionalista Galego ao proxecto de planta de biocombustibles que permitirá tratar sete millóns de toneladas de xurros procedentes da gandería e que se sumaría a ese compromiso coa economía verde.

Píddolle o apoio explícito do Bloque Nacionalista Galego ao desenvolvemento da enerxía renovable, precisamente para que Galicia poida contar cun prezo eléctrico na nosa industria competitiva e, polo tanto, non só o desenvolvemento do sector eólico senón tamén o desenvolvemento das novas enerxías, como pode ser o hidróxeno verde.

E, por suposto, píddolle, señor Fernández un apoio explícito a ese proxecto Auto Áncora, que permitiría que Stellantis e os 120 provedores do sector galego de automoción se poidan aproveitar dos fondos vinculados co PERTE do sector de automoción.

Igual que lle pido o apoio á candidatura que estamos conformando nos diferentes PERTE, no sector agroalimentario, con Anfaco-Cecopesca, Estrella Galicia, Jealsa, Profarm, Cafés Candelas e o resto de industrias agroalimentarias.

Ou o apoio á candidatura ao PERTE da industria aeroespacial, do sector naval, do PERTE biotecnolóxico, de todos os proxectos que estamos promovendo para que precisamente Galicia





poida ter a oportunidade de seguir traballando nesa política industrial transformadora que lle permita ao tecido produtivo galego afrontar con garantías a transición cara a unha economía dixital e unha economía verde.

En definitiva, temos claramente unha serie de medidas e de programas vinculados coa dixitalización da pequena e mediana empresa a través dun modelo enerxético sostible, a innovación e o talento, a economía circular e por suposto a internacionalización. En definitiva, proxectos que teñen que permitir que Galicia siga crescendo, que as súas exportacións sigan garantindo ese crecemento do noso tecido produtivo e, polo tanto, que, a través da implicación desa colaboración público-privada á que facía referencia, Galicia poida seguir crescendo.

E, señor Fernández, creo que nestes momentos, máis que nunca, os traballadores que están cos seus postos de traballo en perigo necesitan ese apoio dos grupos parlamentarios. O Bloque Nacionalista Galego lamentablemente estalles dando as costas. En calquera caso, ten unha oportunidade na réplica para ver se realmente o Bloque Nacionalista Galego está comprometido ou non con eses traballadores e con ese novo modelo produtivo baseado na dixitalización e na sustentabilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Na rolda de réplica ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señor presidente.

Ben, como parece que gobernamos nós, supoño que pecho eu o debate agora. *(Aplausos.)*

Señor vicepresidente, nós estaríamos encantados de apoiar proxectos do Goberno galego se fosen algo real, algo concreto, con prazos, con investimentos, e non meras palabras vas.

Os datos, señor vicepresidente, son máis de doce mil postos de traballo menos, precarización das condicións de traballo e desprotección medioambiental. Estes son datos, son datos certos, son datos obxectivos. Eu entendo que non lle guste, pero son os que son, son os que hai. Resulta indignante o nivel de frivolidade e de demagogia que emprega o Goberno galego para falar dun problema tan grave para Galiza como é a perda de peso industrial, tantos e tantos postos de traballo vinculados a este sector estratéxico, máis grave e máis indignante aínda polo feito de producirse nun contexto de crise xeral, nun contexto económico de grandes incertezas, no que o nivel de autoexigencia, de responsabilidade, de ansia dos gobernos, debía ser máximo. Mais aquí está vostede, coma sempre, acusando, acusando coma un neno pequeno que quere ocultar ou escapar das súas responsabilidades. Aquí está, coma sempre, mantendo contra vento e marea un relato partidista e absolutamente pobre, absolutamente cativo, que en nada axuda a facer unha diagnose cabal e razoable da situación, a dar un de-





bate construtivo e que, por suposto, en nada axuda a construír e a acertar cos proxectos e coas solucións.

No BNG somos moi conscientes do escenario e do contexto económico, do contexto internacional, somos conscientes dos problemas e dos retos, como en xeral toda a sociedade galega —con diferenzas seguramente—, mais a preocupación polo futuro hoxe é grande e compartida; igual que a opinión, e mesmo a convicción, de que cómpre actuar e de que os gobernos deben xogar un papel central na planificación e no impulso da economía.

Por iso a incapacidade do Partido Popular e do Goberno de Feixóo para liderar o país, esa inutilidade manifesta para protexer os nosos sectores estratéxicos, está a provocar que o pesimismo e a preocupación polo futuro da sociedade galega estea entre as máis altas do Estado español. Porque vostedes non só son incapaces de sacar partido das potencialidades de Galiza —que as temos—, da nosa posición xeoestratéxica, dos nosos recursos enerxéticos, do noso capital humano, da nosa posición consolidada e ben reputada en sectores que historicamente aguantan mellor as crises e os ciclos económicos, senón que ademais dimiten de facto, renuncian a traballar por mellorar o financiamento, por exemplo, que é unha cuestión fundamental e urxente, de actualidade, e na que o goberno de Feixóo prefire facer fronte común con outros territorios cos que nada ten que ver, priorizando a obediencia ao presidente Casado e aos intereses partidistas do Partido Popular por enriba dos intereses de Galiza —e todo a cambio dun pouco de protagonismo mediático nos medios da corte madrileña—.

Son vostedes, en resumo, un goberno que erra intencionadamente e por intereses partidistas na diagnose dos problemas. Son vostedes un goberno incapaz de sacar proveito das potencialidades do país por máis necesario que sexa. E son vostedes un goberno que renuncia a defender os intereses de Galiza e a rachar co papel subalterno que se nos asigna nos debates económicos e de financiamento no marco do Estado español. Son vostedes, por decisión propia, un goberno entregado aos intereses da vila e corte e aos intereses das grandes corporacións. Son vostedes, no contexto actual de cambios profundos nos que Galiza precisa de liderados desacomplexados, un goberno absolutamente inútil para Galiza.

Aproveite para desmentirnos agora na súa quenda. Explíquenos cales son as súas propostas e os seus proxectos para afrontar a transición enerxética. Anúncienos agora aquí en sede parlamentaria cal é o proxecto do Goberno galego para subministrarlle electricidade a prezos competitivos á industria galega. Anuncie que por fin os recursos enerxéticos de Galiza se van poñer ao servizo do desenvolvemento industrial de Galiza.

Finalizo, señor vicepresidente.

Imaxine vostede que fose vicepresidente do Goberno galego. ¿Que faría?

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Alfonso.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*



Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Fernández, efectivamente vostede segue defendendo a nacionalización das empresas. Nós seguimos defendendo que os investimentos de Inditex, de Stellantis, de Coren, de Estrella Galicia, de Finsa, de Cortizo, de Televés, de Albo, de Benteler —3.300 millóns de euros de investimento antes da crise—, están permitindo que, efectivamente, Galicia teña nestes momentos un posicionamento no tecido produtivo e que, polo tanto, poidamos ver como, a través da colaboración público-privada e do sector privado como motor de crecemento, a economía de Galicia siga evolucionando positivamente. Esa seguramente é a principal diferenza que temos entre o Bloque Nacionalista Galego e a Xunta de Galicia.

A partir de aí, efectivamente, é sorprendente. Pídeme vostede concreción. Hai un proxecto promovido dende a Xunta de Galicia dende hai máis dun ano que ten nestes momentos un investidor e que está desenvolvendo un proxecto. ¿Que máis concreción quere para apoiar un proxecto de fabricación de fibras téxtiles en Galicia? Vostedes simplemente o que están dicindo permanentemente é «non a Galicia». E o sorprendente é que vostedes, simplemente por apoiar o seu socio de goberno aquí en Galicia —en todos os concellos, en todas as deputacións, e que o apoian tamén en Madrid—, non queren defender os intereses de Galicia cando se fala de fondos europeos.

Curiosamente, o Bloque Nacionalista Galego durante moitos plenos reclamaba que nas Pontes se puidese desenvolver un centro de investigación en materia enerxética. ¿Recórdao? ¿Sabe o que fixo o goberno que vostedes apoian, o goberno do Partido Socialista? Darlle 57 millóns de euros a Extremadura, sen pasar pola conferencia sectorial, sen ningún tipo de concorrencia nin transparencia nas outras comunidades autónomas, para que ese investimento se estea desenvolvendo en Extremadura con fondos europeos Next Generation. ¿Vostede apoia iso? ¿Vostede o apoia?

Loxicamente, cando se trata de defender os intereses de Galicia vostedes seguen pensando en que Galicia é o Bloque Nacionalista Galego. E Galicia, por sorte, é moitísimo máis que o Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

A partir de aí, señoría, imos seguir traballando e impulsando os diferentes proxectos, facilitando a tramitación administrativa. Temos declaradas nestes momentos sete iniciativas empresariais prioritarias para apoiar proxectos de Cortizo, de Albo, de Oviganic, de Sogama, de Ignacio González Montes e de bioenerxías de Lugo e de Ourense, que suman todas elas investimentos por preto de 120 millóns de euros e un compromiso de creación de 432 postos de traballo. Estes son proxectos concretos que nestes momentos se están tramitando con axilidade precisamente porque temos unha lei de simplificación administrativa. E imos seguir ofrecendo os diferentes incentivos para que os proxectos da candidatura poidan optar a eses fondos europeos e, polo tanto, se poidan desenvolver.



Imos seguir traballando para construír unha Galicia en positivo que poida compartir o tecido produtivo e que permita a creación de empresas. No ano 2021 constituíronse cada día unha media de 11 empresas en Galicia, un total de 3.927, que foi un 23 % máis que no ano 2020. Superáronse, ademais, as cifras previas á pandemia —3.792 no ano 2019—.

Polo tanto, señoría, a pregunta que se están facendo nestes momentos os autónomos, as pequenas e medianas empresas e a industria galega é simplemente por que o Bloque Nacionalista Galego e por que o Partido Socialista Galego non os escoitan, por que non son exixentes coa xestión que o Goberno está a facer dos fondos europeos de maneira pouco eficiente e pouco transparente. Seguramente, se se centrasen en defender os intereses dos galegos, nos iría a todos moitísimo mellor.

Señorías do Bloque Nacionalista Galego, equivócanse de inimigo. O que está poñendo en perigo a industria galega nestes momentos, por falta de chegada dos fondos europeos e por unha política enerxética desnortada, é o Goberno do Estado, ao que vostedes están apoiando; un goberno que seguen apoiando a pesar desa repartición de axudas de forma arbitraria e discrecional a outras comunidades autónomas —incluso para proxectos que o Bloque Nacionalista Galego estaba defendendo neste Parlamento—. Polo tanto, é difícil entender que calen cando o goberno de Pedro Sánchez se está apropiando dos fondos europeos, está aplicando eses criterios arbitrarios e, polo tanto, non está permitindo que nestes momentos Galicia poida optar en igualdade de condicións, que é o que pedimos, a eses fondos europeos.

Veñan a este Parlamento a defender os intereses de Galicia e deixen, unha vez máis, esa posición dogmática e ideolóxica que teñen dende o punto de vista industrial na defensa dos empregos e da industria de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, vicepresidente.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Señora conselleira, señora Vázquez, vese hoxe vostede obrigada a dar explicacións aquí neste Parlamento sobre a política de residuos da Xunta e sobre os contratos de Sogama. Facémolo porque pensamos que esta é unha cuestión moi importante e tamén porque vostedes vetaron dúas veces a comparecencia en comisión da directora xeral de Calidade Ambiental precisamente para dar explicacións sobre estas cuestións. ¿Que teñen que ocultar, señora conse-



lleira?, ¿que ocultan? Porque realmente vostedes están eludindo dar explicacións e dar información sobre todas estas cuestións.

Temos que dicirlles que algo cheira a podre en Sogama, Sogama circular, que é a nova marca que inventaron recentemente. Eu chámolle «Sogain, Sociedade Galega de Incineración». Ese matrimonio de comenencia que teñen vostedes, a Xunta do Partido Popular, con Naturgy, para facer negocios Naturgy e para pagar os galegos e galegas as consecuencias e os gastos.

A estas alturas podemos facer balance da política de residuos da Xunta. Queremos facelo ademais aquí no Parlamento, xa que vostedes non queren comparecer. E temos que falar do fracaso estrepitoso da política de residuos da Xunta e de Sogama, ¡fracaso estrepitoso! E se tiveramos que poñerlle unha nota a esta política teríamos que dicir que é moi deficiente, señora conselleira. E dicímolos ademais con datos, con datos oficiais, que son públicos e que non se poden distorsionar e manipular.

O primeiro dato, que é absolutamente demoledor e concluínte, é que vostedes incumpriron no ano 2020 o obxectivo marcado pola Unión Europea a respecto da recuperación e reciclaxe de residuos, que tiña que ser do 50 %. Incumpriron ese obxectivo. ¿Estamos de acordo ou non estamos de acordo? Dirá que si, evidentemente, porque están aí os datos. Voullos dar eu.

Pero non é só que incumprimos, é que estamos á cola do Estado. Somos a cuarta comunidade pola cola despois de... —¡mire que comunidades!— Ceuta e Melilla e Asturias. Os peores en datos de recuperación e reciclaxe. E son datos do Miteco, señora conselleira, están aquí. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un gráfico.*) Isto non se pode manipular. Son datos oficiais do ano 2018 que sitúan a Galiza na cola do Estado.

Claro, hai que recoñecer que vostedes tampouco é que o fagan todo mal; hai algunhas cousas nas que son uns auténticos cracks, uns fenómenos. Son uns cracks na propaganda, en vender fume, (*Aplausos.*) na maquillaxe, no lavado en verde —nisto son uns fenómenos—, e tamén en mentir, en enganar con absoluta falta de vergoña. E quero recordarlle que vostede en xaneiro de 2020, cando inauguraban a bombo e prato esa fracasada planta de compostaxe de Areosa, dixo literalmente: «Galiza fíxase en 2020 o obxectivo de reciclar o 50 % dos residuos». ¿E sabe cales foron os datos do 2020, señora conselleira? O 18 %, cando había que cumprir un obxectivo do 50 %. Ese é o dato do fracaso estrepitoso da política de residuos do Partido Popular.

Pero é que os datos foron publicados por vostedes. Miren: logotipo de Sogama, (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un folio con texto e gráfico.*) antes de que se chamase «Sogama circular». Total de residuos tratados na planta de Sogama, 900.000 toneladas aproximadamente. ¿Sabe desa cantidade cantos van a tratamentos finalistas, os que están desacreditados pola Unión Europea, é dicir, queimar e vertedoiro? Unhas 750.000 de 900.000 toneladas; o 85 % vai a eses tratamentos finalistas, que non teñen nada de circulares. Así que Sogama de circular nada, todo o contrario. Moi, moi, moi deficiente, señora conselleira. Estes son os datos, son datos publicados por vostedes do ano 2020. (*O señor Bará Torres amósalle de novo á Cámara o folio con texto e gráfico.*) O 85 %, 750.000 toneladas para queimar e para mandar ao vertedoiro.



E despois vostede tamén nesa comparecencia dicía que ían alcanzar —tamén o dixo aquí o presidente da Xunta— o vertido técnico cero en 2020. ¿Pero como poden mentir, (*O señor Bará Torres amósalle outra vez máis á Cámara o mesmo folio con texto e gráfico.*) se son os datos oficiais seus que están aquí? (*Aplausos.*) O 26 % vai a vertedoiro, que son máis, pero, ben, ímoslles aceptar as cifras que publican vostedes. O 26 %, é que o poñen vostedes aquí, ou directamente ou como rexeites, o 26 %. ¿Como poden dicir vertido técnico cero, que é como o máximo o 10 %? Non se pode mentir con esa impunidade.

E por moito escaparate, por moita maquillaxe e por moita propaganda... Señora conselleira, por certo, lémbrolle que pedimos hai un ano polo artigo 9 —respecten os dereitos dos deputados e deputadas— os contratos de propaganda e de publicidade de Sogama. Estamos esperando un ano despois. Se por acaso se encontra un día destes co señor Domínguez, o presidente de Sogama, dígalle que teña a ben mandar ao Parlamento a documentación que lle pedimos hai un ano dos contratos de Sogama. ¡Non será tan difícil! Os contratos que ten Sogama cos medios de comunicación para a actividade de publicidade e propaganda. ¿Ten algún problema en mandar ao Parlamento esa documentación, señora conselleira?

En fin, por moito lavado en verde, por moita maquillaxe, Galiza está á cola do Estado. Vostedes incumpren —dixémosllo mil veces— a Directiva europea de residuos, incumpren o Pemar, o Plan marco de residuos do Estado, incumpren o seu propio Plan de xestión de residuos urbanos de Galiza. Por certo, recórdolle que remata este ano, e debería estar xa en fase de avaliación e debería estar en fase de redacción o novo plan. ¿Como está esta cuestión, señora conselleira?, ¿en que fase está?

Porque despois vostedes o que fan é buscar atallos de maneira irregular. En vez de facer un novo plan, en vez de modificalo, aproban unha Estratexia galega de biorresiduos —*no se lo pierdan*— de maneira absolutamente irregular. Porque isto tiña que ser tramitado como un plan ou como un programa de actuación e, polo tanto, sometido á avaliación ambiental, porque inclúe numerosas infraestruturas e cambia o sistema de tratamento do lixo en Galiza.

¿Cando pensan tramitar isto, mandalo ao Parlamento? Porque de momento o que coñecemos desta estratexia é isto: un *power point*. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara uns folios.*) Esta é o *Galician power*, Partido Popular. Doce páxinas de propaganda cando hai que mandar ao Parlamento a documentación, (*Aplausos.*) señora conselleira.

¿Que teñen que ocultar? ¿Por que non mandan este plan ao Parlamento? ¿Por que non o tramitan como un plan? ¿Por que non fan avaliación ambiental se inclúe tres plantas de compostaxe e trece plantas de transferencia entre outras actuacións? ¿Non lle parece normal mandar isto ao Parlamento? ¡En fin!

E vostedes o que fan é unha fuxida cara a adiante hipotecando o futuro, porque acaban de adjudicar por 238 millóns de euros o novo contrato da planta de incineración de Sogama. Sobre esta cuestión falarei despois porque agora non me dá tempo, pero aquí hai moitas sombras e moitas sospeitas no procedemento e no fondo desta adjudicación. Hai moitas sombras e moitas sospeitas de como se fixeron as cousas. Despois dareille máis datos ao respecto.





Porque ademais imos cara a un monopolio absoluto dunha empresa ou dun grupo de empresas, Valtalia Copasa, de absolutamente todos os contratos que teñen que ver con Sogama, ou sexa, planta de incineración, planta de clasificación, planta de compostaxe, vertedoiro de Areosa, depuradora de Areosa, contratos das plantas de transferencia, contratos de transporte... Todos no grupo empresarial Valtalia Copasa, que está copando absolutamente todos os contratos. ¿Así é como defenden vostedes a competencia no sector?

¿Por que se presentaron só dúas empresas nun contrato que tiña unha licitación de 250 millóns de euros, señora conselleira? ¿Non lle parece raro iso?, ¿non lle parece raro? Despois dareille máis aclaracións ao respecto.

Vou ir rematando sobre estas sombras e sobre estas sospeitas. ¿Que vai queimar Sogama cando deixe de ir alí unha boa parte da materia orgánica tratada supostamente mediante outros procedementos que son obrigatorios?, ¿que se vai queimar alí, señora conselleira? Non saen as contas se deixan de ir alí 300.000 toneladas de residuos de materia orgánica que non teñen por que ir a Sogama. ¿Que van queimar alí? ¿Que van utilizar como combustíbel? ¿Van utilizar os plásticos como combustíbel? ¿Por que nesta planta de Valtalia, do grupo Valtalia, de Sogapol, (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara unha fotografía.*) adxudicataria do último contrato de incineración de Sogama, a escasos metros de Sogama, están aquí estes miles de toneladas de plásticos importados de toda España?, ¿onde van ir? (*Aplausos.*) Por certo, instalacións que sospeitosamente arden cada dous por tres, non sei que pasa con isto.

E remato xa, á parte de facerlle preguntas, facéndolle propostas, e despois ampliaremos máis se pode na segunda quenda:

A primeira é propoñerlle aquí un acordo de mínimos sobre os residuos en Galicia; un acordo que se pode resumir nunha frase: un país, varios sistemas. Imos aceptar —miren ata onde chegamos— a convivencia, a complementariedade entre Sogama, Lousame, Nostián, O Morrazo, Revitaliza e outros sistemas alternativos, desde a lealdade, desde a complementariedade e desde a cooperación, pero vostedes fan como se non existisen e intentan botar abaixo as outras alternativas.

A segunda é desenvolver de verdade a Estratexia dos biorresiduos —como lle dixemos aquí— con esa tramitación como ten que ser, polo libro.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** E, por último —remato—, voulle propoñer outra cousa: unha visita a Sogama. Unha visita a Sogama dos grupos políticos da Comisión 2ª, da Fegamp, tamén se o teñen a ben, se queren participar nesta visita; unha visita sen trampa nin cartón...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...sen límite de tempo, visitando todas as instalacións: a planta de clasificación, a planta de incineración, o vertedoiro, a depuradora, a planta de compostaxe, que despois tamén lle darei detalles sobre como funciona, como non funciona...





**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten despois outra rolda, señor Bará. Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** ...—si— e o vertedoiro de Areosa, e tamén con representación de todos os traballadores.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORES:** ¿Acepta vostede esta proposta, señora conselleira?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

Señor Bará, empezamos o ano 2022 como rematamos o anterior, falando de xestión de residuos, tan só cunha diferenza: nós dando pasos en positivo e vostede igual que hai vinte anos ou igual que hai vinte e dous anos, defenestrando unha e mil veces Sogama e tamén o seu sistema. Creo que deberíamos de cambiar a estratexia. E, ademais, nun día coma hoxe, un día como hoxe onde celebramos o Día da Educación Ambiental. Día da Educación Ambiental no cal participa e colabora Sogama con moitos colexios en Galicia, con moitísimas asociacións en Galicia, que tamén o facemos dende o Goberno galego e dende a dirección xeral correspondente, pero que tamén o poderíamos facer dende os distintos grupos parlamentarios, que para iso nos pagan. Pero falar en serio, non de repente soltar catro números, que lle dá igual, sen ningún tipo de comparativa para simplemente ter un titular.

Señor Bará, hai dúas décadas, en catro anos, onde vostedes estiveron gobernando, onde non fixeron absolutamente nada por Sogama, e ben que cando se empeñaron e gobernaron houbo cousas que tiraron vostedes para atrás. Pero se miro os datos, o único que non fixeron en Sogama cando vostedes gobernaron xunto co PSOE foi xestión. E diso tamén lles podó falar.

Pero dito isto, parece que a vostede lle preocupan moitas cousas, e eu convido o seu grupo, en vez de intentar defenestrar, en vez de sementar dúbidas sobre trámites ou concursos, a unha proposta: faga vostede a denuncia onde ten que facela, é o mellor que pode facer por Galicia e o mellor que pode facer tamén por Sogama.

Se eu tivera que definir Sogama, eu diríalle antes e agora, antes na miña época de alcaldesa, agora como conselleira que teño as competencias: é un modelo clave para Galicia e para os concellos, dende o momento en que o 94,2 % dos concellos, señor Bará, reciben os servizos



de Sogama. ¡E digo eu que por algo será! Presta ese servizo fundamental á cidadanía a través da xestión sostible do lixo. É un modelo que, ademais, contén un complexo medioambiental onde vostede recordaba, efectivamente, as distintas plantas que ten e como foi avanzando, un total de 65 hectáreas en extensión, unido a esa rede de trinta e sete plantas de transferencia, distribuídas estratexicamente polo territorio.

E lanzaba vostede, ademais, ese convite de se eu estaba disposta a que vostedes foran visitar Galicia —Galicia non, Galicia tamén a teñen que visitar, saír un pouco máis de aquí, do Parlamento—, ir visitar Sogama. Por suposto, é que non é a primeira vez que os convidamos. ¿Pero vostede non se dá conta de que vén aquí solta un titular e despois non lle dedica nin sequera media hora a esa visita de Sogama?

Di iso como tamén é capaz de dicir que vetamos que a directora xeral compareza. Pero ¿é que non compareceu recentemente o presidente de Sogama, señor Bará? De verdade, ¿está vostede de broma? Non lle serve o presidente de Sogama, que é o que vostedes queren defenestrar. Por suposto, tampouco lle serve a política de biorresiduos, a Estratexia de biorresiduos, que foi aprobada no Consello da Xunta de Galicia, que son 60 millóns de euros, que ademais foi coordinada cos concellos, que foi coordinada coa Fegamp. Pero é que lle molesta que vaia ben Galicia dende o punto de vista de xestión de residuos.

Dito isto, teño que dicirlle que foron moitos os avances, por suposto. Dende o ano 2018 o vertedoiro de residuos non perigosos está selado, e no día de hoxe está revexetado o 90 % dese vertedoiro. Incluíronse nos orzamentos 8,2 millóns de euros para que isto fose posible.

Efectivamente, hai un grande equipo humano en Sogama, quíntos postos directos, quíntos empregos indirectos. E eu non lle podoo consentir aquí que poña en entredito a esa xente, dende o peón ata o enxeñeiro, que fai posible que Sogama estea aberta os trescentos sesenta e cinco días do ano. Ademais, son os que redactan eses pregos que despois saen a licitación. Por certo, a última licitación á que vostede se refire, esa que di vostede que hai moitas sombras e moi poucas luces, non houbo ningún recurso, señor Bará, por parte de ningunha empresa.

Señor Bará, ¿como é posible que vostede veña aquí poñer en entredito os concursos, os pregos que redactan os profesionais, e pregos ademais que son supervisados despois pola Xunta de Galicia, polo Consello de Contas? Pero é que a vostede lle dá o mesmo, e aínda por riba pretende defenestrar as empresas galegas. ¿Que ocorre?, ¿fanlle dano a vostede as empresas galegas? ¿Preferiría que gañara ese concurso calquera outra empresa? Gañan o concurso aquelas que apostan por Galicia, fan un bo traballo e, ademais, que rexen e, polo tanto, cumpren dende o punto de vista técnico.

Dito isto, eu falaríalle sobre as licitacións, como se fixo esta licitación e como se redactan os pregos. Mire: os obxectivos que se perseguiron neste concurso son, por un lado, a prevención, a reutilización, a reciclaxe, e ademais en todos os concursos, dende o primeiro ata o último, e son os establecidos tamén pola normativa europea, cos principios de economía circular, e moléstalle aínda por riba que Sogama se chame «circular», e non sei por que, e cunha xerarquía, a xerarquía dos residuos, que é a prevención, que é a redución e que é con-



tinuando, dando pasos cara á reciclaxe, e, por suposto, en último lugar, que vaian ao vertedoiro os nosos residuos.

E eu podo aquí presumir de rigor, de rigor nas adxudicacións. ¿Por que? En primeiro lugar, porque se rexen pola Lei de contratos do sector público, seguindo un procedemento pulcro, transparente, supervisado por distintas entidades. En todos os casos, a avaliación das ofertas corre a cargo dun equipo técnico con formación específica, solvente e, sobre todo, con experiencia; aquela que non ten vostede nin tampouco podería ter eu, non poderíamos estar aí, señor Bará. Polo que baixo ningún concepto eu lle permito aquí que cuestione o persoal que traballa. Ademais, os licitadores que no están de acordo poden presentar recurso contra estas adxudicacións; algo que non aconteceu. E se aconteceu ás veces, e non neste concurso, dígolle que tanto o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia como o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lle deron sempre a razón a Sogama. E non é casualidade que fose así durante vinte e dous anos, xa que os procedementos son incuestionables, señor Bará.

Dito isto, resulta sorprendente que para o BNG supoña un problema ese feito de que as adxudicatarias dalgúns contratos sexan empresas galegas que xeran emprego en Galicia. E non só gañan concursos na nosa comunidade —¡xa só faltaría!—, é que os gañan a nivel nacional e gáñanos a nivel internacional.

O que vostede parece que non coñece moito é que as empresas que se presentan a este tipo de concursos son moi especializadas. Polo tanto, non é o mesmo que facer unha estrada, onde hai máis persoal, onde se quita a licitación, un concurso, e poida que se presenten dez ou vinte. Aquí, non. Vaia vostede a Madrid aos últimos concursos. Traballe, señor Bará, un pouco no ano 2022. Madrid, última licitación neste eido: 145 millóns de euros, presentáronse catro empresas. Valladolid, 117 millóns de euros, catro empresas. Asturias —témola aí, ao carón—, 64 millóns de euros, tres empresas. Albacete, 56 millóns de euros, catro empresas. Tenerife, 715 millóns de euros, tres empresas. ¿Por que? Porque son empresas moi especializadas.

Dito isto, máxima transparencia sobre o contrato ao que fai referencia na súa pregunta. Quero deixar claro que se licitou a valorización neste caso enerxética da parte non reciclable contida no lixo en masa. Un procedemento que se leva a cabo con todas as garantías medioambientais.

Por outro lado, os pregos de condicións son elaborados por un equipo técnico. E isto cabe engadir —e vólvoo repetir unha vez máis para que quede claro— que non houbo ningún tipo de recurso.

¿Cando se publicou e cando se fixo público? O 19 de xullo de 2021. As empresas tiveron dous meses. Neses dous meses, as dúas firmas que foron en UTE, e polo tanto eran varias empresas, percorreron as instalacións, sen tempo, señor Bará; igual que cando vostede teña a ben ir visitar Sogama, que xa o convidamos varias veces e que non hai maneira de que vostede vaia. Estase moito mellor sentado aí que indo a Sogama. Porque, claro, é que aí están as explicacións e despois...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.



**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...quedamos fatal.

A partir de aí, por suposto, hai que dicirlle que se adxudicou, e ademais teño que dicirlle por canto. Son 238 millóns de euros a xestión durante dez anos destas plantas do complexo medioambiental. Fíxose a unha UTE, tamén para que quede clarísimo, porque non hai nada que ocultar. A UTE é Sociedade Galega de Polímeros, S. A., Setec Building, S. L. U., Espina Obras Hidráulicas, S. A.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señora conselleira, di vostede que hoxe é o Día da Educación Ambiental. Podían falarlle da educación ambiental, por exemplo, ao Consello da Cultura Galega ou ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que acaban de sacar informes e sentenzas que son demoledores e contundentes fronte á depredación ambiental que está levando a cabo a Xunta do Partido Popular, señora conselleira. Tiñan que vostedes facer moita educación ambiental e política ambiental para evitar estes *varapaus* que lle acaban de dar estas dúas institucións.

E di vostede con absoluto descaro que vimos aquí traer catro datos; así é como lle chama vostede á documentación oficial do Miteco e da propia Xunta de Galicia. Porque eu trouxen aquí informes e documentación e datos da Xunta de Galicia. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara un documento.*) ¿Estes son catro datos? Os catro datos de Sogama serán, o que pasa é que estes datos botan abaixo toda a propaganda e todo ese fume pintado de verde do Partido Popular, e non lles gustan, claro. Pero está aquí clarísimo: 750.000 toneladas, o 85 % dos residuos de Galiza tratados por Sogama; van queimar 525.000 toneladas ou ao vertedoiro 228.000 toneladas. Isto é incontestábel, non son catro datos, señora conselleira. (*Aplausos.*)

Estratexia galega de biorresiduos. Efectivamente, vostede di que a aprobou o Consello da Xunta, pero non temos ningún documento desa estratexia, e non se consultou aos concellos, nin se consultou á Fegamp. Vostedes o que fixeron foi convocar unha xornada informativa para os concellos e presentarlles este *power point*. (*O señor Bará Torres amósalle á Cámara uns folios.*) Isto é o único que existe coñecido dese plan. E xa lles digo: estano tramitando de maneira ilegal, irregular (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É un plan, é un proxecto que ten que ser sometido a un procedemento, entre eles, a avaliación ambiental, porque hai unha lei que di que todos os plans e programas teñen que someterse á avaliación ambiental, e máis cando teñen este conxunto de instalacións. Por certo, que non ten pés nin cabeza.

Primeiro, porque as plantas de compostaxe, cada unha ten a súa tecnoloxía, son tecnoloxías desfasadas. E temos aí os datos de Areosa, que non menten, é un auténtico fiasco, pois leva dous anos funcionando, e estaba previsto que recollese 15.000 toneladas e non chega nin a



1.000. É que, claro, vostedes só conseguiron que levasen alí os seus residuos tres concellos, porque o de Arteixo nin sequera vale para levar para alí, non llo aceptaron. O único que está levando 400 toneladas é Carballo, o único. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, A Laracha leva un pouquiño e Cerceda case nada.

¿E sabe o que pasa? Que non sacan compost de aí; non sacan nada, nin certificado nin nada. Vostedes o que fan é comprar o compost para facer unha foto de que sacan compost literalmente. *(Murmurios.)* Témolo acreditado porque fomos alí. Temos a información dos camioneiros e de persoas que foron alí, e din que alí non se saca compost. E vostedes para facer o paripé, para facer unha foto, compraron o compost e déronlles un pouco aos concellos. É un auténtico desastre, é un fiasco. Parece cine cómico, pero é así, tal cal, señora conselleira.

E vostedes fan unha estratexia cun conxunto de instalacións e ignoran que xa hai como a Deputación de Pontevedra, que fai un gran plan de biorresiduos, que está acreditado en toda Europa como a superpolítica dos residuos que hai que seguir, por parte de organizacións consultoras da Unión Europea. E dálles igual, fan unha Estratexia de residuos e exclúen aos concellos que están na planta de Lousame, aos concellos de Revitaliza... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, vostede. Si, non, non, non, vostedes. Mire: en vez de atacar aos que fan as cousas doutra maneira, como fan vostedes, nese acoso e derribo que intentan contra Lousame, se fixeran as cousas que teñen que facer, mellor nos iría neste país, señora conselleira.

Claro, vostedes van co piloto automático. Entón, o que decidiron é tirar para adiante e hipotecar por dez anos o futuro con este contrato de 238 millóns de euros. É unha hipoteca para o futuro porque está cambiando a normativa, está cambiando a xestión dos residuos. E vostedes van co de sempre, coa política do pasado, coa política do plistoceno dos residuos.

Prevedo que aí hai que queimar, ¿que van queimar alí? Fíxenlle unha pregunta e non mo dixo, non me respondeu. Porque se non van os biorresiduos, ¿que se vai queimar alí? Non dá para alimentar ese monstro. Pregúntolle outra vez: ¿van queimar aí plásticos trasladados de todo o Estado, recollidos por Sogapol, que os ten alí ao lado, que é unha das empresas adjudicatarias do contrato da planta de incineración?, ¿van queimar ese plástico ou vai arder un día por casualidade, como xa lle arderon dúas plantas a esta empresa? ¿Non se pararon a pensar que pasa con eses «accidentes», incendios nesas plantas? Quero que me responda a isto, señora conselleira.

E quero que me diga se están dispostos a organizar unha visita de común acordo na Comisión 2ª con todos os grupos políticos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...neste trimestre, podendo visitar sen límites de tempo todas as plantas de Sogama, e podendo entrevistarnos cos comités de empresas de todas estas plantas. ¿Acepta a proposta?

¿Acepta chegar a ese acordo de mínimos que lle ofrecín aquí para poder avanzar cara a outras políticas de residuos ou, polo menos, para facer complementarias as alternativas distintas que hai no país e non atacas, como fan vostedes?



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Quedan sobre a mesa estas propostas, estas ofertas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor BARÁ TORRES:** Esperamos que as teñan en conta...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, rematou o seu tempo.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e que poidamos realmente avanzar cara a outro modelo de residuos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e cara a outro modelo de biorresiduos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidente.

Señor Bará, repítollo unha vez máis: foron vostedes convidados, seguen estando convidados e, por suposto, tratándose dunha empresa e estando convidados teñen que ir un número determinado de persoas que estarán cos técnicos e que se lles explica de primeira man como se lles explicou a todos os senadores dos distintos grupos políticos que estiveron antes do Nadal, aos franceses que viñan aprender da planta de Sogama. Esa que vostedes tanto defenestran. *(Aplausos.)*

Datos: nos últimos cinco anos en Sogama incrementouse a reciclaxe nun 43 %. Non lle vou dar os datos de Lousame nin de Nostián, aquí estamos para intentar axudalos. Non nos descartamos nós de nada, señor Bará, quen nos descarta é o Goberno central, do cal vostedes son socios.

Por certo, falando de socios, supoño que saberá que se segue para diante a Lei de residuos están obrigando vostedes a que antes do 30 de xuño os concellos galegos de máis de cinco mil habitantes teñen que ter o quinto contedor; ese que di vostede que tampouco lle gusta e que non foi avaliado por vostedes, só foi avaliado polos distintos representantes na Fegamp e, polo tanto, polos distintos concellos.





Dito isto, deixe vostede de falar de queima e fale de valorización. Eu antes dicíalle: visite Galicia, visite Sogama e visite Europa. Eu convidada pola embaixada, e ademais porque os datos de Galicia son bos, e ademais porque nos poñen como imaxe do que hai que facer, estivén en Copenhague, en concreto coñecendo o CopenHill. Merece a pena, é outro Sogama, pero é que é na mesma cidade. ¡Que si, señor Bará!

E doulle máis datos: países como Suecia, Dinamarca ou Finlandia, sen contar con Noruega, por non ser membro efectivo da Unión Europea, estaban no ano 2019 en porcentaxes do 47 % e o 56 % de valorización enerxética; iso que vostede segue chamando «incinerar». E a media europea está nun 28 %. Esa é a realidade.

Vertido técnico cero. Efectivamente, é que o imos cumprir antes dos dez anos establecidos pola Unión Europea. ¿Como me pode dicir vostede a min que non? ¿Quere que lle dea datos de cando vostedes estaban gobernando? Aí si que non se cumpría de ningunha das maneiras. Non se cumpría porque no ano 2008, ¿sabe vostede canto mandaban ao vertedoiro vostedes? Pois un total de 413.378 toneladas. ¿Sabe canto vai agora directo ao vertedoiro? Unhas 5.463 toneladas, un 98,7 % menos. Esa é a realidade de Galicia.

E seguimos falando de plantas como a de Sogama, á que tanto defenestran. En Europa hai catrocentas noventa e dúas plantas, doce delas están en España. En Galicia temos unha; en Francia, cento vinte e unha; en Alemaña, noventa e seis; en Italia, trinta e oito; trinta e sete en Suecia; vinte e seis en Dinamarca, dezaioito en Noruega. Educación ambiental, iso é o que propoñemos, educación ambiental e avanzar, non intentar defenestrar.

A xestión dos biorresiduos, e ten vostede dúbidas. Eu non sei de que dubida. En Galicia está-mola dotando de catro plantas de compostaxe. Efectivamente, unha está en Cerceda, e trátanse os residuos cando os concellos manden os residuos. E os concellos teñen a obriga segundo a nosa lei, a Lei de residuos, de levalos antes do 1 de xaneiro do ano 2024. Segundo a lei que vostedes apoian co Goberno central ten que ser este mesmo ano. Ímolo ter complicado.

E xunto con isto van estar apoiadas por trece plantas de transferencia, que terán unha tolva específica para a materia orgánica. ¿Investimento? Uns 38,6 millóns de euros. Estas plantas, por suposto, van estar dotadas coas tecnoloxías máis innovadoras, coas que se pode elaborar un compost de alta calidade, o certificado, non para valorizar. E certificado quere dicir que pode ser utilizado na agricultura e tamén na xardinería. Ese que se certifica e que vai dos concellos, por exemplo, de Carballo, tamén da Laracha.

E falaba vostede de Arteixo. ¿E sabe por que non vai de Arteixo? Porque se está facendo educación ambiental coa cidadanía, porque ten que partir de abaixo, de abaixo para arriba, para que despois se poida tratar. Pero eu teño, que vén de aquí, loar o traballo que está facendo o Concello de Arteixo, máis que intenso para que isto poida ser posible.

Polo tanto, se vostede ten algunha dúbida sobre o Plan de biorresiduos, eu dígolle que chame a calquera dos concellos, porque seguro que non a van ter. O que estamos facendo é axudalos, axudalos para que teñan contedores, e se optan pola compostaxe, que teñan composteiros individuais, e se optan pola comunitaria, por suposto, que teñan compostaxe comunitaria,



tamén biotrituradoras, pero tamén para que teñan puntos limpos móbiles ou puntos verdes en caso de non telos. Iso é o que está facendo o Goberno galego neste momento.

Polo tanto, Sogama, a definición de Sogama, para min: empresa pública exemplar que cumpre con todos os requisitos dende o punto de vista medioambiental, con rigorosas medidas de prevención e xestión, coa Lei de contratos do sector público, coa normativa en materia de prevención de riscos laborais. Gústennos ou non, gústenlles a vostedes ou non, este é o modelo...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que ir rematando, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...polo cal optou Galicia.

Ademais, innovando, innovando continuamente, e recoñecendo, recoñecendo, por exemplo, ano 2021, Sogama foi premiada nos European Business Awards París, na categoría Compromiso medioambiental. Ano 2021, Ardán volveu distinguila como empresa referente na economía,...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que rematar, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...outorgándolle os diplomas de empresa circular ou empresa en igualdade de xénero. E así lle podería dicir ata máis dunha vintena de recoñecementos a nivel galego, a nivel nacional e a nivel internacional.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

### ***Alteración da orde do día***

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Procedemos agora a unha alteración da orde do día. Pasamos ao punto 6, de preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración por parte do Goberno galego do anteproxecto da futura lei de vivenda**

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Freire Vázquez.

**A señora FREIRE VÁZQUEZ:** Grazas, presidenta.

Antes de nada pedir novamente desculpas á Cámara por esta afonía que aínda persiste.

Bo día, señora conselleira.



Despois de moitos meses de anuncios nos medios de comunicación, o pasado 26 de outubro o Consello de Ministros do Goberno de España tomou en consideración o Anteproxecto de lei de vivenda, co que se iniciou polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana a tramitación do texto.

Dende o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación que o anteproxecto da futura lei de vivenda se iniciase sen consenso nin consulta previa coas distintas comunidades autónomas, e concretamente con Galicia. O texto non se abordou nin debateu na correspondente Conferencia Sectorial de Vivenda, que sería o propio, e máxime tendo en conta que son as comunidades autónomas as que teñen as competencias en materia de vivenda e as que deben xestionar as medidas propostas.

Sabemos que o Proxecto de lei estatal de vivenda non foi outra cousa que moeda de cambio para conseguir o apoio aos orzamentos xerais do Estado, un acordo PSOE-Podemos, co único obxectivo de manter en pé un pouco máis ao Goberno de Pedro Sánchez. É lamentable que no seo do Estado se acabe lexislando non para solucionar os problemas e as necesidades dos cidadáns, senón para que Pedro Sánchez conserve o seu posto.

Tras unha primeira análise do texto despréndese que se entra a regular cuestións tan importantes como a ocupación de vivendas, as zonas tensionadas, a limitación do prezo do alugueiro, o concepto de vivenda baleira, cunha recarga do 150 % no IBI, ou que mesmo se chega a incorrer na invasión de competencias autonómicas.

O sector e os expertos advirten sobre o seu posible efecto contrario, que a lei restrinxirá a oferta de vivenda e levará consigo un encarecemento do prezo do alugueiro, ademais do atentado grave á seguridade xurídica, que se está vendo claramente afectada con continuos cambios lexislativos. E isto non se dixo dende este grupo parlamentario, senón que o din os diferentes expertos e analistas.

Dende o Goberno galego xa se advertira en diferentes ocasións da invasión da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda, o que foi negado polo Goberno central. Hai pouco máis dunha semana, o Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial cerraba o informe que validaba o Anteproxecto da lei de vivenda, que o Goberno central tiña previsto aprobar o pasado 18 de xaneiro. O órgano constitucional, nun informe, recordaba ao Goberno que a vivenda é unha materia de titularidade autonómica e afeaba ao executivo que invada as competencias das comunidades autónomas. Como non pode ser doutro modo, o Goberno galego está preocupado e alerta pola clara invasión das competencias e pola incidencia desta nova lei que o Goberno estatal pretende aprobar pola porta de atrás.

Por tal motivo, queremos preguntarlle: ¿que primeira valoración fai o Goberno galego ante o Anteproxecto da futura lei de vivenda?

De momento, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Freire.



Para dar resposta á pregunta ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, presidenta.

Señora Freire, efectivamente, dende a Xunta de Galicia e dende a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estamos moi preocupados pola deriva que está tomando o Goberno central en políticas de vivenda, tomando decisións que afectan directamente as comunidades autónomas sen contar en absoluto coas comunidades autónomas e pasando por riba das competencias; competencias que nos veñen outorgadas pola Constitución pero tamén polo Estatuto de autonomía e que son clarísimas. Son sinais moi claros de apostar dende o Goberno de Pedro Sánchez e dos seus socios por un estado totalmente centralista, invadindo a autonomía que temos as comunidades autónomas.

Claro exemplo disto é este Anteproxecto de lei de vivenda. É un texto que regula materias que son propias das comunidades autónomas, non ten en conta as diferentes realidades dos distintos territorios, contén moitísimas indeterminacións, moita falta de concreción. De feito, moitas das medidas propostas reflicten un absoluto descoñecemento da realidade no noso caso, da realidade de Galicia, e son contrarias ás políticas públicas que se están levando a cabo en Galicia a través do Pacto social pola vivenda.

Pero isto non o di soamente a Xunta de Galicia, non o di a Consellería que ten as competencias, dio tamén o Consello Xeral do Poder Xudicial cun informe demoledor, que fixo que polo de agora o Goberno recuara, pero que dá a impresión de que lle dá o mesmo. Sería a primeira vez que se rompería esta harmonía, pero que vai tirar para adiante.

Este pronunciamento do Consello Xeral do Poder Xudicial dálle unha vez máis a razón á Xunta, xa que considera que a futura norma tal e como está redactada invade as nosas competencias, competencias exclusivas que temos en materia de vivenda. Estas son unhas competencias que Galicia ten atribuídas igual que o resto. Nelas, ademais, eles pretenden dende controlar o que é a vivenda protexida, a vivenda pública e de cada comunidade autónoma, pasando por outros aspectos, como ao que se refire nos plans xerais de ordenación municipal o solo destinado a residencial, ou o establecemento desas zonas consideradas tensionadas, ou a limitación do alugueiro mensual. Algo que é moi inconcreto, onde non se sabe moi ben se ao final seriamos as comunidades autónomas, se serían os concellos... En realidade, en Galicia podemos dicir que tal e como está redactado non habería ningunha zona tensionada.

Pero, ademais, dende a Xunta tamén rexeitamos que a través da nova lei se admita a ocupación ilegal dos inmobles como un forma de afecto, porque iso é o que se fai.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Freire Mejuto.



**A señora FREIRE MEJUTO:** Grazas, presidenta.

Grazas, señora conselleira, pola súa resposta e pola súa rotundidade defendendo os intereses de Galicia e dos galegos e galegas fronte a un Goberno central que ben que durante a pandemia que sufriu este país renunciou a exercer as súas competencias, agora pretende coa lei estatal de vivenda invadir competencias que non lle corresponden. Pero o de renunciar ás competencias e aos problemas que lle corresponden por parte do Goberno central xa parece que se converte en costume.

Nos últimos meses estase a producir unha forma de actuación por parte da Sareb coa intención de non prorrogar ou resolver os contratos de arrendamento das familias que viven en edificios da sociedade. Sabemos que por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Consellería se está en contacto cos afectados, e requiriuse a Sareb para saber a que obedece esa forma de actuar. E grazas á mediación da Xunta de Galicia arrincouse un compromiso á sociedade de analizar as circunstancias das familias que habitan esas vivendas e para a concesión de contratos de alugueiro social para situacións de vulnerabilidade.

Así, o Goberno galego é o que está a intermediar ante a Sareb para facilitar a permanencia nas vivendas dos titulares que actualmente as ocupan, a pesar de que o Goberno central é o que ten a verdadeira capacidade e responsabilidade para intervir na toma de decisións e na forma de actuar da entidade, ao ostentar a condición de accionista maioritario a través do FROB, e está desaparecido.

Dende logo, dende este grupo parlamentario vemos con preocupación non só a forma de actuar da Sareb, senón tamén a falta de intervención por parte do Goberno central, que se mantén de brazos cruzados nun asunto de capital importancia que lle corresponde abordar.

Gustaríanos, señora conselleira, que nos puidese informar sobre este asunto que tanta incerteza crea e preocupa a centos de familias galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señora Freire.

Para a réplica ten a palabra a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** Grazas, presidenta.

Eu, señora Freire, definiría o texto como un capricho de Podemos, consentido polo PSOE. Esa é a realidade deste anteproxecto de lei, non hai outra. Ata o de agora o señor Ábalos pois parece que o freou, pero agora xa non se frea e, polo tanto, queren continuar con esta liña.

Nós solicitamos, por suposto, a retirada do texto da futura lei de vivenda, por inconstitucional, en primeiro lugar, e á parte porque vai supoñer unha auténtica paralización do sector inmobiliario, de xeito especial da promoción pública protexida. Esta é unha lei que non é



boa para ninguén; non é boa para as comunidades autónomas, non é boa para os promotores, non é boa para os propietarios de vivenda e é peor aínda para aqueles que queren acceder a unha vivenda, excepto para os que fan ocupación ilegal. É para os únicos para os que é boa esta lei.

Por outro lado, si é certo que a lei di unha cousa e o Goberno central está facendo outra, e a Sareb é do Goberno central. Polo tanto, estamos asistindo nos últimos meses a desafiuzamentos continuados por parte da Sareb. Así llo fixemos saber á ministra a semana pasada tanto o presidente da Xunta coma eu mesma. Ela dicía que non era coñecedora desta situación, o cal é moi preocupante que non sexa coñecedora. Fixéronse saber todos os datos a través de carta, e a partir de aí esperemos que reaccionen.

Esperamos que reaccionen pero non do xeito que o fixeron ata o de agora, porque o que fixeron ata o de agora —segundo din os distintos medios de comunicación, porque como non temos Conferencia Sectorial descoñecemos o que nos vai pertencer, nin tampouco como están facendo a repartición— pois é, por exemplo, darlle 10 millóns de euros a Cataluña para que si merquen vivendas da Sareb; algo que non se está facendo con Galicia nin con outras comunidades autónomas. Isto negouse por parte da ministra, pero está nos medios de comunicación e, por suposto, se ao final segue saíndo nos medios de comunicación será por algo, ¿non?

Polo tanto, eu creo que neste momento hai unha soa preocupación, e a preocupación non está pola cidadanía, senón que a preocupación está por manterse no goberno o señor Sánchez. Polo tanto, está preocupado pola reacción dos seus socios neste ámbito.

Preocupados tamén polo plan de vivenda. O Plan de vivenda está cofinanciado polas comunidades autónomas. E parece que aquí o Plan de vivenda é que nos dan os cartos e xa está. Pois enterámonos polo BOE, pero non temos convenios asinados, non podemos quitar as bases correspondentes, e despois haberá quen nos diga que executamos mal. É imposible executar se non empezamos con esa execución. Un plan de vivenda que, ademais, sempre foi consensuado coas comunidades autónomas, e agora descoñecemos en que vai dar.

Polo tanto, agardamos, e así reivindicamos, unha Conferencia Sectorial, para saber o que nos pertence, porque no día de hoxe eu non sei o que nos pertence, nin co Plan de vivenda, nin con ese plan que a bombo e platillo...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora presidenta.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):** ...estiveron anunciando para que os xoves se poidan emancipar.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora conselleira.

Volvemos ao punto cuarto.





**Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos**

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Para defender a interpelación ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Esta interpelación vén motivada pola preocupación derivada do feito de que incluso a pesar da grande opacidade en materia de contratos da Xunta de Galicia, se contrastamos os últimos datos agregados de contratación autonómica publicados pola propia Xunta, que son de 2018, cos datos da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, resulta que a Xunta de Galicia é a administración autonómica que máis recorre á contratación directa en España, porque adxudica máis de catro de cada dez euros a dedo, con contratos menores sen publicidade, nin concorrência. E o contrato menor é con gran diferenza a principal figura de contratación da nosa Administración autonómica, a pesar de ser unha modalidade de contratación pensada e deseñada para ser excepcional; é dicir, na Xunta o que debería ser excepcional convértese na norma.

E podo engadir que a publicidade que se lles dá a eses contratos é total e absolutamente insuficiente, ademais de estar deseñada expresamente para dificultar a súa análise. E se aos contratos menores, que representan o 41,3 % do total, lles engadimos os procedementos negociados, que representan o 6 %, resulta que case a metade dos contratos da Xunta se dan a dedo; concretamente, o 47 % dos contratos da Xunta danse a dedo segundo os seus propios datos.

¿E saben cal é unha das cousas que distinguen a democracia dos países non democráticos? A transparencia. Se en Rusia houberse transparencia probablemente estes días non estaríamos atentos á posibilidade dunha guerra en Ucraína, que pode implicar a toda Europa, porque Rusia sería unha democracia, e sabemos que as democracias non fan guerras entre si, senón que tenden a resolver os seus problemas pacificamente.

¿Saben vostedes outra cousa que distingue as democracias dos países non democráticos? Pois o cumprimento da lei e a suxeición en especial das administracións públicas a ese cumprimento, que é o que se chama «principio de legalidade». Significa que a administración funciona con base na lei e non ao capricho político do político de turno ou do xestor de turno.

E nesas dúas asignaturas democráticas fundamentais: a asignatura da transparencia e a asignatura de cumprimento das leis, vostedes sacan —teño que dicilo— moi mala nota e, polo tanto, rebaixan a calidade da nosa democracia, empeoran a nosa democracia, e salvando as distancias seguen a estela dos Vladimir Putin do mundo, polo menos nesta materia.

No caso que nos ocupa nesta interpelación, unha administración, a máis importante de Galicia, como é a Xunta, que está obrigada legalmente a algo tan básico, tan elemental como publicar os datos dos contratos que celebra, sistematicamente incumpre esa obriga legal rompendo cos principios de transparencia e legalidade, que son piares fundamentais da nosa



democracia. Porque o artigo 8 da Lei 19/2012, do 9 de decembro, de transparencia ao acceso á información pública e bo goberno, establece que deberán publicarse «datos estatísticos sobre a porcentaxe en volume orzamentario de contratos adxudicados a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público». Non di: a Xunta «poderá publicar» ou «poderá non publicar», di: «deberan publicarse».

E sorprendentemente, a pesar do que dispón con meridiana claridade esa lei, na páxina web de transparencia da Xunta de Galicia, estes datos figuran ata o ano 2018, pero no día de hoxe, 26 de xaneiro de 2022, non figuran os correspondentes aos anos 2019 e 2020; un atraso que non é puntual, senón que se repite ano tras ano e de xeito sistemático.

A transparencia con tanto tempo de por medio caduca; non hai transparencia se os datos non se publican en tempo e en forma axeitados. Isto de publicar os datos estatísticos dos contratos públicos non é algo menor ou baladí.

Coñecer os datos dos contratos públicos permítenos, por exemplo, saber que o señor Baltar adxudica a dedo o 80 % deses contratos, casualmente case sempre a empresas vinculadas ao Partido Popular. Igual que outorga a dedo máis do oitenta por cento das subvencións, casualmente tamén, case sempre a concellos do Partido Popular. E isto non o pon de manifesto este deputado senón un demoledor informe do Consello de Contas de Galicia, que coñecemos a mediados do ano pasado e que revela uns datos que amosan un nivel de discrecionalidade na asignación dos recursos públicos que talvez sexa normal en Rusia, pero que é absolutamente impropio dunha administración pública española no século XXI. É, desde logo, con enorme diferenza a deputación de España que máis recursos públicos adxudica a dedo, con enorme diferenza. E esta análise dos datos da contratación que fai o Consello de Contas permite a calquera persoa razoable, por certo, inferir que na Deputación de Ourense se está producindo un saqueo sistemático dos recursos públicos, nunha provincia como a de Ourense, que necesita moito eses recursos.

E fago esta mención porque para saber que pasa na Xunta, se segue a mesma estela da Deputación de Ourense, coa que vostedes comparten partido político ou non, necesitamos que se fagan públicos os datos de contratos da nosa Administración autonómica. Cousa que non fai a Xunta porque hoxe sabemos o que pasou en 2018 pero estamos en 2022. E criticar o que pasou en 2018, tres anos despois, perde gran parte do seu sentido e significado porque estamos xa noutra lexislatura. A análise das cuestións públicas, para poder ser seria e rigorosa, debe poder producirse puntualmente e non cun atraso de anos. Non hai transparencia cando os datos se publican con anos de atraso como fan vostedes.

E cando lle preguntei á Xunta o 30/6/2021, é dicir, aproximadamente oito meses, cal é o motivo de que se atrasase durante anos a publicación de determinadas informacións legalmente obrigatorias, entre estas a que estamos falando dos contratos, dixéronme que fora polo coronavirus. Pero iso foi hai oito meses, e seguimos igual e chove sobre mollado.

Vostedes son incapaces de publicar uns datos que son moi importantes para o control democrático do seu goberno e que deberían ser publicados en tempo real se a Administración autonómica galega funcionase cun mínimo de eficacia e transparencia, ¡un mínimo!, non moita nin sequera, ¡un mínimo!, en tempo real; non tres anos despois no mellor dos casos.



Pero vostedes están encantados con esta administración incapaz de cumprir a Lei de transparencia en aspectos tan básicos e sinxelos de xestionar como este do que falamos hoxe. Porque ¡mira que debe ser fácil recompilar os datos de contratos de cada consellería, sumalos e poñelos na páxina de transparencia! Recompilar e publicar os datos de contratos da Xunta non é como conseguir a fusión nuclear. Recompilar e publicar os datos de contratos da Xunta non é como descubrir a penicilina nin inventar a roda ou a bombilla. Recompilar e publicar os datos de contratos da Xunta é soamente unha cuestión de vontade política. E se non o fan será porque non queren que ninguén analice o que fan cos cartos públicos. Non queren que se saiba o que fan cos cartos públicos. E esa será a explicación do seu atraso, porque outra non se me ocorre.

Pero — como dixeron — polo de pronto, analizando os datos de 2018, podemos saber que o 47,5 % do importe dos contratos da Xunta se deu a dedo, porque foron contratos menores ou negociados, é dicir, sen concorrència, sen concorrència real. Polo tanto, hai un 47 % dos contratos da Xunta que son *a priori* un territorio potencialmente propicio para a corrupción, que abre a porta a favorecer os amigos en detrimento do interese xeral.

En decembro do ano que acaba de rematar propuxemos no pleno desta cámara un plan para mellorar e modernizar a nosa Administración autonómica, con base nun mínimo de oito eixos, entre eles, a cuestión da transparencia, a cuestión da contratación pública. E vostedes votaron que non, amosando que non queren mellorar nin modernizar unha administración fortemente necesitada desa mellora e modernización.

E a semana pasada, sen ir máis lonxe, o PP votou non na Comisión 1ª a deseñar un plan de control de xestión pública das políticas públicas autonómicas, dotado cos correspondentes medios, que avalíe con carácter permanente a súa eficacia e eficiencia para optimizar o uso dos recursos públicos.

Polo tanto, no prazo dun mes, o PP de Galicia votou dúas veces en contra de mellorar a Administración pública galega, que non é nin tan sequera capaz de publicar os datos dos contratos que paga cos cartos de toda a cidadanía de Galicia.

E teño que dicir, unha vez máis, que segundo o Índice europeo de calidade de goberno elaborado pola Universidade de Gotemburgo, financiado pola Comisión Europea, Galicia é a décimo cuarta Comunidade entre as dezasete do Estado en materia de calidade de goberno, moi por debaixo da media estatal, o cal implica unha urxente necesidade de mellora dunha administración que con demasiada frecuencia entorpece en lugar de dinamizar.

Se falamos estritamente de transparencia, no último *ranking* que se fixo entre as comunidades autónomas por parte de Transparencia Internacional eramos a Comunidade número trece entre as dezasete analizadas. Por tanto, necesitamos mellorar.

Para rematar, poden vostedes explicar nesta cámara por que levamos tres anos de atraso na publicación dos datos estatísticos de contratación da Xunta e dicirnos cando van publicar eses datos, especialmente cando — como lles digo — os últimos publicados, que son de 2018, amosan que a Xunta é a administración de España que máis contrata a dedo. ¿Poden vostedes dicirnos cales son os datos por volume orzamentario...



**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...—remato, señoría— e por tipo de contrato no 2019 e 2020? Fíxese que non lle pido nin sequera os de 2021, que sería o normal en calquera administración eficiente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para contestar a esta interpelación ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos López-Prado.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, presidenta.

Grazas, señor Arangüena, pola súa pregunta, aínda que as comparanzas que empregou en especial co señor Putin son odiosas e máis achegadas ás súas posicións intelectuais.

Interpélame vostede pola política do Goberno galego en relación coa publicación e información en materia de contratos. Ao respecto quixera clarexarlle varios aspectos:

O primeiro é que dispoñemos dunha Plataforma de contratación na que calquera cidadán pode consultar todo tipo de información e datos sobre cada un deses procesos. Entre estes datos podemos atopar o número de contratos, os tipos de contratos, os procedementos de contratación, os importes de licitacións, os importes de adxudicación, informes das mesas de contratación, informes de avaliación sobre contratación, informes sobre prórrogas de contratos, contratos complementarios, etc. Como pode apreciar unha infinidade de datos sobre a contratación pública abertos a calquera cidadán.

Porque estamos comprometidos coa transparencia, estamos comprometidos coa rendición de contas e co servizo aos cidadáns, por iso xa no ano 2020, pese aos condicionantes da pandemia, comezamos a planificar os traballos e documentos que en materia de transparencia marcan a folia de ruta de toda a lexislatura.

Este proceso iniciámolo en xaneiro co Decreto 11/2021, que fixa a estrutura de competencias da Consellería de Facenda e Función Pública, facendo residir na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa todas as competencias en materia de contratación...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Señor Corgos...

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** ¿Si?

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Achegue un pouquiño o micro que non se lle escoita ben.



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):**  
¿Mellor así? Si.

Dicía que este proceso iniciarámolo en xaneiro co Decreto 11/2021, que fixa a estrutura de competencias da Consellería de Facenda e Administración Pública, facendo residir na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa todas as competencias en materia de avaliación, que ata ese momento residían na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da mesma consellería.

Entre os documentos de planificación que xa temos impulsados nesta lexislatura podemos atopar un abano de vinte e dúas medidas para incluír no IV Plan de goberno aberto da Administración xeral do Estado:

A participación a finais do ano 2020 na elaboración dos traballos que conduciron ao acordo sindical sobre teletraballo publicado o 7 de xaneiro do ano 2021.

A aprobación o 4 de marzo do ano pasado do Plan xeral de xestión de mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico para o período 2021-2023. Trátase dun documento de planificación que establece sesenta e catro accións agrupadas en vinte e sete medidas que se enmarcan en dez eixos de mellora da calidade e dos servizos que presta a Xunta de Galicia.

Tamén aprobamos no Consello do 29 de abril o Programa de xestión de entidades integrantes do sector público autonómico para o período 2021-2023. E un mes despois, o 26 de maio de 2021, fixemos o propio co Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión para o período 2021-2024.

Respecto do traballo colaborativo da Xunta co Consello de Contas, que se pode plasmar no seu informe «Diagnóstico dos sistemas de control interno, estratexia de prevención de riscos», de decembro de 2019, inclúense vinte e catro medidas en seis eixos de actuación, que se axustan punto por punto ás recomendacións realizadas por este máximo órgano fiscalizador.

Tamén quero subliñar que todos estes plans están publicados no Portal de transparencia. Ademais, todo este traballo a prol da transparencia e a rendición de contas non remata neste relatorio, e no último trimestre do pasado ano traballamos en varias liñas.

Galicia no ano 2021 foi a primeira Comunidade Autónoma en aprobar un Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude para os fondos Next Generation. Quero lembrar que na orde 30/2021 o Goberno de España obrigaba a todas as administracións con competencia para xestionar fondos europeos a aprobar un plan desta natureza. Pero na data de hoxe non temos noticia de que a Administración xeral do Estado teña o seu propio plan, e só tres comunidades autónomas, entre elas Galicia, contan cun plan desta natureza. Este plan permitirá identificar os principais riscos e medidas de prevención que afectan a integridade institucional de cada consellería e de cada entidade instrumental do sector público autonómico. Así mesmo, incrementará a transparencia na xestión e dará resposta ás demandas dos cidadáns, que exixen maiores niveis de rendición de contas no exercicio das funcións públicas.





E hai dúas semanas, no Consello do día 13 de xaneiro, aprobamos tamén simplificar o modelo de subvención a autónomos e a empresas. ¿Con que obxectivo? Co obxectivo de reducir os tempos de xestión e tramitación das ordes de subvencións financiadas co mecanismo de recuperación e resiliencia, e co obxectivo de mellorar o control sobre estas.

En canto ás datas de publicación dos informes anuais sobre contratación pública, quixera, en primeiro lugar, deixar ben claro que a lei non fala dunha periodicidade concreta na súa publicación. De feito, na Xunta de Galicia adoitamos publicar ano a ano estes informes, e así o viñemos facendo ata o ano 2020, cando a pandemia o mudou todo.

Por iso, en relación coa información do ano 2019, debemos ter en conta que boa parte da mesma se estaba a cargar nese primeiro trimestre do ano 2020 cando irrompe a pandemia e cambian as prioridades de xestión desa unidade de cara á colaboración normativa e reorganización do persoal nos episodios de emerxencia sanitaria que estabamos a vivir. Ademais, o final da primeira vaga coincidiu cunha convocatoria de eleccións e a posterior reorganización administrativa da Xunta á que me referín. Polo tanto, non se subiron os datos do ano 2019, é certo. Hai que ter en conta que non foi un feito illado na Xunta de Galicia, senón que lles ocorreu tamén a outras administracións públicas.

Obviamente, o ano 2020 foi un ano extraordinario así como gran parte do ano 2021. Pero recuperaremos este informe e decidimos publicar un informe que abrangue os exercicios 2019, 2020 e 2021, que se subirá á páxina web de transparencia nos vindeiros días. Por tanto, non se trata en ningún caso de non informar sobre os datos de contratación referentes ao 2019 e ao 2020, senón de ofrecer unha visión trienal e comparativa aínda máis transparente.

Neste intre estamos a procesar os datos que publicaremos nas próximas datas, e xa practicamente temos rematado o informe, que —como digo— se colgará nos próximos días. E será así porque como xa indiquei o Goberno galego está comprometido coa transparencia.

E como me pide tamén datos de contratación gustaríame referirme, a falta de rematar coa actualización dos datos do 2021, a algúns datos aos que alude nas súas preguntas. Como acabo de dicir, podo avanzarlle os principais do exercicio anterior, o correspondente ao ano 2020, e a comparanza co ano 2019.

Obviamente, a contratación estivo condicionada pola situación de pandemia —como acabo de dicir— e polos efectos iniciais do Real decreto lei que declarou o estado de alarma. Ademais, os períodos pre e postelectoral tamén influíron no descenso da contratación nese ano 2020. Así, fronte aos 190.754 expedientes do ano 2019, no ano 2020 publicáronse na plataforma de contratación un total de 174.469 expedientes.

No que respecta ao informe, tendo en conta as razóns aludidas, a contía licitada pasou de case 1.950 millóns de euros no 2019 aos 1.766 millóns de euros no ano 2020. Obviamente, tanto a declaración do estado de alarma do mes de marzo —como dicía— como as convocatorias de eleccións realizadas no ano 2020 diminúen estes tempos para licitar en relación cun período ordinario.





Quixera salientar ademais que no ano 2020 o cen por cento da contratación non menor se realizou a través do sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia. Do total de expedientes, algo máis de tres cuartas partes, o 76,8 % corresponden ao Servizo Galego de Saúde, o 10,3 % contabilizáronse nas consellerías e un 12,5 % noutras entidades do sector público autonómico. Así, a Plataforma de contratación de Galicia rexistrou no ano 2020 un total de 133.979 expedientes do Sergas, por importe de 1.012 millóns de euros; 17.951 nas consellerías, por importe de 421 millóns de euros; e 22.539 noutras entidades do sector público, por importe de 332 millóns de euros.

En relación coa súa última pregunta, relativa á tipoloxía de procedementos de contratación, quero salientar que, por exemplo, na licitación realizada polas consellerías, o 79,27 % do importe total licitado se realizou a través do procedemento aberto e que no conxunto das entidades instrumentais esta porcentaxe de procedemento aberto acada o 75,15 %. Moi lonxe, polo tanto, das cifras que sinalou na súa intervención.

Xa para rematar quero expresar o compromiso do Goberno galego para seguir afrontando a contratación socialmente responsable e a transparencia en materia de contratación.

En definitiva, compromiso total e reforzado coa transparencia, de forma xeral e polo miúdo, no referido aos datos de contratación. Neste momento estamos procesando e rematando o informe cos datos do 2021, e nos vindeiros días ofreceremos unha visión trienal e comparativa do período 2019-2021 aínda máis transparente.

Moitas grazas, máis nada. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señor conselleiro.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, dixo vostede que a miña ideoloxía é máis próxima a Putin que a súa. Ben, eu mencionei a Putin pola cuestión da transparencia da legalidade. Se tivera que dicir a quen se aproxima o señor Putin en cuestións de transparencia e de cumprimento da legalidade pois creo que se aproxima moito máis ao señor Baltar que a calquera membro do Partido Socialista. *(Aplausos.)* E, por certo, o señor Putin tampouco é —digamos— que poida ser aproveitado como exemplo de comunismo, que é o que vostede pode dicir, porque o señor Putin máis ben está nun bo fascismo, que é precisamente ao que leva a falla de transparencia e a falla de cumprimento da legalidade e o abuso da discrecionalidade no uso dos recursos públicos. *(Aplausos.)*

Faloume vostede, como non podía ser menos, de que teñen vostedes moitos plans e moitas medidas. Sempre que un lle fai algunha crítica á Xunta de Galicia concreta, medida e con datos, aluden vostedes aos centos de plans. O outro día a señora Paula Prado parécese que



dixo que teñen vostedes cento cincuenta e catro plans, nada máis e nada menos. O problema é que os plans son papel mollado.

O que si me di vostede é que en 2019 o problema foi que se estaba a cargar a información, e entón veu a pandemia. Ben, entón é un problema de carga. Isto da publicidade dos contratos públicos foi un problema de carga. En todo caso, tamén hai case oito meses dixéronme o mesmo, que foi a pandemia. Entón, o problema non foi a pandemia, parece que foi un problema de carga asociado á pandemia, que parece que se reproduce ata hoxe que os leva vostedes a ter tres anos de atraso nada máis e nada menos.

Dime vostede que van publicar eses datos. E xa me anticipa que hai un 79,27 % dos recursos da Xunta que en materia de contratación se xestionan polo procedemento aberto. Ben, contrasta notabilisimamente. Parece que melloraron vostedes moitísimo, alegráronnos moito, porque no 2018, que son os últimos datos publicados, pois era o 35 % por procedemento aberto; o cal é menos da metade, por exemplo, do Estado. En 2018 tiñan vostedes o 35 % por procedemento aberto; agora dime que van ter, segundo eses datos que di que van publicar —eu alegrareime moito—, o 79,27 %. Dime que eses datos están lonxe das cifras que eu manexo. Evidentemente, pero son as súas, as cifras que eu manexo son as súas de 2018. Imos esperar en todo caso a ver o que di ese informe que din vostedes que van publicar proximamente.

Sen vontade de mellora, sen transparencia —que percibo no seu caso e no caso de todos os representantes do Partido Popular que non existe—, sen control de xestión da administración pública, sen avaliación e medición real da eficacia, da eficiencia, das políticas da Administración autonómica, é absolutamente imposible garantir un certo nivel de resiliencia, que é imprescindible ante fenómenos, por exemplo, como a pandemia que estamos vivindo ou como as crises máis estruturais, como son as asociadas aos cambios económicos e sociais que estamos experimentando aceleradamente neste século e que virán nun futuro.

Por iso —reitero— preguntámonos como é posible que esteamos no ano 2022 e aínda non teñamos os datos de contratos do ano 2019, porque non é un problema de carga, señor conselleiro. É dicir, isto debería ser tan sinxelo como darlle a un botonciño e ter automaticamente recompilados os datos de contratos da Administración autonómica. Se non son capaces vostedes de facer iso é que son un auténtico desastre de administración pública en pleno século XXI.

Polo tanto, teñen vostedes a obriga de publicalo. Se me di vostede é que a lei non di cando. Evidentemente, o espírito da lei é que o publiquen vostedes coa inmediatez que permitan os medios tecnolóxicos dispoñibles. E —como digo— os medios tecnolóxicos dispoñibles nunha administración que estivera minimamente en condicións de eficiencia, de eficacia e de modernidade sería darlle a un botón e publicar os datos. Polo tanto, se non publican vostedes os datos, entenderá vostede que a nós, sobre todo tendo en conta o que ocorre na Deputación de Ourense e os seus datos últimos publicados no ano 2018, nos preocupa que non sexan capaces de poñer en rede, publicar e facer transparentes eses datos.

Para rematar, polos datos de 2018, sabemos e constatamos —aínda que vostede me di que variaron, pero son os seus propios datos— que hai na Xunta de Galicia unha tendencia moi



preocupante a contratar a dedo. Concretamente, contrastando eses datos cos datos dispoñibles a nivel estatal, son a administración que máis contrataba a dedo no ano 2018.

Non sabemos que pasou no 2019 e 2020, xa non digamos no 2021. Vostede anticipáanos algunha feliz noticia, pero por iso reclamamos que cumpran vostedes a lei, que establece con total claridade que teñen que publicar os datos estatísticos de contratación da Xunta. Cumpran, polo tanto, vostedes a lei publicando xa eses datos, aínda que sexa con tres anos de atraso. E así poderemos saber se Galicia segue a ser como en 2018 a Comunidade de España na que máis contratos se adxudican a dedo. E así tamén poderemos facer propostas para evitar que esa situación se reproduza no futuro, e que non pase en Galicia...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Arangüena.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...o que está pasando en Ourense, que nos preocupa moito.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor Arangüena.

*(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Corgos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, señor presidente.

Se cadra non me expliquei ben na miña anterior intervención. Eu non quixen dicir que era un problema de carga de datos; os datos están cargados e ao dispor de calquera persoa interesada en explotalos na Plataforma de contratación, como creo que si que dixen literalmente. O que non está cargado é o informe dos datos, que non é tan sinxelo como acaba de suxerir vostede de darlle a un botón e que apareza o informe. Nótase que nunca tivo que facer un informe que abrangue os contratos propios dunha administración que mobiliza un orzamento consolidado de máis de once mil millóns de euros.

Señoría, coido que na miña intervención dei datos abondosos sobre o nivel de compromiso da Administración galega en aras dun reforzo continuo de transparencia, non só en materia de contratación senón en global, así como de prevención de prácticas non desexadas.

Sobre a política de transparencia en contratación permítanme insistir: calquera cidadán —como acabo de dicir— ten información abondosa na Plataforma de contratación, na que pode consultar calquera dato no que estea interesado, como o número de contratos, tipos de contratos, procedementos de contratación, importes, informes de valoración, informes das mesas de contratación, informes de peritos expertos, modificación de contratos, prórrogas, complementarios etcétera.



En canto á publicación do informe anual en materia de contratación —insisto—, a lei non fala dunha periodicidade concreta para a súa publicación, e estamos ultimando os datos de 2021. Xa debía estar subido á plataforma, certamente. En datas próximas, nos vindeiros días, non só publicaremos o informe que refire os datos de 2019, senón o informe que refire o período 2019–2021.

E vólvolle dicir que a razón de que non estean aínda publicados se debe á situación de pandemia que aínda estamos a padecer, unha situación que non só condicionou á Administración galega. Pero eu penso que en materia de transparencia, neste concreto pormenor, agás o que atinxe a este informe, cumprimos sobradamente na forma e no fondo. De feito, poreille dous exemplos:

O primeiro referido ao IV Plan de goberno aberto da Administración xeral do Estado, sobre o que a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou incluír unha epígrafe en materia de integridade institucional. Pois ben, neste momento, o nivel de compromisos acadados por Galicia neste apartado do plan é superior ao setenta por cento. Pola contra, a Administración xeral do Estado aínda non ten feito nin a diagnose dos seus sistemas de prevención da corrupción nin, por suposto, aprobado ningún plan ou programa. Xa sabemos que pensa que temos moitos plans e programas aprobados, pero é que outros non son quen nin de facer unha diagnose dos seus problemas nin de aprobar un plan para atallalos.

O segundo, para que vexa que traballamos o máis axilmente posible para ofrecer información agregada, quero lembrarlle que a Administración xeral do Estado demorou tamén máis de seis meses en procesar os seus datos de contratación. Así, para efectos comparativos, indícareille que a estatística de contratación da AXE do ano 2019 se publicou o 25 de xuño de 2021. Nós publicaremos nos vindeiros días o informe do 2019, 2020 e 2021. Dígollo sen ánimo de criticar, para que entenda que a pandemia non só condicionou as prioridades do Goberno galego senón as de todas as administracións públicas.

E xa para rematar, e centrándome de novo nos informes anuais de contratación polos que se interesou, termino como empecei: garanto que nos próximos días actualizaremos e publicaremos os datos do trienio 2019–2021 no Portal de transparencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos agora ao seguinte punto da orde do día, preguntas ao Goberno.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Saben vostedes que da primeira foi solicitado un aprazamento por parte da Xunta de Galicia, e pasamos á segunda pregunta.

**Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados e deputadas máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as irregularidades detectadas pola Xunta de Galicia na documentación presentada pola empresa no parque eólico dos Cotos, no concello de Cerdedo-Cotobade**



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Conde, ¿que máis ten que pasar para que vostedes paren esa política eólica depredadora que favorece as grandes empresas eléctricas? A última noticia que tivemos estes días foi unha sentenza, que dirán vostedes que non é firme pero que é contundente —je xa van tres!—, do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que di que vostedes vulneraron as directivas comunitarias e a lexislación ambiental. ¿Que máis ten que pasar, señor Conde? (*Aplausos.*) Virán máis, asegúrolle que virán máis.

En novembro saíu o informe do Consello da Cultura Galega, que de novo lle dá un auténtico *varapau* á política eólica da Xunta, que di que paren e que fagan un novo Plan sectorial eólico. Antes saíron diversos informes da Universidade de Vigo, do Observatorio Eólico de Galiza, que, de novo, cuestionan o modelo eólico da Xunta do Partido Popular. Houbo pronunciamentos de asociacións, de organizacións agrarias e de organizacións ecoloxistas en contra deste plan eólico. E hai un auténtico clamor en todo o país tamén a través de manifestacións e posicionamentos de concellos de todo signo político.

¿E cal é a resposta da Xunta, señor Conde? A súa resposta é pisar o acelerador, é buscar atallos, é cambiar as leis para favorecer descaradamente os intereses das empresas, porque vostedes son unha xestoría ao servizo destas grandes empresas eólicas. (*Aplausos.*)

Un exemplo claro disto témolo no parque dos Cotos, en Cerdedo-Cotobade. ¿Sabe cando vostedes sacaron á información pública este proxecto? O 23 de decembro, en plenas datas navideñas, con quince días de prazo para presentar alegacións. ¿Parécelle normal isto, señor Conde, cando se aprobara o proxecto dous meses antes no Consello da Xunta?

Por certo, tivo que volver saír á información pública, segundo o alcalde de Cerdedo-Cotobade, por irregularidades. Queremos preguntarlle cales son estas irregularidades e se xa estaban no proxecto que aprobou o Consello da Xunta o 21 de outubro, e se non habería que volver iniciar a tramitación.

Este é un proxecto promovido pola empresa Ecoener —non sei se lle soa—, unha empresa amiga dos gobernos da Xunta do Partido Popular, unha empresa das portas xiratorias. É un proxecto que ten un fortísimo impacto en seis parroquias, con 30 megawatts —seis muíños de 5 megawatts— e 200 metros de altura. Ten un rexeitamento unánime das comunidades de montes, dos colectivos veciñais, das plataformas, do propio concello, que tamén aprobou unha moción ao respecto na que se rexeitaba este parque.

Polo tanto, señor Conde, fágolle unha pregunta moi clara e moi concreta: ¿van escoitar a xente e o concello ou van seguir defendendo os intereses das grandes empresas eólicas?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.



Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, vexo que o Bloque Nacionalista Galego segue na súa atalaia do sectarismo, da ideoloxía e, lamentablemente, de intentar bloquear o país dende o punto de vista económico e dende o punto de vista industrial. É a única vocación que teñen dende o punto de vista económico. Lamento que iso, dalgunha forma, sexa unha vez máis o bucle no que permanentemente o Bloque Nacionalista Galego desenvolve a súa posición industrial e a súa posición da xeración de emprego e de riqueza en Galicia. Ademais, nun tema no que vostedes fan a pregunta e poñen a resposta; o cal é moi curioso, porque xa toman partido non só pola súa posición, senón pola que ten que tomar o Goberno.

Efectivamente, vostede trasládame unha sentenza que non é firme, pero o que si lle podo confirmar é que a sentenza á que vostede se refire non vai variar un ápice a nosa prioridade. A nosa prioridade creo que podería ser compartida por todos os grupos da Cámara. Lamentablemente hai excepcións que son difíciles de entender, pero a prioridade da Xunta de Galicia non é outra que promover un desenvolvemento ordenado do sector eólico en Galicia. Un desenvolvemento ordenado como se está facendo noutras comunidades autónomas, como se está facendo no resto de Europa, precisamente para poder afrontar os retos da transición enerxética co máximo rigor, coa máxima responsabilidade e sabendo que hai un marco normativo que mantén esa protección do medio ambiente e o impacto económico e social de cada un dos proxectos.

Polo tanto, creo que nese sentido o que lle podería recordar é que a repotenciación do parque eólico de Corme ao que vostede fai referencia permitiu, por exemplo, cambiar 61 aeroxeradores por 7, reducindo polo tanto un 90 % o impacto, tanto medioambiental como paisaxístico.

En canto ao parque eólico dos Cotos, ¿pode dicirme por que se empeñan vostedes en xerar polémica e confusión onde non a hai? Sería moi curioso entender cal é a situación de irregularidades cando simplemente se detecta un erro na relación de bens e dereitos afectados, e simplemente o que fai a Xunta de Galicia é volver publicar esa relación. Polo tanto, na tramitación do proxecto, escoitar as alegacións que se reciban en ambos os dous procesos, sendo absolutamente garantistas tanto cos veciños como coas asociacións, como cos concellos.

Eu lamento que vostedes non queiran entender que en Galicia a última palabra a ten sempre a lexislación e a normativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra o señor Bará Torres.





**O señor BARÁ TORRES:** Segue aquí vostede coa súa matraca habitual de acusarnos de ideoloxismo ou de sectarismo. Por suposto, esta é unha cuestión ideolóxica, isto está claro; vostedes teñen a súa e nós temos a nosa, que son moi diferentes, afortunadamente.

En todo caso, fala vostede de sectarismo. ¿Sectarismo tamén do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?, (*Aplausos.*) ¿sectarismo do Consello da Cultura Galega?, ¿sectarismo dos concellos?, ¿sectarismo do Observatorio Eólico de Galiza? ¿Están acusando de sectarismo a estas organizacións das que nós collemos os argumentos e os traemos aquí?

Vostedes o que están é na desobediencia, na desobediencia á normativa europea, na desobediencia á Lei de avaliación ambiental, na desobediencia ás garantías dos dereitos da xente. (*Aplausos.*) Están atropelando, pisoteando sistematicamente os dereitos da xente. E agora vostede di que non van cambiar nada, que van seguir aplicando unha lexislación ilegal, que non van modificar a normativa aprobada e cambiada, requetecambiada... ¿Saben para que? Para favorecer os intereses das empresas. Nada máis que para iso, señor Conde.

Mire: a veciñanza de Cerdedo-Cotobade, que tamén é sectaria, presentou máis de setecentas alegacións contra este proxecto. O Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade, que gobernan vostedes e que tamén serán sectarios alí, aprobou un pronunciamento en contra deste proxecto. ¿De que estamos falando? (*Aplausos.*) Houbo mobilizacións masivas contra este proxecto. Por certo, proxecto da empresa Ecoener, amiga do Partido Popular, coas portas xiratorias do Partido Popular, onde están dous exministros do Partido Popular, o señor Serra e a señora Ana Palacio. ¿De que estamos falando? Vostedes están favorecendo eses intereses, para iso son as portas xiratorias.

Quen falou de irregularidades foi o alcalde de Cotobade. Léolle unha publicación das súas redes sociais: «Irregularidades detectadas pola Xunta na documentación presentada pola empresa obrigan a volver facer información pública.» Pero vostedes van facer unha información pública de novo ilegal de quince días, cando ten que ser como mínimo de trinta.

Polo tanto, que lle quede claro: nin a veciñanza de Cerdedo-Cotobade nin o BNG llo van permitir.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Grazas, señor presidente.

Pero, señor Bará, non se poña nervioso. (*Murmurios.*) Se eu o único que lle estou facendo é un chamamento para que o Bloque Nacionalista Galego cumpra as leis e respecte esas leis, que vostedes permanentemente se poñen, precisamente, nesa situación de non cumprir as leis.



Eu o que non entendo do Bloque Nacionalista Galego é que non queiran entender que en Galicia —como lle dicía— a última palabra a ten a lexislación., e que se un proxecto cumpre con todos os requisitos que establece o marco normativo, sae adiante. E se non cumpre, señor Bará, decae. Ten o exemplo no parque eólico dos montes de Reboada de Pazos de Borbén, que acaba de decaer. Acaba de decaer precisamente porque non cumpre ese marco normativo.

Por iso insistimos, señor Bará, e trasladámosllo á veciñanza de Cotobade e de todos os concellos que poidan ter unha inquedaanza sobre o desenvolvemento dun proxecto eólico: tramitar non é autorizar. Tramitar é comprobar e constatar se realmente ese proxecto económico, xa sexa un proxecto eólico ou calquera outro proxecto económico, realmente cumpre con todos os requirimentos medioambientais e normativos. E nese contexto é onde se vai desenvolver o sector eólico en Galicia.

Todos os proxectos, señor Bará, todos os proxectos que se tramitan en Galicia, aínda que vostede non o queira admitir, se axustan á normativa, e nós autorizamos todos aqueles que cumpren coas garantías técnicas, xurídicas e medioambientais.

Temos unha lei do sector eólico que protexe eses intereses, tanto os intereses e dereitos dos veciños como dos impactos medioambientais e territoriais, e temos unha lei estatal de avaliación ambiental, que di que todos os proxectos eólicos teñen que pasar a través dunha avaliación ambiental ordinaria.

Polo tanto, temos total transparencia coa exposición pública da documentación de proxectos, total transparencia para efectos de cumprir a normativa. E a cuestión é por que o Bloque Nacionalista Galego está en contra do desenvolvemento eólico, por que vostedes queren bloquear o sector eólico cando realmente pode haber proxectos que poidan permitir que, efectivamente, se poida xerar riqueza en Galicia e, sobre todo, que poidamos atender as necesidades dunha transición enerxética que vostedes defenden. Deberían de aclararse e de ser un pouco coherentes dende o punto de vista político, porque nin niso realmente son coherentes. Non se pode defender a transición enerxética e, ao mesmo tempo, pretender que este goberno paralice todos os proxectos enerxéticos. Aí non nos van encontrar. Onde nos van encontrar é no cumprimento da normativa. Nós tramitaremos os proxectos, todo tipo de proxecto económico, e garantiremos que, efectivamente, se cumpren as normativas.

E a partir de aí eu lamento que o Bloque Nacionalista Galego simplemente estea no bloqueo e en dicirlle non ao desenvolvemento económico que enriquece...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...e crea emprego en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**Pregunta de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento da industria e da enerxía eólica**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Moitas grazas.

Ben, imos seguir abundando un pouco na materia, a ver se atopamos algunha resposta. Porque en realidade, conselleiro, son varios xa os intentos a través de preguntas e interpelacións, pero é que tamén fóra das paredes deste Parlamento, os concellos, as asociacións, as propias empresas, a Asociación Eólica, que teñen mantido xuntanzas con vostede mesmo e con responsables da consellería, están a demandar esa información; e o certo é que se falamos desa planificación e desa normativa, que non sabemos a cal nos temos que ater, pois información pouca.

Nós dicíamos no derradeiro pleno do ano pasado, debatendo arredor do modelo eólico deste goberno, que a verdade é que tiña mérito poñer de acordo a tantos axentes, a todos os que teñen algo que dicir en relación co desenvolvemento eólico de Galicia e de naturezas tan distintas, dende asociacións ecoloxistas, concellos, as propias empresas, mesmo tamén o Consello da Cultura Galega, que foi dos últimos en pronunciarse pedindo un novo desenvolvemento eólico máis transparente na nosa comunidade, absolutamente teñen o mérito —dicíamos— de poñer de acordo a todo o mundo —con intereses tan distintos, tan variopintos— en dicir que o único no que teñen abundado e que teñen conseguido en todo este tempo dende a súa consellería arredor deste modelo é sementar a inseguridade xurídica, é sementar o malestar, a desinformación e a falla de transparencia.

Efectivamente, en poucos meses son tres xa as decisións dos tribunais —non falamos de decisións políticas senón de tribunais— que veñen condenar decisións da propia Xunta de Galicia e da súa consellería. A última coñecíamola o pasado venres con esa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación co proxecto do Roncudo, en Corme, que condena porque incumpre diversas normativas, entre elas a propia normativa europea, por reducir, e por iso anula esa decisión de... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora OTERO LAGO:** ...reducir de trinta a quince días ese proxecto de información no informe de impacto ambiental e a posibilidade de presentar alegacións.

A lei do 2017, a da reactivación de 2020, a actual lei, con todos eses cambios normativos que introducen a través da Lei de acompañamento pola porta de atrás, sen diálogo, sen información, confirman o fracaso deste modelo que vostede defende. E nós preguntamos, xa que dicía vostede que a normativa é a que manda en Galicia: ¿cal delas?, ¿cal destas normativas que ninguén coñece?, ¿cales destes cambios que veñen introducindo de xeito incoherente? E ao tempo que entra en vigor unha moratoria, o presidente da Xunta anuncia que van incentivar e acelerar a tramitación dos parques eólicos. ¿Con que quedamos, señor conselleiro?



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Señora Otero, seguramente vostedes que lles gusta tanto ao seu portavoz do Goberno do Partido Socialista, o que me resulta curioso é por que non lle pregunta precisamente ao Ministerio de Transición Ecolóxica pola política eólica da Xunta de Galicia. Seguramente atopará en primeiro lugar que este goberno está cumprindo con toda a normativa básica que se establece dende o punto de vista ambiental, e que este goberno está cumprindo tamén con toda a normativa dende o punto de vista da planificación, e, polo tanto, outorgando seguridade xurídica ao sector.

Sabe perfectamente que nesta comunidade autónoma, a diferenza doutras moitas comunidades autónomas, temos un Plan sectorial eólico que está plenamente vixente e que fai posible, señora Otero, que o 77 % do noso territorio estea blindado fronte á instalación de proxectos eólicos, incluídos tamén a protección dos espazos da Rede Natura e das reservas da biosfera.

Cando vostede me fala de transparencia, eu preguntome a que información, vostede ou calquera veciño ou calquera concello de Galicia non pode acceder. Gustaríame que mo transmitira. Porque vostede sabe que hai unha rede de información provincial de proxectos eólicos que xa leva máis de medio cento de reunións cos diferentes concellos que se achegan para obter calquera tipo de información. Sabe que temos unha guía divulgativa da tramitación dun proxecto eólico, que é distinta á guía que algún partido político está promovendo en Galicia precisamente para ver como se pode impedir que se desenvolva un proxecto. E sabe que este goberno creou unha oficina de información a propietarios dos terreos, precisamente para facilitar a orientación sobre a normativa aplicable e os métodos e os criterios de valoración.

Polo tanto, parece que o que non ten clara a posición do desenvolvemento eólico en Galicia e en España é o Partido Socialista de Galicia, que unhas veces defende as plataformas Stop Eólicos e outras está defendendo a propia Asociación Eólica de Galicia e, polo tanto, os promotores. O que non quere recoñecer é que a Xunta de Galicia está tramitando os proxectos conforme a normativa e que cando ten que denegar un proxecto denégao e cando ten que aprobar apróbao, sempre cumprindo coa normativa.

E no contexto actual estamos tomando medidas que lamentablemente o Partido Socialista non apoia. Na rúa di unha cousa e no Parlamento outra. Estamos establecendo unha normativa precisamente para poder tramitar os douscentos setenta e cinco expedientes que están admitidos a trámite, que, polo tanto, poderían facilitar o desenvolvemento eólico, e ampliamos as distancias entre os núcleos rurais ata os mil metros, cousa que vostedes non quixeron apoiar neste parlamento. Polo tanto, creo que hai unha política clara de apoio ao desenvolvemento eólico que lamentablemente non conta...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...en Galicia co apoio do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para a réplica ten a palabra a señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Señor conselleiro, non sabemos que modelo defende o Partido Socialista e témolo presentado en diversas iniciativas neste parlamento: un modelo de desenvolvemento eólico, sostible e necesario, pero sustentable e respectuoso.

Falaba vostede da Rede Natura. Temos presentado en diversas ocasións tamén a necesidade de ampliála, xa que é raquíta e estamos á cola do Estado.

Falaba vostede de que cumpren as normativas. Non hai máis que ver as resolucións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre a fragmentación, algunhas exposicións públicas... Un fracaso absoluto, e non o di o Partido Socialista, insistimos. O que ten mérito é poñer de acordo asociacións, concellos e empresas en plena transición enerxética europea. Neste momento, o que temos en Galicia é este escenario de incerteza, de inseguridade xurídica e, sobre todo, de falta de información, e o peor pode que sexa a ousadía de vir a este parlamento, aínda que precisemos aclaracións e informacións.

Falou vostede do Goberno central, algo que non sorprende cando na nosa intervención nin o mentamos.

Ata o Consello da Cultura Galega viu que se tiña que pronunciar arredor desta falta absoluta de planificación. Nun momento ademais que consideramos decisivo, no que o que debería de ser unha oportunidade enerxética e económica, unha oportunidade marcada na obriga asumida, polo menos, nos discursos que din vostedes na loita contra o cambio climático, neste contexto de emerxencia, pero no canto de facer unha oportunidade téñeno convertido —insistimos— nun problema.

Falaba vostede de claridade. ¿Como se entende e como se come, señora conselleira, que ao tempo que entra unha moratoria en vigor, aos poucos días, saia o presidente da Xunta de Galicia dicindo que vai anunciar incentivos para acelerar as tramitacións? É a política da arbitrariedade, de non saber a que nos temos que ater. E nós propuxemos, para rematar, un novo modelo, unha planificación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** ...axustada e transparente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.





**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Queda constatado, señora Otero, que vostede se avergoña da política do sector eólico que está desenvolvendo o seu propio goberno, o cal é curioso e seguramente poderíao discutir perfectamente coa propia vicepresidenta terceira e ministra de Transición.

O que si lamento é que o seu grupo parlamentario siga mantendo a súa ambigüidade e a falta de apoio ao desenvolvemento eólico, e que lamentablemente, en moitas ocasións, tamén o Partido Socialista de Galicia se poña detrás da pancarta de «Non ao sector eólico» como tal.

Sabe vostede perfectamente que nós avaliamos todos os proxectos e, polo tanto, que somos absolutamente garantistas dende o punto de vista dos requirimentos técnicos, xurídicos e ambientais, e seguiremolo facendo —aínda que vostede non queira recoñecelo— con total transparencia, rigor e axilidade administrativa.

Estamos ante un contexto de transición enerxética. E que o Partido Socialista de Galicia teña a política de intentar bloquear o desenvolvemento eólico en Galicia é realmente unha situación anómala dende o punto de vista do seu propio goberno.

En calquera caso, fáleme vostede da moratoria. Vostede sabe perfectamente que a moratoria a establecemos nun momento no cal o seu goberno aprobou un real decreto, o Real decreto 23/2020, que establecía uns prazos moi exixentes para que os promotores desenvolveran e tramitaran os seus proxectos. Vostede sabe que automaticamente os promotores dunha forma invasiva empezaron a tramitar os proxectos, en moitos casos, sen ter todas as garantías, incluso proxectos que non cumprían a normativa. E nós o que fixemos foi simplemente establecer unha moratoria para poder tramitar os 7.200 megavatios que están admitidos a trámite e que son douscentos setenta e cinco expedientes que poden permitir o desenvolvemento do sector eólico. Polo tanto, a moratoria non é a paralización do sector; a moratoria é un desenvolvemento ordenado do sector para poder garantir que todos os proxectos cumpran con todas as garantías.

Nese mesmo contexto, trouxemos a este parlamento unha proposta, que é precisamente que eses proxectos que se poden tramitar se poidan vincular con PPA, que permitan a competitividade do sector industrial en Galicia, das empresas electrointensivas e doutras industrias como pode ser, por exemplo, Alcoa. ¿Sabe que dixo o Partido Socialista de Galicia? Dixo que non precisamente a que o desenvolvemento do sector eólico poida permitir unha maior competitividade do sector industrial en Galicia. Lamentablemente, vostedes, para bloquear o desenvolvemento industrial en Galicia, fan calquera cousa, incluso desenvolver unha política distinta á que o seu propio partido está desenvolvendo a través do Ministerio de Transición Ecolóxica.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Debería poñer un pouco de coherencia na súa política de enerxías renovables...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, rematou o tempo. Moitas grazas.





**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...e para outros moitos sectores. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta, que foi aprazada por petición da Xunta de Galicia, que é a 6.6, de don José Manuel Balseiro Orol.

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a avaliación da Consellería de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Balseiro Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señor presidente.

A vostede, señora conselleira, e ao seu equipo correspóndelles o desenvolvemento das accións previstas no programa de goberno da Xunta de Galicia nas materias de emprego e igualdade. Unha folla de ruta que contempla actuacións ordinarias como poden ser as axudas directas, o traballo autónomo ou o fomento no ámbito do emprego por conta allea. Pero tamén accións extraordinarias, en particular, ofrecendo unha resposta á irrupción da covid-19 no escenario tanto económico como social.

O Goberno galego, unha vez máis, anticipouse a calquera outra administración e tivo que incorporar medidas de carácter extraordinario para mitigar os efectos da pandemia sobre a sociedade galega. Así, a Consellería de Emprego e Igualdade articulou e executou catro plans de rescate, en pouco máis de nove meses, co fin de acompañar o tecido produtivo da nosa comunidade, especialmente a aqueles sectores e actividades afectadas en maior grao polas consecuencias da covid-19. Estou a falar fundamentalmente das persoas traballadoras, dos autónomos ou das pemes ou microempresas. De feito, vostede poderá confirmar estas cifras a través dos dous primeiros plans de rescate con fondos autonómicos, nos que se destinaron máis de cento oitenta millóns de euros que permitiron atender oitenta mil solicitudes. Un éxito que foi posible grazas ao acerto no deseño baseado na flexibilidade dos requisitos.

Pola contra, parece que tanto o terceiro como o cuarto dos plans de rescate, nesta ocasión con fondos transferidos polo Goberno central, incorporaron estritos condicionantes para a súa execución. Un deseño imposto ás comunidades autónomas desde A Moncloa, que se traduciu nestes plans que non acadaron os resultados correspondentes debido —insisto— a uns rixidos criterios impostos polo Goberno central.

Señora conselleira, recentemente pechouse o prazo de xustificación ao estado do grao de execución destes fondos destinados no caso de Galicia ao terceiro e cuarto plan de recalque, polo que entendo que estamos en disposición de facer balance dos resultados obtidos.



En particular, quixeramos saber desde o grupo maioritario desta cámara, desde o Grupo Popular, que avaliación fai a conselleira de Emprego e Igualdade dos catro plans de rescate postos en marcha para mitigar os efectos da covid-19 no tecido produtivo de Galicia.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas, presidente.

Grazas, señor Balseiro.

Efectivamente, en Galicia tramitamos catro plans de rescate: os dous primeiros con criterios e con fondos autonómicos, e os outros dous segundos con criterios e con fondos do Estado. ¿Cal é o balance? Este goberno toma posesión no mes de setembro do ano 2021 e, a continuación, no mes de outubro tramitamos e dialogamos o plan cos autónomos e cos empresarios, e no mes de novembro estaba publicado este primeiro plan. No mes de febreiro, cando aínda estabamos rematando de pagar este primeiro plan, sacamos un segundo plan de rescate; en seis meses —como digo— dende o mes de novembro ata aproximadamente o mes de abril pagamos oitenta mil solicitudes, é dicir, máis de cento oitenta millóns de euros.

Un ano despois da pandemia —é dicir, en marzo— saca por fin o Estado un real decreto que establece os requisitos para a transferencia e a tramitación polas comunidades autónomas do que en Galicia foron o terceiro e o cuarto plan de rescate. Este real decreto saíu a consecuencia evidentemente da presión que fixeron os autónomos e as empresas ao Goberno central, así como da presión tamén que fixemos os gobernos autonómicos, pois un ano despois de iniciada a pandemia aínda non se transferiran cartos, nin un euro, por parte do Goberno do Estado.

Saíu cunha serie de requisitos que era máis fácil incumprilos que cumprilos por parte das empresas, e advertiuse por parte dos distintos gobernos autonómicos e tamén por parte do Goberno galego. A realidade é que dos douscentos trinta e catro millóns que corresponderon a Galicia, soamente puidemos pagar cento sesenta e seis millóns de euros das quince mil solicitudes, cando existían solicitudes por valor de dous mil millóns de euros para autónomos e empresas en Galicia. A realidade é que Galicia ten unha execución elevadísima destes dous plans en relación co resto do Estado; estamos na horquilla superior de todas as comunidades autónomas en canto a execución e roldamos o setenta por cento. É dicir, dos cinco mil millóns de euros que se repartiron entre as comunidades autónomas por parte do Estado a través deste real decreto, tomando polo baixo, van ter que devolverse ao Estado, ao Ministerio de Facenda, dous mil millóns de euros, se extrapolamos o que pasa en Galicia, que —como digo— é unha comunidade que levou ao máximo a flexibilización que puido respecto dos requisitos impostos polo Estado.

Polo tanto, o balance que facemos é nefasto en canto aos requisitos establecidos polo Estado e solicitamos, unha vez máis, que se deixen nas comunidades autónomas estes fondos para



a súa xestión exclusivamente, para que cheguen aos autónomos e para que cheguen ás empresas, e non para que volvan ao Ministerio de Facenda e queden sen executar.

Nada máis, de momento. Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra o señor Balseiro Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira pola súa información.

¡Mire que casualidade! O meu respectable e amigo, e novo portavoz do Grupo Socialista, estreábase hoxe na súa responsabilidade falando de execución dos fondos de emprego. E debera tomar nota do que vostede acaba de explicar porque as cifras acaban de estouparlle ao Grupo Socialista —como se soe dicir— nas mans, ata o punto de facer realidade ese refrán de «dime de que presumes e direiche de que careces».

A realidade é que cando os plans de rescate son deseñados polo Partido Socialista, impostos desde A Moncloa fóra da realidade de Galicia e do tecido empresarial da nosa comunidade autónoma, acaban por converterse nun auténtico fracaso e nunha auténtica chapuza. ¡Fracaso e chapuza con maiúsculas! Pero aquí non perde o Partido Socialista, nin sequera perde o Partido Popular, aquí perden os galegos e as galegas, que ven que unha vez que se mobilizaron recursos sen precedentes, ¿en que quedan eses recursos, señora conselleira? Quedan en nada, pola incapacidade do Goberno de España de recoñecer que se equivocou, e cando un recoñece que se equivocou o que ten que facer é neste caso rectificar.

E a pregunta, señora conselleira, é moi sinxela: ¿de que vale que A Moncloa libere fondos se o fai cunhas condicións tan imposibles que deixan fóra a miles de empresas e a miles de autónomos? E isto ademais non foi un problema único e exclusivo de Galicia, senón que foi un problema xeneralizado de todas as comunidades autónomas. E se non fomos malpensados poderíamos deducir que o Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...liberou fondos para gañar un titular de prensa...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Xa rematou o seu tempo. Moitas grazas.

*(O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.



**A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas.

Creo que non hai que ser malpensados para crer realmente que os requisitos establecidos polo Estado están feitos para que non se poidan executar os fondos.

En Galicia hai moitos autónomos que quedaron sen subvención exclusivamente por estaren ao corrente nos seus pagos. É dicir, os requisitos censuraban dalgún xeito o acceso ás axudas a todos e cada un dos autónomos e das pequenas empresas que estaban ao corrente e, polo tanto, non tiñan facturas por pagar; con independencia de que puideran estar absolutamente arruinados.

Como digo, creo que os datos falan por si sós: se nós en seis meses tramitamos oitenta mil solicitudes e pagamos o cento por cento do orzamento, e en oito meses cos requisitos do Estado chegaron quince mil solicitudes por valor de dous mil millóns de euros, e soamente puidemos pagar o setenta por cento dos douscentos trinta e catro millóns que lle corresponden a Galicia —que é outra cuestión da que tamén poderíamos falar, pois Galicia habitualmente percibe un sete por cento dos fondos en materia de emprego—, aquí recibiu pouco máis dun tres por cento. Pero eu xa soamente estou pedindo que Galicia poida executar os escasos cartos que lle corresponden deses cinco mil millóns de euros.

Como digo, o Estado, o Ministerio de Facenda, cos requisitos establecidos pola señora Calviño, recibe agora de volta das comunidades autónomas —e dio vostede moi ben—, porque non chegaron aos autónomos e ás empresas, dous mil millóns de euros.

¿Que lle pedimos nós ao Estado? Eu veño de enviar dúas cartas tanto á vicepresidenta Calviño como á ministra de Facenda para pedirllas que polo menos eses escasos cartos que lles deron a Galicia queden en Galicia. Polo tanto, que nos permita facer un novo plan de rescate neste exercicio 2022 con cargo a eses fondos, a ese trinta por cento aproximadamente que vai quedar sen executar na comunidade autónoma.

Pero que o permita executar cos criterios establecidos polas comunidades autónomas, que son criterios razoables que van exclusivamente dirixidos ou ben a sectores pechados ou ben a sectores que tiveron baixadas de facturación moi relevantes entre un exercicio e outro, e entre a época anterior á pandemia e a época da pandemia. Son criterios seguros, rápidos de tramitar administrativamente e que están consolidados e falados coas empresas, cos sindicatos e cos autónomos. As únicas que non cren nestes criterios son a ministra de Facenda e a vicepresidencia económica. Todo o diálogo social e os restantes gobernos cren nestes criterios e son os únicos para poder executar estes fondos.

Polo tanto, eu pido —non soamente, por suposto, ao Partido Popular, senón ao resto das forzas e especialmente ás forzas do Partido Socialista en Galicia— que apoién esta petición de que estes fondos queden en Galicia e que non volvan ao Estado, e que, polo tanto, queden os autónomos e queden as pequenas empresas en Galicia sen estes cartos que os necesitan e moito.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Leticia Gallego Sanromán e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Servizo Galego de Saúde respecto dos catorce centros de saúde da área sanitaria de Vigo aos que se lles acaba de restrinxir a actividade das unidades de atención primaria**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, conselleiro de Sanidade.

Unha das últimas decisións nefastas do Goberno do señor Feijóo na atención primaria na nosa comunidade autónoma foi restrinxir a actividade en varios centros de saúde, facendo que os facultativos só atendan as urxencias e os casos covid. Esta situación veu de que había moitos profesionais de baixa e de vacacións e prazas vacantes por xubilacións; e claro non se cobren nin vacacións, nin xubilacións, nin baixas. Pero esta situación non é nova, señor conselleiro; dende este grupo parlamentario levamos toda esta lexislatura denunciando esta situación e denunciando o colapso da atención primaria.

A restrición da actividade afectou as unidades primarias do Rosal, da Guarda... É indecente, de verdade, a situación da atención primaria na Guarda. Non hai máis que ir ata aquel centro de saúde para ver como están os médicos e para ver como están os veciños e as veciñas da Guarda. (*Aplausos.*) En Tomiño, en Oia, que só hai un médico e non hai pediatra. En Cangas, que está colapsado. En Moaña, que acaban de deixar sen urxencias Moaña, colapsando as de Cangas. Ou sexa, isto é intolerable, é intolerable. En Pontearreas e no Porriño. En Vigo, a maior cidade de Galicia, vostede o que fixo foi restrinxir a atención primaria no centro de saúde de Navia, no Nicolás Peña, Beiramar, Casco Vello, Matamá e Teis. É increíble, é increíble o que está acontecendo coa atención primaria na nosa comunidade autónoma.

Pero ben, houbo moitos profesionais —dende aquí agradecérllelo— que optaron por manter as citas e seguir coas axendas abertas, cando vostedes decidiron que estes catorce centros de atención primaria da área sanitaria de Vigo restrinxiran as súas axendas, as bloquearan e que só se atendese á xente se tiña covid ou por urxencias.

Señor conselleiro, estas medidas son un ataque á sanidade pública, gratuíta e universal. Toda a cidadanía ten dereito a acudir ao seu médico por calquera enfermidade, toda a cidadanía, non só urxencias e non só a xente que ten covid. Todo o mundo ten dereito á sanidade pública e gratuíta.



A atención primaria está totalmente desbordada, señor conselleiro, con xornadas de ata 190 pacientes nalgúns PAC, cuns profesionais esgotados, con cada vez máis cadros de depresión e ansiedade entre os médicos e médicas e cun total desánimo. O noso recoñecemento para todos os profesionais da sanidade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Gallego. Xa rematou o seu tempo.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Resulta necesario poñer urxentemente... *(A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

*(Aplausos.)*

Pasa agora a palabra ao conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Boa tarde, presidente.

Señorías, señora Gallego.

Onte mesmo respondín a esta pregunta na miña comparecencia. Vivimos unha onda pandémica condicionada fundamentalmente por un aumento explosivo de casos, que ben é certo que unha porcentaxe tan alta de vacinación que temos en Galicia condicionou que moitos cursaran cunha menor gravidade, polo tanto máis leve.

Ademais, temos en primaria un problema xeral, xa coñecido tamén, que é que faltan médicos e especialistas. Esta onda foi similar á do verán pasado no relativo a que coincidía nunha época onde había ademais os correspondentes permisos por vacacións e ademais neste caso cunha alta porcentaxe de traballadores sanitarios infectados.

Todas estas cuestións condicionaron a actividade en primaria e, por suposto, tamén en Vigo, especialmente nalgún lugar onde contabamos con incidencias previas, como son os centros do Baixo Miño, dos que xa temos falado neste parlamento.

Pero a Xunta tomou medidas durante a pandemia para que a maior parte da actividade relacionada coa covid non recaera en atención primaria. Os covidauto, os cribados fóra dos centros de saúde, as vacinacións nos grandes recintos ou os acordos coas farmacias permitiron alixeirar esa carga de traballo de atención primaria.

E tamén durante esta onda explosiva tomáronse medidas para desconxestionar os centros de saúde. Por exemplo, o formulario de autodeclaración para os autotests, menos chamadas aos pacientes activos e a través dos médicos de familia ou de enfermería, ou a tramitación automática das altas e das baixas.

E tomamos medidas de reorganización, como as axendas de calidade, a prescrición por parte de farmacéuticos, o CRM 100 para os chamamentos dos cidadáns.





Tamén puxemos máis persoal, contratos de continuidade, 331 prazas en atención primaria no noso plan, 109 prazas no orzamento deste ano para primaria ou na Lei de medidas, recentemente aprobada, a incorporación dos técnicos de saúde e esa categoría de facultativos especialistas de atención primaria por concurso de méritos que anunciou esta mañá o presidente con esas 106 prazas para os MIR que rematan este ano a súa formación.

Con todo isto sempre se prioriza, por suposto, a atención aos PAC e despois, por suposto, a atención á axenda ordinaria.

Ben, entre os permisos e baixas que tamén se produciron entre o persoal dos centros de saúde como consecuencia da covid foi preciso tomar unha medida de limitar a sobredemanda. Imos ir matizando as cousas. Non se limitaron as axendas, señora Gallego, limitáronse os focos de sobredemanda. Durante tres días, 4, 5 e 7. Repito: tres días en catorce centros de saúde de toda Galicia, e nalgún caso non en todos os turnos.

¿Que lle diría vostede, señora Gallego, a un conselleiro doutra comunidade autónoma que en lugar de tres días en catorce centros de saúde toma esta decisión en toda a comunidade autónoma durante todo o mes de xaneiro? Vou ver que me responde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Señor conselleiro, eu vivo en Galicia, eu vivo en Galicia, non noutra comunidade autónoma. (*Aplausos.*)

Mire, voulle ler unhas noticias deste último mes: o Baixo Miño sae á rúa para pedir máis persoal na atención primaria. Protesta para que Moaña volva ter servizo de urxencias. 200 enfermeiras eventuais da área sanitaria de Vigo claman contra a precariedade no Álvaro Cunqueiro. E así podería seguir ata mañá, pero non teño tempo.

En resumo, o Goberno do señor Feijóo está acabando coa sanidade pública de calidade en Galicia. É así, é así. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Está acabando cos profesionais da sanidade. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**A señora GALLEGO SANROMÁN:** Non poden máis, os profesionais non poden máis.

Mire, non hai médicos, non hai médicos, non fai máis que repetilo unha e outra vez. E resulta que todos e todas coñecemos médicos que están en Portugal porque as condicións laborais son mellores. É así, e que é así, mellores condicións laborais dos médicos e das médicas, señor conselleiro.



E, a maiores, dende que goberna Feijóo, Galicia renunciou a formar 151 médicos de familia. É así, é así. É o que está facendo vostede e o señor Feijóo coa sanidade pública, está desmantelando a sanidade pública galega, e voulo repetir unha e outra vez.

E despois rógolle, pídlle, solicítolle encarecidamente, por favor, ambulancias medicalizadas para o Baixo Miño. A Guarda necesita urxentemente ambulancias medicalizadas. Igual que no Morrazo, máis ambulancias medicalizadas para o Morrazo. Por favor, deixen de xogar vostedes coa saúde dos galegos e das galegas. Por favor, deixen de xogar coa saúde, que é un tema moi serio.

Grazas.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Gallego.

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Ben, como era de esperar, sorprende que a exigencia para algúns lles falta a vostedes para outros, sobre todo cando son do mesmo partido político. (Aplausos.)

É que, ademais, mire, vostedes menten. Mire, a decisión tomouse de acordo cos profesionais e nada máis teñen vostedes que documentarse. (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) Igual que saca noticias dos periódicos, mire vostede todos os periódicos... (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) Despois doullo. Non, non, estou falando dos catorce centros.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Titular: *Pedimos al Sergas atender solo urgencias y covid porque era estrictamente necesario.*

E menten tamén na interpretación que fan da realidade destes centros.

En primeiro lugar, esta decisión tómase ante un número de ausencias que condicionaba a atención no centro por parte dos compañeiros que quedan prestando servizo. As presenzas nestes catorce centros durante os tres días —tres días— foi dunha media de entre o 37 % e o 39 % das presenzas habituais.

En segundo lugar, limítase a asistencia na sobredemanda. É dicir, sobre as axendas dos facultativos que estaban traballando cun rango entre 35 e 39 ocos, o que se fai é que os ocos posteriores á sobredemanda, que soen estar ás veces entre os 21 pacientes finais, eses 21 limítanse unicamente a pacientes urxentes ou de covid. É dicir, a actividade programada mantívose, cun rango de ocos —repito— entre 30 e 39. E todo isto, señora Gallego, é a situación tan grave da que vostede fala. Falamos de axendas de 57 ocos.



Mire, nesas tres días, nesas catorce centros de saúde, ¿sabe a canta xente se atendeu nesas áreas? A máis de tres mil persoas. Iso para estar pechados os centros é unha cantidade bastante importante, ¿non?

Como ven, non parece que estes centros estiveran pechados, todo o contrario —estiveron abertos—, pero abordando ese momento asistencial con medidas reorganizativas que garantisen a atención aos pacientes.

Repito de novo que vostedes teñen unha dobre vara de medir e unha, por suposto, enorme hipocrisía ao criticar aquí o que fan vostedes onde gobernan, ademais de que empregan torticeiramente a realidade para alertar sobre unha atención primaria que pasa dificultades, pero cuns profesionais aos que dende aquí debemos agradecerlles o seu traballo, especialmente neste último mes.

Seguiremos traballando coas medidas que xa temos implantando e avanzando nas que xa temos a iniciativa de cara a reformular a atención primaria e, por suposto, adaptala e dotala dos recursos que merece.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para dotar a comarca do Morrazo dun servizo axeitado de emerxencias do 061**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, quixera comezar a miña intervención de hoxe pedíndolle desculpas a vostede, pedíndolle desculpas ao señor Feixóo, porque eu creo que algo moi grave lles tivemos que facer para que se estea castigando así a veciñanza de Moaña, para que a veciñanza de Moaña teña que aguantar o que está aguantando a nivel sanitario e —como vostede sabe— cunhas urxencias desprazadas a Cangas, dende hai xa demasiado tempo, con case tres mil persoas sen médico a día de hoxe asignado e cun servizo de emerxencias, cun servizo de ambulancias que está desencadeando consecuencias fatais.

Unha vez máis o BNG trae ao pleno do Parlamento a situación de emerxencia que viven as vilas do Morrazo a nivel sanitario, concretamente hoxe a de Moaña. Non é a primeira vez que exiximos que se reforce o servizo de ambulancias do Morrazo, servizo fundamental para garantir unha atención sanitaria adecuada e unha boa resposta ante as emerxencias que se producen. Ambulancias que chegan tarde, persoal médico desprazándose en taxi a atender



emerxencias graves como norma xeral, persoal técnico e médico totalmente afogado e sobrepasado a todos os niveis, e o medo e a incerteza da veciñanza ante todo o que acabo de expoñer.

Esta é a situación que vive o servizo de emerxencias, hoxe por hoxe, en Moaña. Por desgraza —e como vostede sabe— tivemos que lamentar o falecemento de varias persoas, as cales non tiveron a oportunidade de contar cunha atención axeitada en tempo e forma, unha atención á cal teñen dereito, ao igual que calquera persoa, un dereito humano. E non contaron cunha atención axeitada non por culpa do persoal médico nin técnico, que son profesionais extraordinarios, que dan máis incluso do que lles corresponde. *(Aplausos.)*

Estas persoas non tiveron esa oportunidade debido á falta de recursos, á precariedade e á xestión caótica que vostede, co beneplácito do señor Feixóo, condena as profesionais e a veciñanza.

O Morrazo precisa dunha ambulancia de reforzo para poder ser quen de atender eficazmente as emerxencias tempodependentes e cunha alta prioridade, as emerxencias que precisan dun soporte vital avanzado e onde cada minuto conta, como foron as emerxencias que caracterizaron ás persoas que, desgraciadamente, faleceron neste mes de xaneiro. Día a día vemos como, para atender cuestións de gravidade, as profesionais teñen que desprazarse en servizos de taxi cando as ambulancias están noutro servizo, moitos deles tamén feitos fóra da súa zona habitual, especialmente no concello de Vigo. E claro que, se é necesario, teranse que mobilizar recursos de onde sexa, pero sen que isto supoña unha desatención nos territorios que teñen asignados.

Señor conselleiro, señor presidente, cesen o castigo á veciñanza *(Aplausos.)*, poñan unha ambulancia de reforzo que axude nos casos das emerxencias de máxima prioridade, que nos casos que se precisa un soporte vital avanzado só teñamos un soporte básico á espera de que se complete o servizo ata media hora despois, como está pasando.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Ríos, moitas grazas.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Ríos, en primeiro lugar, debo dicirlle que esta pregunta é exactamente a mesma que me plantexou o 24 de marzo de 2021, sen unha coma de diferenza, exactamente a mesma pregunta. Como comprenderá, a miña resposta non vai ser diferente. *(Murmurios.)*

Isto é así porque, aínda que vostedes queiran intentar trasladar o contrario, a actividade asistencial do transporte sanitario urxente na comarca do Morrazo mantense estable, ba-



seándonos na avaliación continúa que realiza a Fundación Pública Emerxencias Sanitarias 061. Os concellos do Morrazo, concretamente os de Cangas e Moaña, están incluídos na área de transporte sanitaria urxente de Vigo. Como saben, temos unha concepción global do servizo e, de momento, non facemos repúblicas independentes.

En todo caso, a área de transporte sanitario de Vigo, onde están encadrados os concellos de Cangas e Moaña, consta dos seguintes recursos: unha ambulancia de soporte vital básico con base en Cangas, operativa vinte e catro horas. Isto é bo traducilo. Isto son nove técnicos dispoñibles para esa ambulancia, para dar esa cobertura, e un presuposto de preto de 500.000 euros. Estes dous técnicos de emerxencias sanitarias levan, por suposto, material para unha primeira intervención, cun desfibrilador externo semiautomático. Unha ambulancia de soporte vital básico con base en Moaña, operativa vinte e catro horas; é dicir, outros nove técnicos máis e outro medio millón de euros máis dedicado a esta atención, tamén, por suposto, co material correspondente. Tres ambulancias de soporte vital básico con base en Vigo, vinte e sete técnicos, operativas vinte e catro horas. E tres ambulancias de soporte vital básico nesa mesma zona operativas catorce horas. En total, estamos a falar dunha dotación de vehículos e de case sesenta técnicos dedicados a cubrir esa zona do Morrazo. Ademais, unha ambulancia de soporte vital avanzando medicalizada con base en Vigo, operativa as vinte e catro horas, con persoal médico, de enfermería e dous técnicos de emerxencias, e tamén, desde o ano 2019, unha unidade de soporte vital avanzado de enfermería, e tamén, por suposto, toda a cobertura dos dous helicópteros sanitarios que ten o 061, dotados, por suposto, do médico e do persoal sanitario correspondente.

Desde o ano 2019, polo tanto, incrementouse o servizo de transporte con esa ambulancia de soporte vital avanzado de enfermería e o horario tamén de operatividade do helicóptero.

Como lle dicía ao comezo da miña resposta, ía ser semellante á do ano pasado, porque a situación tampouco ten mudado, e tampouco ten sufrido variación nos últimos anos a necesidade de ambulancias nesa zona. As cifras mantéñense arredor dos cinco mil servizos anuais. No ano 2021 houbo, concretamente, 5.062 servizos. E, se analizamos a actividade de cada un dos vehículos, a ambulancia de Cangas realiza unha media de 7,6 servizos ao día, é dicir, un servizo cada tres horas, e a de Moaña fai 5,6 servizos ao día, é dicir, un servizo cada 4,28 horas.

No relativo ás emerxencias daqueles casos que requiren unha situación inmediata, no ano 2019 resolvéronse 3.144 actuacións e, en 2021, 3.046, incluso menos que previo á pandemia.

Como ven, atendemos á actividade obxectiva e non é necesario variar a prestación do servizo de urxencias e emerxencias que se desempeña na comarca do Morrazo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra o señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Señor conselleiro, vexo que seguimos na mesma, e o BNG segue na mesma exactamente porque estamos no mesmo sitio no que estabamos hai un ano, de-



nunciando a precariedade deste servizo. E claro que non cambian as cousas, seguen igual de precario que hai un ano, cando trouxemos tamén esta cuestión aquí, que, como dicía antes, non era a primeira vez que se trae.

Estamos falando de que incluso, neste caso, eu mesmo estaba nas urxencias de Cangas cando se deu un dos casos de emerxencia e vin cos meus ollos como o persoal médico tiña que buscarse a vida para poder chegar ao sitio onde estaba a emerxencia, buscarse a vida (*Aplausos.*), chamar taxis, chamar protección civil, chamar a calquera persoa que os puidera vir recoller ao PAC de Cangas e levalo para dar unha asistencia que tiñan que dar, e así estaba catalogada como que necesitaba un soporte vital avanzado.

Están chegando as cousas a medias, están chegando as cousas mal e a destempo. Estamos restándolle oportunidades á xente con emerxencias tempodependentes de que poidan salvar a súa vida ou que en casos, como, por exemplo, no ictus, que poidan ser consecuencias moito máis liviás —se o podemos dicir deste xeito—.

Os profesionais están completamente desbordados, buscándose a vida, profesionais aínda non chegando coas ambulancias a Vigo e tendo que atender outra emerxencia xa en Cangas ou en Moaña, co que iso supón a nivel de estrés, a nivel de ansiedade e a nivel de responsabilidade que teñen os técnicos e as técnicas das ambulancias e o persoal médico.

Non se escude en números, dicindo que hai bases en Vigo, que hai bases en non sei onde. O problema é que en dez días en Moaña morreron catro persoas e a todas elas chegoulles tarde, de xeito insuficiente, a atención médica. Iso é así, catalogadas como emerxencias de primeira prioridade con soporte vital avanzado onde había unha avanzadilla, como ten que ser, que faga o primeiro soporte, pero que despois para completar ese soporte sanitario chegaron ata pasar máis de media hora, máis de media hora ata que veu unha ambulancia de reforzo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Ríos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** O tempo é vida, señor conselleiro.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

(*Aplausos.*)

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Mire, señor Ríos, este non é un tema de capricho ou de opinión, senón que o que temos que facer, como comprenderá, é empregar datos obxectivos e non opinións para avaliar as necesidades, como lle dicía, en concreto, a actividade do 061, precisamente polo que supón prestar un bo servizo de circunstancias nas que os tempos son fundamentais, sempre, ademais, garantindo a accesibilidade, equidade e eficiencia e sostibilidade dunha asistencia urxente de máxima calidade para toda a poboación, tanto no Morrazo como en toda Galicia.





Nós non imos empregar casos particulares, que tamén poderíamos falar dos tempos específicos das máis de tres mil urxencias atendidas nesa península. Pero o que temos que facer é traballar para melloralos, evidentemente.

O que si lles podó dicir é que en todo momento se cumpriron cos tempos previstos para as ambulancias dotadas do persoal preciso, persoal formado para atender este tipo de casos, e ademais con desfibriladores, que son, neste caso, determinantes para atender este tipo de urxencias.

Ademais, como sempre dicimos, toda esta actividade está coordinada e respaldada pola central de coordinación, clasificándoa e priorizándoa para asignar unha resposta seguindo o criterio clínico.

Para iso contamos tamén co persoal sanitario, profesionais de medicina e de enfermería con formación e experiencia no tratamento telefónico das urxencias. Trátase dunha central de avaliación sanitaria. Polo tanto, toda a mobilización de recursos asistenciais, tempos de espera, son, por suposto, valorados, revisados e controlados por persoal sanitario desta central, que seguindo un criterio clínico determina a mellor opción para cada demanda. Nas súas decisións sempre se segue a recomendación das sociedades científicas e os protocolos existentes en vigor. Cremos neste caso, coma noutros, que hai que ser cautos, xa que a diario son moitos os profesionais que traballan neste servizo, complementados ademais por profesionais de atención primaria que se mobilizan en caso de ser preciso.

Mire, señoría, eu non sei se vostede o sabe, pero un dos elementos habituais de mobilización de profesionais médicos é o taxi. (*Murmurios.*) Por iso temos contratos cos taxis nas vilas. Claro, hai taxis por iso, porque cando é preciso e a ambulancia está indo a atender o paciente o profesional mobilízase en taxi. Isto para vostede será unha nova, pero é así de toda a vida, señor Ríos. (*O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, para todas as urxencias. E ademais voulle dar algún dato. Mire, a ratio por habitante de ambulancias de soporte vital básico en Cangas é unha por cada 26.000 habitantes, en Moaña unha por cada 19.000. ¿Sabe vostede canto é en Vigo? Unha por cada 48.900 cidadáns. (*O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Non, claro, a vostede dálle igual, claro.

(*O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

Señor Ríos, por favor, escoite. (*O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, escoite, a vostede non o interrompeu ninguén, así que pídolle o mesmo. Por favor, silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Ou sexa, non ten sentido dar o ratio de cidadáns por ambulancia nunha pregunta sobre as ambulancias, non, é mellor as



opinións do señor Ríos e que lle sorprenda ver os médicos saíndo nun taxi. Pois non, mire, é certo que os médicos saen en taxi e é certo que nos ratios das ambulancias se mide cando é.

E logo remato cos catro tempos. Vostede fala de catro casos: dezanove minutos, oito minutos, nove minutos e catorce minutos en chegar a ambulancia.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor conselleiro.

(*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Pasamos á seguinte pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señora conselleira, hoxe traemos a esta cámara unha demanda que é tan solicitada polos colectivos feministas e de apoio á monoparentalidade como ignorada e incumplida por parte do seu Goberno, algo tan necesario, algo tan sinxelo como a elaboración dun Rexistro galego de familias monoparentais, para que estas persoas poidan ver debidamente acreditada a súa condición e sobre todo para que se lles recoñeza o que son: unha forma de familia máis no marco dunha sociedade plural e diversa.

E, desde logo, vostedes levan anos e anos prometendo. Xa no ano 2010 —cando Bea Mato era a responsable de Política Social, antes de coller dez anos despois a porta xiratoria cara ao sector eólico— nos prometía un rexistro. No ano 2011 aprobaron vostedes esa Lei de Red Madre, ou Lei de familia, e non serviu para nada. Máis tarde, xa no 2018 —sendo conselleiro por aquel entón o agora deputado Rey Varela—, volvía prometer unha e outra vez ese rexistro. Tamén ese ano —que vostede ademais xa estaba na Consellería de Política Social, noutras funcións— era unha bomba de fume para tapar outras cousas. ¿Recorda vostede o que, señora García? Para tapar precisamente que o Partido Popular vetou na anterior lexislatura unha proposición de lei de familias monoparentais, que impulsou este grupo parlamentario e que nos tería colocado á vangarda no Estado español. (*Aplausos.*)

Pero a película continúa. Pasaron os anos, chegou vostede ao cargo de conselleira e non podía ser menos: continuou coas promesas. No marco tamén da tramitación desa propagandística Lei de impulso demográfico, vostedes parecía que cando menos puñan un compromiso escrito. Prometían dúas cousas: a primeira, facer o rexistro nun prazo de seis meses; e a segunda, facer un plan de apoio en menos dun ano, no prazo dun ano.

Non sei se é vostede consciente, señora García, de que a semana que vén —dentro de sete días exactamente— hai un ano desde que aprobaron vostedes esa Lei de impulso demográ-



fico, e o balance é 00, cero rexistro de familias monoparentais e cero plan de apoio ás familias monoparentais. *(Aplausos.)*

E mire, isto é grave, porque no noso país hai máis de 111.000 fogares uniparentais; son o 10,44 % do total do noso país. Nun 80 % están encabezados por mulleres, e sabe vostede que os datos de exclusión social empeoran neste ámbito, que avanza a feminización da pobreza e que máis da metade se considera que está en risco de exclusión social.

Polo tanto, o tempo apremia e as promesas incumpridas non serven de nada para recoñecer nin para apoiar esta parte tan importante do noso país. Polo tanto, señora conselleira: ¿cando se van deixar de promesas incumpridas e cando van cumprir os seus propios mandatos e ter operativo ese rexistro galego? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes a todos.

Señora Presas, avanzar no benestar das familias, sexa cal sexa a súa composición, é un dos principais obxectivos deste goberno galego. E precisamente por iso neste ámbito estamos a facer un esforzo adicional por ser sempre pioneiros. Á vista de todos están as medidas que existen en Galicia pero que non existen noutras comunidades a nivel nacional, e non é por casualidade senón que é froito do esforzo e do compromiso da sociedade galega pero tamén é froito do esforzo e do compromiso do Goberno galego.

Fomos pioneiros en implantar a gratuidade nas escolas infantís de Galicia para segundos fillos e sucesivos e volveremos ser unha vez máis referencia a nivel nacional coa gratuidade total da educación infantil en toda Galicia. Fomos pioneiros na nosa Comunidade por implantar as casas niño, un recurso de conciliación 100 % gratuito á disposición de todas as familias de Galicia que viven no rural galego. E tamén fomos pioneiros, por suposto, en aprobar nesta cámara a primeira Lei —nacional— de impulso demográfico.

Concretamente —como dicía vostede—, esa lei —que, por certo, recorde vostede que o seu partido non apoiou— revisa o concepto de familia monoparental e tamén recoñece a súa especial consideración. Pero, ademais, recolle dúas medidas moi importantes: por un lado, a creación dun Rexistro de familias monoparentais galegas, e, por outro lado, a aprobación dun plan de apoio a familias monoparentais, para sempre mellorar a súa atención e tamén a cobertura social das súas necesidades.

Para dar cumprimento a estas dúas medidas, é preciso desenvolver a actual normativa que regula precisamente este tipo de familias. E debemos de incorporar os requisitos e tamén os medios de acreditación para o recoñecemento de qué é unha familia monoparental e tamén todo ese procedemento de emisión e de expedición dos certificados de familia monoparental.



Tras consultar e complementar un proceso de consulta pública coas distintas organizacións de familias monoparentais —e hoxe dende aquí quérolles trasladar a todas elas as grazas pola súa colaboración—, coñecemos de primeira man cales son as súas necesidades.

Señora Presas, xa lle anuncio hoxe que no vindeiro mes de febreiro sairá a consulta pública o primeiro decreto que vai regular e acreditar a condición de familia monoparental. Deste xeito, a sociedade galega poderá enriquecer unha normativa que supón un paso xigante para moitos fogares da nosa Comunidade.

Señorías, o Goberno galego ten un compromiso coas familias galegas e ten un compromiso coas familias monoparentais; así o asumimos e así o imos facer. Señora Presas, de verdade que podemos sacar peito do que facemos en Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora García.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** ...e Galicia está avanzando.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

Para réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señora García, con todos os respectos, poden facer vos-  
tedes moitas cousas, porque teñen maioría absoluta e teñen máis ben pouca vergonza en  
moitas ocasións, pero, desde logo, o que non poden facer é sacar peito do seu apoio ás fa-  
mílias monoparentais. *(Aplausos.)* É que levan trece anos, ¡trece anos!, para facer un rexistro.  
Entón, unha de dúas: ou é inutilidade ou é falta de vontade política, porque no fondo hai un  
sesgo ideolóxico que penaliza especialmente as familias monoparentais por elección propia.  
Non hai outra. *(Aplausos.)*

En todo caso, alegrámonos se cumpren esa data de febreiro, que sería seis meses despois da  
última reunión que tiveron cos colectivos afectados, no mes de xullo, e que sería con máis  
de seis meses tamén de atraso. En todo caso, se así é, nós estaremos vixiantes dese decreto,  
tamén para facer achegas.

Permítame que aproveite tamén esta oportunidade pois para dar o agradecemento a quen  
realmente está detrás dese éxito, que é a presión social que colectivos como a Asociación de  
Nais Solteiras de Galiza levan moitos anos facendo. Para todas elas, o recoñecemento e o  
agradecemento do BNG. *(Aplausos.)*

E mire, aproveitamos tamén para dicirlle que a lei sabémola ler; cumpрана vostedes. En todo  
caso, insistimos en que non é o único que hai que facer respecto das familias monoparentais. E  
pedímoslle, por exemplo, dúas cuestións máis: a primeira, que paren de discriminalas respecto  
das familias numerosas —algo que fan, por exemplo, nos descontos que vostedes arbitraron nas  
autovías— e que cumbran tamén as propias promesas da campaña electoral e do discurso de in-



vestidura do señor Feijóo, por exemplo, aplicando xa neste ano 2022 descontos no IRPF, algo que xa a propia Lei Red Madre do ano 2011 contemplaba e que vostedes non só non cumpriron, senón que non quixeron votar a favor en ningunha ocasión das propostas que trouxemos desde o BNG.

Teñen vostedes moito que facer, non é para sacar peito, e o tempo apremia, porque a situación económica empeora e porque ademais estamos xogando cun dereito social que é ese recoñecemento...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas. Moitas grazas, rematou o seu tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...desa realidade crecente dos fogares galegos e da súa idiosincrasia.

(Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para réplica do Goberno ten a palabra a señora García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez):** Grazas, presidente.

Señora Presas, menos mal que aquí en Galicia o Partido Popular ten maioría absoluta, porque grazas a esa maioría absoluta Galicia conta cunha Lei de impulso demográfico que vostedes votaron en contra. (Aplausos.) Supoño que vostede sabe, señora Presas, por que votaron en contra desta lei, se llo recorda seguramente a señora Rodil. Porque contiña a palabra «familia», esa palabra, esas familias que Galicia vai continuar axudando e imos continuar apoiando; familias de todo tipo e, por suposto tamén, todas esas familias monoparentais, 42.000 concretamente familias monoparentais que teñen fillos menores de 25 anos ao seu cargo.

Pero a realidade tamén nos demostra, como vostede dicía, que estas familias van en aumento. Por iso queremos continuar apoiándoas e tamén dándolles visibilidade.

Na actualidade as familias monoparentais xa contan con máis apoios que nunca aquí en Galicia: prioridade no acceso ás escolas infantís e ás casas niño, prioridade aos centros educativos da Consellería de Educación, desconto do 50 % nos campamentos que organiza a Xunta de Galicia, taxas reducidas para esas familias nos nosos centros, nas nosas residencias de tempo libre, e tamén beneficios fiscais.

Estas familias, ao igual que as numerosas ou as que teñen persoas dependentes ao seu cargo, por ter condicións especiais, tamén necesitan dunha especial protección.

Como xa lles avancei na miña primeira intervención, no vindeiro mes sairá a exposición pública o decreto que regulará e que acreditará a condición de familia monoparental. E, unha vez aprobado este decreto, permitiranos que estas familias conten con máis seguridade xurídica, pero que tamén conten cun procedemento que unifique o acceso a posibles beneficios que poidamos sacar adiante as distintas administracións públicas.



Señorías, Galicia avanza, e Galicia avanza achegando máis ferramentas que nunca e máis recursos que melloran a vida de todas as familias galegas e, por suposto, tamén das familias monoparentais. Continuaremos traballando sen descanso na senda para facer da nosa Comunidade o mellor lugar para nacer e para vivir, porque Galicia é, e debe ser sempre, unha gran familia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, conselleira.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión.

*Remata a sesión ás dúas e corenta e cinco minutos da tarde.*







## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

